



BIBLIOTECA
LOVECRAFT

A SOMBRA SOBRE

INNSMOUTH

E O QUE ASEXA NA ESCURIDADE



BIBLIOTECA
LOVECRAFT



**A SOMBRA SOBRE
INNSMOUTH
E O QUE ASEXA NA ESCURIDADE**

A sombra sobre Innsmouth
e
O que asexua na escuridade

de

H. P. LOVECRAFT

URCO EDITORA

Galiza, 2020



Para ver este eBook coa calidade tipográfica que merece,
recomendamos o Pocketbook reader.

UNHAS PALABRAS DA EDITORIAL

Entre 2010 e 2014 Urco Editora acometeu o titánico e pretrenatural proxecto de traducir e publicar en 14 volumes a narrativa completa de H.P. Lovecraft, acompañada dun poemario e un ensaio. Esta Biblioteca Lovecraft tivo éxito entre o público xeral e nos centros de ensino, consolidándonos como o referente da literatura fantástica na Galiza.

Pasados os anos, coa colección en papel amortizada desde o punto de vista económico e no contexto da pandemia da COVID-19, onde a inmediatez e o dixital cobran pulo, preguntámosnos: por que non «liberar» estes textos para o seu uso libre e gratuito por parte de todo o mundo? A fin de contas, nas raíces da nosa filosofía sempre estiveron o Creative Commons e o Software Libre.

Os textos orixinais foran traducidos, se ben pola mesma man, ao longo de varios anos. Da mesma forma, a revisión correra ao cargo de varias persoas. Hoxe, coa experiencia gañada, podemos retornar eles para cohesionar criterios e producir unha edición definitiva. Isto coloca a nosa lingua nunha situación excepcional: non existe outra literatura no mundo que teña a día de hoxe unha edición traducida, cohesionada, dixital e de libre acceso da obra completa do Solitario de Providence.

Finalmente, a Biblioteca non estaría completa sen un novo volume que achegase valor. Así nace o volume XV, compendio de artigos e ferramentas útiles para contextualizar a obra e figura de Lovecraft que agardamos resulte tanto de interese para o público desexoso de saber máis como para as docentes que queiran achegar estes textos ao seu alumnado.

O contido íntegro deste proxecto en ePUB está dispoñíbel para descarga gratuita no noso site web, e nas mesmas ligazóns podes achar maneira de mercar o libro en papel, se preferes o formato clásico.

Sen máis, dámosche a benvida á Biblioteca Lovecraft Dixital.

Galiza, outono de 2020.



INTRODUCCIÓN

Continuamos o noso periplo polos medos máis primarios do ser humano co cuarto volume da nosa biblioteca Lovecraft, que recolle unha das obras máis emblemáticas do solitario de Providence, *The Shadow over Innsmouth*, xunto con *The Haunter of the Dark*.

A primeira, unha noveliña curta dividida en cinco capítulos, ten unha historia un tanto estraña, posto que o xeito en que se publicou foi algo anómalo. Lovecraft escribiu *The Shadow over Innsmouth* a finais de 1931, mais considerouna aborrecíbel do punto de vista estilístico (non podo estar máis en desacordo), polo que non se atreveu a enviala a ningures, convencido de que calquera *pulp* da época a rexeitaría. August Derleth, coñecido por ser un dos integrantes do chamado «círculo de Lovecraft» e posterior editor da obra deste, enviou o manuscrito pola calada a Farnsworth Wright, que era o editor de *Weird Tales* na altura, en 1933, e este confirmou a imposibilidade de publicala debido á extensión da mesma e á dificultade para dividila. Finalmente viu a luz en abril de 1936 como novela independente, baixo o selo da efémera Visionary Publishing Company, cunha tiraxe ultrarreducida de 200 exemplares e após a morte do autor, no ano 1942 *Weird Tales* publicou unha versión abreviada e non autorizada da mesma.

Non deixa de ser curioso que unha obra rexeitada polo seu propio autor chegase a ter a tanta sona na posteridade, mais o certo é que *The Shadow over Innsmouth* é unha das narracións máis emblemáticas de Lovecraft e unha onde o seu «terror materialista» está mellor conseguido. Neste caso o motivo do horror non é unha entidade extraterrestre, un deus primixenio ou unha cidade precataclísmica, senón algo máis sutil e cotián, algo máis próximo e, polo tanto, estarrecedor. O tema da dexeneración social, moral e mesmo xenética dunha comunidade

humana illada non é novo nin sorprendente na literatura terrorífica, mais a dimensión á que chega nesta novela curta é moito máis que notábel, para se converter en fonte de inspiración de moitos. Non se pode negar un certo compoñente racista, derivado desa idea do noxo que inspiraban naquel tempo as mesturas raciais, mais este tampouco é o lugar axeitado para facer xuízos de valor sobre a corrección política das historias lovecraftianas na actualidade. En resumo, *The Shadow over Innsmouth* é unha historia trepidante, inspiradora e que, para ben ou para mal, a ninguén deixará frío.

O conto que completa este volume, titulado *The Haunter of the Dark*, é unha das narracións dos Mitos de Cthulhu máis queridas polo que asina esta introdución. O motivo é que se trata dun magnífico exemplo de como funcionaba a reciprocidade e a retroalimentación entre os autores próximos a Lovecraft, algo moi semellante ás modernas Creative Commons ou o Software Libre e moi afastado a un tempo do celo enfermizo pola propiedade intelectual que afecta tantos escritores da actualidade. Este conto, escrito en novembro de 1935 e publicado no número de decembro de 1936 de *Weird Tales* é unha secuela da historia *The Shambler from the Stars*, de Robert Bloch, que viu a luz en setembro de 1935, na mesma publicación periódica. Lovecraft, entusiasmado pola idea do vampiro estelar do seu colega, creou unha historia clásica de terror sobrenatural protagonizada polo seu compañeiro escritor, oculto tras o nome «Robert Harrison Blake». Bloch, pola súa banda, «respondeu» a esta historia con outra secuela en 1950, titulada *The Shadow from the Steeple*, creando así unha triloxía de contos arredor dun dos múltiples rostros de Nyarlathotep.

Lovecraft sempre foi un autor xeneroso en canto ao seu legado literario. Desde sempre recoñeceu as súas influencias, empregou material dos seus mentores e compañeiros, e animou os seus seguidores a facer o mesmo co seu propio material. A fin de contas, o Solitario de Providence non estaba tan só, xa que foi como a detonación que crea unha onda

xigantesca, e malia que morreu pobre, grazas á súa xenerosidade, a literatura de terror deu un enorme salto cualitativo, polo que segue a ser respectado como un dos máis grandes mestres do horror moderno. Sería unha ironía do destino que todos aqueles escritores que viven na riqueza e protagonizan constantes preitos na defensa do que eles consideran a súa «propiedade intelectual» caesen no esquecemento e se esvaecesen no mesmo lugar e pola mesma causa pola que Howard Phillips Lovecraft vive para sempre.

Tomás González Ahola

A SOMBRA SOBRE INNSMOUTH

[*The Shadow over Innsmouth* foi escrita en novembro de 1931 e publicada en abril de 1936, sendo a única obra de Lovecraft que non se publicou nunha revista, senón como volume independente.]

CAPÍTULO I

Durante o inverno de 1927 a 1928, uns oficiais do goberno federal realizaron unha estraña e secreta investigación arredor de certas cuestións no antigo porto pesqueiro de Innsmouth, Massachusetts. A primeira vez que se fixo pública foi no mes de febreiro, cando tiveron lugar unha grande serie de redadas e detencións, seguidas da queima e dinamitado deliberados e baixo as precaucións axeitadas dunha enorme cantidade de casas medio derruídas, comidas polos vermes e supostamente baleiras que se aliñaban ante a costa. A xente menos propensa a facerse preguntas atribuíulle os feitos a unha das maiores operacións dentro da intermitente guerra contra o licor.

Os seguidores dos xornais máis perspicaces, no entanto, preguntáronse o porqué do prodixioso número de arrestos, da cantidade anormalmente grande de efectivos que se empregaron para facelos e do misterio que rodeou o trato dos prisioneiros. Non houbo xuízos, ou cando menos non se publicaron sentenzas definitivas; tampouco se viu os cativos máis tarde en ningunha das cadeas normais da nación. Houbo

algúns rumores vagos sobre enfermidades e campos de concentración, e máis tarde falouse de dispersión en diferentes prisións navais e militares, mais nunca se tirou nada en limpo. A propia Innsmouth ficou case despoboadada e só agora está comezando a amosar signos dunha vida que vai rexurdindo aos poucos.

As queixas de moitas organizacións liberais levaron a longos debates confidenciais e os representantes de devanditas organizacións foron levados a visitar algúns campos e prisións. O resultado foi que estas asociacións volvéronse sorprendentemente pasivas con respecto ao tema. Os xornalistas eran máis difíciles de controlar, pero a maior parte acabou por cooperar co goberno á fin. Só un xornal, un tabloide a miúdo desprestixiado pola súa falta de rigor, mencionou que un submarino descargou torpedos na foxa mariña que hai xusto ao outro lado do Arrecife do Diaño. Esta información, que foi recollida por casualidade nunha taberna de pescadores, semellaba bastante fantástica, posto que aquel arrecife baixo e escuro está a unha boa milla e media da baía de Innsmouth.

A xente de todo o condado e das vilas próximas murmuraban sobre graves acontecementos, mais pouco contaban aos de fóra. Levaban falando da moribunda e medio deserta Innsmouth durante case un século e non había nada novo do que puidesen falar que fose máis estraño e terríbel que o que levaban rumoreando ao longo de todos aqueles anos. Aprenderan a gardar silencio por moitos motivos, e non había necesidade ningunha de meterlles presión. Alén diso, no fondo non sabían moita cousa, xa que as amplas brañas de auga salgada, desoladas e deshabitadas, mantiñan afastados os veciños.

Mais finalmente teño que desafiar o silencio imposto sobre este asunto. Estou certo de que os resultados son tan sólidos que non provocarán ningún dano, agás un sentimento de repulsión ante aquilo que atoparon os horrorizados axentes que entraron en Innsmouth. Así e todo, o que acharon se cadra pode ter máis dunha explicación. Non teño

moi claro canto me contaron do conxunto da historia e teño moitas razóns para non profundar máis. Posto que o meu contacto con este asunto foi máis próximo que o de calquera outro profano na materia, obtiven certas impresións que axiña me van ter que levar a tomar medidas drásticas.

Eu fun quen fuxiu espavorecido de Innsmouth nas primeiras horas daquela mañá do 16 de xullo de 1927, e cuxos temerosos chamamentos para que o goberno abrise unha investigación e actuase deron como resultado todo este episodio. Quixen ficar calado mentres o asunto estaba fresco e non se coñecía como ía rematar. Agora que xa é unha historia pasada que non interesa ao público e que xa non esperta curiosidade, teño unha estraña ansia de falar polo baixo do que me aconteceu nas estarrecedoras horas que pasei naquel porto de mar de mala fama, sombras malignas, morte e blasfema anormalidade. Só o feito de contalo axúdame a recuperar a confianza nas miñas facultades mentais, para asegurarme de que eu non fun o primeiro en sucumbir a unha contaxiosa alucinación de pesadelo. Tamén me axuda a preparar a miña mente no tocante a certo chanzo terríbel que se acha en fronte de min.

Nunca ouvira nada sobre Innsmouth até o día antes de velo pola primeira e até agora última vez. Celebraba a miña maioría de idade facendo unha viaxe de interese paisaxística, anticuaria e xenealóxica por Nova Inglaterra, e planeara ir directamente desde a antiga Newburyport até Arkham, de onde proviña a familia da miña nai. Non tiña coche, mais viaxaba en tren, tranvía e autobús, sempre buscando o máis barato. En Newburyport díxéronme que o mellor para chegar a Arkham era o camiño de ferro e foi alí, na oficina de venda de billetes, cando me queixaba do alto prezo dos mesmos, cando ouvín falar de Innsmouth por primeira vez. O axente, de rostro duro e perspicaz, non tiña sotaque do lugar, e pareceu comprender os meus esforzos por aforrar, logo suxeríume algo que ningún outro me dixera.

—Supoño que podes coller o autobús, —dixo cun ar algo dubitativo

— mais non o usa moita xente de aquí. Vai por Innsmouth, supoño que ouvirías falar do lugar, e algunha xente non gusta. Condúceo un tipo de Innsmouth que se chama Joe Sargent, mais paréceme que nunca recolle pasaxeiros de aquí nin de Arkham. Abráíame que siga mantendo esa liña. Supoño que é barato dabondo, aínda que nunca vin máis de dúas ou tres persoas a bordo, e sempre xente de Innsmouth. Sae da praza, en fronte da drogaría Hammond, ás dez da mañá e ás sete da tarde, a menos que cambiasen ultimamente os horarios. Parece unha rateira horrorosa, aínda que nunca montei nel.

Iso foi o primeiro que ouvín sobre a sombriza Innsmouth. Calquera referencia a unha vila que non aparecese nos mapas normais ou que non estivese listada nas últimas guías turísticas interesábame, e o xeito estraño co que o axente se referiu ao lugar espertou en min algo semellante á auténtica curiosidade. Unha vila capaz de inspirar tal repulsión aos seus veciños, pensei, debe ser como mínimo rara e polo tanto interesante para un turista. Se estaba antes de Arkham podía determe alí, polo que pedín ao axente que me falase un pouco dela. Era un tipo bastante pausado e falaba con certo ar de superioridade.

—Innsmouth? Ben, é unha especie de vila estraña na boca do Manuxet. Antes era case unha cidade, un gran porto antes da guerra de 1812, mais veuse abaixo nos últimos cen anos máis ou menos. Xa non ten tren e a liña que ven de Rowley está abandonada desde hai anos.

»Ten máis casas abandonadas que xente e tampouco hai industria, agás a pesca e as lagostas. Todo o mundo fai os negocios aquí, en Arkham ou en Ipswich. Hai tempo tiveron muíños, mais agora xa non queda nada agás a refinaría de ouro, que está parada case sempre.

»A refinaría chegou a ser unha grande industria. O vello Marsh, que é o dono, seguro que é máis rico que Creso. É un tipo raro, así e todo, e pasa a vida encerrado na casa. Disque contraeu algunha clase de enfermidade da pel, ou unha deformidade, xa de maior, o que fai que se manteña fóra da vista dos demais. É o neto do capitán Obed Marsh, o

fundador do negocio. A súa nai seica era forasteira, disque das illas do Mar do Sur, polo que todo o mundo entrou en cólera cando casou cunha moza de Ipswich hai cincuenta anos. Sempre pasa o mesmo cos de Innsmouth, e a xente de aquí e acolá sempre intenta ocultalo se ten sangue dese lugar. Mais os fillos e os netos de Marsh teñen o mesmo aspecto que calquera outro. Algunha vez andan por aquí, aínda que a dicir verdade os fillos maiores non se deixan ver ultimamente. Nunca vin o vello.

»Que por que todo o mundo é tan esquivo sobre o tema de Innsmouth? Ben, rapaz, non lle deberías facer moito caso ao que a xente di por aquí, éche cousa difícil que comecen a falar do asunto, pero unha vez que o fan non paran. Levan contando historias sobre Innsmouth, sobre todo murmurándoas, durante os últimos cen anos, creo eu, e penso que máis que nada o que teñen é medo. Algunhas das historias faríanche rir, as que contan que o capitán Marsh fixo tratos co diaño e trouxo enxendros do inferno para vivir na vila. Ou as que falan dalgunha clase de adoración diabólica e de sacrificios terribes nalgún lugar próximo aos peiraos que tivo lugar arredor do ano 1845 ou por aí. Mais eu veño de Panton, Vermont, e esa clase de historias non van comigo.

»Así e todo deberías ouvir algúns vellos falar do arrecife negro que hai preto da costa, o Arrecife do Diaño chámanlle. Pódese ver sobre a superficie unha boa parte do tempo e poucas veces está afundido, mais dificilmente se pode dicir que é unha illa. Contan que aí habita toda unha lexión de diaños que ás veces se ven sobre o arrecife, deitados ou entrando e saíndo dalgunha clase de covas que teñen preto da superficie. Éche un vulto escabroso e desigual, a bastante máis dunha milla da costa e os mariñeiros adoitaban dar grandes rodeos para evitalo.

»Iso si, só os mariñeiros que non son de Innsmouth. Unha das cousas que tiñan contra o capitán Marsh era que se supuña que ía até o arrecife ás noites cando a marea era a correcta. Ao mellor si que o facía, pois teño que dicir que a forma da rocha é interesante, e mesmo é posíbel que

estivese a buscar un botín pirata ou que xa o atopara, mais a xente contaba que o que facía alí eran tratos cos demos. A cousa é que penso que foi o capitán quen lle deu mala reputación ao arrecife.

»Iso aconteceu antes da grande epidemia de 1846, que varreu máis da metade da poboación de Innsmouth. Nunca se soubo moi ben a causa, mais probabelmente foi algunha enfermidade foránea que trouxeron os barcos desde China ou dalgún outro lugar. E foi ben grave, xa que houbo disturbios e toda clase de feitos terribes que non pasaron das fronteiras da vila e que deixaron o lugar cun aspecto horroroso. Nunca volveron levantar cabeza e agora non creo que haxa máis de trescentos ou catrocentos habitantes.

»Mais o que acontece no fondo é que a xente ten prexuizos raciais contra os de Innsmouth, e non a culpo por iso. Mesmo a min me dan noxo e non vou nunca por alí. Supoño que saberás, aínda que a xulgar polo teu acento es do oeste, que en Nova Inglaterra moitos barcos adoitaban facer negocios en estraños portos da África, Asia, os Mares do Sur e noutros lugares, e que as xentes raras destes sitios ás veces viñan abordo. Probabelmente ouviches falar dun home de Salem que volveu cunha esposa chinesa e ao mellor tamén sabes que aínda hai unha comunidade de nativos de Fiji nalgún lugar preto de Cape Cod.

»E ben, a xente de Innsmouth debe de ter algunha desas mesturas. O lugar sempre estivo illado do resto da comarca por brañas e regatos, así que tampouco podemos estar certos do que acontece alí realmente, aínda que está bastante claro que o vello capitán Marsh debeu de traer á casa algúns tipos estraños cando tiña unha flota de tres barcos nos anos vinte e trinta. Abofé que hai algunha clase de trazo estraño nos actuais habitantes da vila, e non sei como explicalo, pero dá certo arrepío. Notaralo un pouco en Sargent se colles o autobús. Algúns deles teñen a cabeza rara e estreita, co nariz chato e ollos saltóns e brillantes que parece que nunca pestanexan, e non teñen a pel normal. Téñena áspera e costrosa, e polos lados do pescozo está como pregada. Tamén perden o

cabelo moi novos. Os máis vellos teñen un aspecto horroroso, e a verdade é que non creo que vise nunca ningún deles de idade moi avanzada. Supoño que morrerán do susto ao mirarse no espello. Os animais ódianos e adoitaban ter bastantes problemas cos cabalos antes de que viñese o automóbil.

»Ninguén de por aquí nin de Arkham nin de Ipswich ten negocios con eles, e actúan de xeito esquivo cando veñen á vila ou cando alguén intenta pescar nos seus caladoiros. É estraña a cantidade de peixe que hai sempre na baía de Innsmouth cando non o hai en ningún outro lugar dos arredores, mais como intentes pescar alí seguro que te botan! Adoitaban vir até aquí polo camiño de ferro, primeiro camiñando e despois en tren desde Rowley, despois de que se eliminase a súa liña, mais agora empregan ese autobús.

»Si, hai un hotel en Innsmouth, chámanlle o Gilman House, mais non creo que teña moitos clientes. Mellor será que non quedes alí. O mellor vai ser que te aloxes por aquí e que collas o autobús que sae mañá ás dez da mañá. Logo podes coller o que sae de Innsmouth para Arkham ás oito da tarde. Seica un inspector de industria parou no Gilman hai un par de anos e trouxo toda unha serie de impresións nada agradábeis do lugar. Semellaba que había unha estraña multitude no interior do edificio, xa que o paisano ouviu voces que viñan dos outros cuartos e que lle xearon o sangue, aínda que case todo o hotel estaba baleiro. Falaban nunha lingua estranxeira, mais dixo que o peor era algunha voz que falaba ás veces. Contou que soaba tan antinatural, como se fose un bicho a chapucar, que nin se desvestiu para meterse na cama. Estivo toda noite sen fechar o ollo e ergueuse coas primeiras luces da mañá. Os murmurios duraran case toda a noite.

»Este tipo, que se chamaba Casey, tiña moito que dicir sobre como o miraba a xente de Innsmouth como pódose en garda. Descubriu que a refinaría de Marsh era un lugar estraño, edificada nun vello muíño nos saltos inferiores do Manuxet. O que dixo concorda co que ouvín. Libros

de mal aspecto e ningunha conta clara sobre os seus negocios. Sempre foi un misterio de onde conseguen o ouro para a súa refinaría os Marsh. Nunca parece que merquen nada, mais hai anos despachaban unha enorme cantidade de lingotes.

»Adoitábase falar sobre unhas raras xoias estranxeiras que ás veces os mariños e os traballadores da refinaría vendían ás agachadas, ou coas que se engalanan ás veces algunhas das mulleres da familia de Marsh. A xente pensa que se cadra o vello capitán Obed as mercaba nalgún porto pagán, especialmente porque mercaba moreas de abelorios e bagatelas de vidro como os que os mariños de altura empregaban para negociar cos nativos. Outros pensan e seguen a pensar que atopou un vello botín pirata no Arrecife do Diaño. Mais aquí vén o gracioso. O vello capitán leva morto sesenta anos e do porto non sae un barco de bo tamaño desde a Guerra Civil, mais polo que me contaron, os Marsh continúan a mercar os mesmos abelorios de vidro e bagatelas de goma para negociar con nativos. Se cadra os de Innsmouth gustan de se engalantar con eles, Deus sabe se dexeneraron até o punto de se pareceren aos caníbales dos Mares do Sur ou aos salvaxes de Guinea.

»Esa epidemia do corenta e seis debeu de segar o mellor sangue do lugar. Sexa como for, agora son unha manda de tipos raros e os Marsh e outras familias ricas son tan malos como calquera outro. Como xa che dixen, non creo que haxa máis de catrocentos habitantes en toda a vila, a pesar do seu tamaño. Son o que no sur chaman «lixo branco», tipos esquivos e esfarrapados, cheos de secretos. Sacan moreas de peixe e lagostas e expórtanas en camións. É ben rara a cantidade de peixe que hai aí, cando no resto dos sitios non o hai.

»Ninguén pode pescudar o que fan e os inspectores de educación e os funcionarios do censo xa se deron de bruzos con eles máis dunha vez. Podes estar seguro de que os forasteiros entremetidos non son benvidos en Innsmouth. Eu mesmo ouvín máis dunha historia sobre homes de negocios e mesmo funcionarios públicos que desapareceron alí, e falouse

moito sobre un que se volveu louco e que agora está no sanatorio de Danvers. Deberon de meterlle un bo susto no corpo ao pobre tipo.

»Por iso é polo que non pasaría a noite alí se fose ti. Nunca estiven e tampouco teño gana ningunha, mais supoño que pasar unhas horas durante o día non che pode facer mal, aínda que a xente de por aquí te intente convencer de que non o fagas. Se só queres facer turismo e ver algunhas antigüidades, Innsmouth pode ser un bo sitio.

Logo pasei unha boa parte da tarde na biblioteca pública de Newburyport, procurando información sobre Innsmouth. Cando intentei preguntar aos paisanos das tendas, dos restaurantes, os talleres e a estación de bombeiros, atopeime con que era bastante máis difícil sacarlles algo que o que xa me advertira o axente do ferrocarril, logo decidín que non ía perder o tempo en intentar romper a súa instintiva reticencia a falar. Tiñan algunha clase de escura suspicacia, como se non quixesen ter nada que ver con alguén que se interesaba demasiado naquela vila. Na sede da Y.M.C.A., onde estaba aloxado, o recepcionista limitouse a intentar convencerme de que non fose a tan funesto e decadente lugar, e os empregados da biblioteca adoptaron máis ou menos a mesma actitude. Estaba claro que a ollos da xente culta, Innsmouth era só un caso esaxerado de dexeneración cívica.

Os libros de historia do Condado de Essex pouco contaban, agás que a vila fora fundada en 1643 e era notábel polos seus estaleiros antes da Revolución, un asentamento próspero dedicado ao mar nos inicios do século XIX e máis tarde un centro industrial menor que empregaba as augas do Manuxet como fonte de enerxía. A epidemia e os disturbios de 1846 omitíanas na maior parte dos casos, como se se tratase dun descrédito para o condado.

As referencias á súa caída eran poucas, malia que os últimos datos que ofrecían non daban lugar á confusión. Despois da Guerra Civil toda a actividade industrial ficara reducida á Compañía Refinadora Marsh e o negocio dos lingotes de ouro constituía o único reduto do comercio, alén

da pesca. Esta última pagábase cada vez menos a medida que o prezo do produto caía e as grandes corporacións entraban a competir, mais nunca houbo escaseza de peixe na baía de Innsmouth. Os forasteiros rara vez se asentaban no lugar, e había certas evidencias discretamente ocultadas de que un determinado número de polacos e portugueses que o intentaran foran expulsados dalgún xeito peculiarmente drástico.

O máis interesante de todo era unha breve referencia ás estrañas xoias que se relacionaban vagamente con Innsmouth. Estaba claro que aquilo botara raíces profundas en toda a comarca, xa que se mencionaban certos exemplares gardados no museo da Universidade de Miskatonic de Arkham, e nunha sala de exposicións da sociedade histórica de Newburyport. As descrições fragmentarias que atopei sobre elas eran breves e prosaicas, mais transmitíronme unha estrañeza persistente e fóra do común. Tiñan algo tan estraño e arrepiante que non puiden tiralas da cabeza, polo que, a pesar do tarde que era, decidín ir ver a mostra que había na vila, que seica era un obxecto a modo de tiara de gran tamaño e estrañas proporcións.

A bibliotecaria deume unha carta de presentación para a conservadora da Sociedade, a señora Anna Tilton, que vivía nas proximidades, e logo dunha breve explicación, aquela anciá tivo a grande amabilidade de conducirme ao interior do edificio, que xa estaba fechado, aínda que tampouco era moi tarde. A colección que gardaban alí era notábel, sen dúbida, mais co meu estado de ánimo non tiña ollos máis que para o grotesco obxecto que brillaba baixo as luces eléctricas que iluminaban un andel dunha esquina.

Non lle fixen excesivo caso á súa beleza, mais si que afoguei un berro ante o esplendor estraño e ultraterreal daquela fantasía allea e opulenta que descansaba alí sobre un coxín de veludo púrpura. Mesmo agora dificilmente podo describir o que vin, aínda que estaba bastante claro que era algunha clase de tiara, tal e como explicaba a descripción. A parte dianteira era alta, cun perímetro moi grande e estrañamente irregular,

como se estivese deseñado para unha cabeza de forma estrañamente elíptica. O material semellaba principalmente ouro, aínda que posuía unha curiosa claridade que lle daba algunha rara aliaxe cun metal difícil de identificar mais igualmente belo. Estaba perfectamente conservada, e un podía pasar horas estudando o seus deseños abraiantes e fóra do común. Algúns deles eran simplemente xeométricos e outros claramente mariños, cicelados ou moldeados cun intenso relevo sobre a superficie, cunha técnica de incríbel mestría e harmonía.

Canto máis a miraba, máis me fascinaba, e nesta fascinación residía algo curiosamente perturbador difícil de clasificar ou de identificar. Nun primeiro momento decidín que o que me puña nervioso era a calidade case extraterrestre que tiña aquela arte. Todos os demais obxectos artísticos que vira antes pertencían a algunha corrente racial ou nacional, ou ben estaban encadrados nalgún desafío moderno ao clasicismo dalgunha corrente recoñecíbel. A tiara non encaixaba en nada. Estaba claro que pertencía a algunha técnica ben asentada cunha madurez e perfección infindas, mas esta técnica era extremadamente allea a calquera, fose oriental ou occidental, antiga ou moderna, das que eu ouvira falar ou vira directamente. Era como se o traballo pertencese a outro planeta.

No entanto, axiña comprendín que a miña inquietude tiña unha fonte secundaria e quizais igualmente importante, que residía nas suxestións pictóricas e matemáticas dos estraños deseños. Todos os patróns suxerían segredos remotos e abismos inimaxinábeis do espazo-tempo, e a natureza monotonamente acuática dos relevos tornouse case sinistra. Entre eles podíanse ver monstros fabulosos cun noxento aspecto maligno e grotesco, que suxerían unha mestura entre o mundo dos peixes e o dos batracios e que eu non era quen de dissociar de certa sensación de pseudomemoria estarrecedora e incómoda, como se espertasen algún recordo soterrado no máis fondo do meu ser, de funcións completamente primarias e ancestrais. Por momentos imaxinaba que cada contorno

daqueles blasfemos peixes destilaba a quintaesencia definitiva da maldade descoñecida e inhumana.

O aspecto da tiara contrastaba tremendamente coa breve e prosaica historia que relatou a señora Tilton. Fora vendida por unha suma ridícula nunha tenda de State Street, no ano 1873, por un borrachón de Innsmouth, que pouco despois morreu nunha liorta. A Sociedade adquiríraa directamente da casa de empeños e pagara un prezo acorde á súa calidade. Na catalogación consideraran que a súa orixe probábel era a India oriental ou Indochina, aínda que para ser francos fixéranlo ao chou.

A señora Tilton, ao comparar todas as posíbeis hipóteses arredor da súa orixe e a súa presenza en Nova Inglaterra, inclinábase a pensar que formaba parte dalgún exótico botín pirata que descubrira o vello capitán Obed Marsh. Esta visión vírase reforzada polas insistentes ofertas de compra a prezos moi altos que lle comezaran a facer os Marsh en canto souberon da súa existencia, e que seguían repetindo até o presente, a pesar da invariábel determinación da Sociedade a non vender.

Mentres a boa muller me acompañaba fóra do edificio fíxome saber que a teoría que atribuía unha orixe pirata á fortuna dos Marsh era ben popular entre a xente culta da zona. Mesmo o seu propio parecer arredor da sombría Innsmouth, que non visitara nunca, era de certa repugnancia ante unha comunidade que ía caendo na escala cultural, e aseguroume tamén que os rumores de adoración ao diaño estaban parcialmente xustificadas por un peculiar culto secreto que fora gañando forza no lugar e que acabara por desprazar as igrexas ortodoxas.



Dixo que lle chamaban «A Orde Esotérica de Dagon», que sen dúbida se trataba de algo carente de fundamentos e case pagán importado do Leste había un século, no tempo en que os caladoiros de pesca de Innsmouth semellaban estar a se esgotar. O seu éxito entre a xente inculta era facilmente explicábel por un retorno súbito e permanente da pesca

abundante, polo que este culto axiña se converteu no máis influínte da vila, chegando mesmo a substituír a francmasonaría e a empregar como sé principal a antiga Loxa Masónica, en New Church Green.

Para a relixiosa señora Tilton, todo isto supuña unha excelente razón para evitar aquela antiga vila de decadencia e desolación, mais para min era só un incentivo novo para a visitar. Engadín logo ás miñas expectativas arquitectónicas e históricas un agudo afán antropolóxico e apenas fun quen de durmir no meu pequeno cuarto da «Y» mentres a noite avanzaba.

CAPÍTULO II

Pouco antes das dez da mañá do día seguinte achábame xa cunha pequena maleta diante da drogaría Hammond, en Old Market Square, agardando polo autobús de Innsmouth. A medida que se aproximaba a súa hora de chegada, puiden percibir que a xente que estaba sentada no banco marchaba a outros lugares rúa arriba ou ao restaurante Ideal, que estaba do outro lado da praza. Estaba claro que o axente do ferrocarril non esaxerara no tocante ao desprezo que sentía a xente do lugar contra Innsmouth e mais os seus habitantes. Após un breve intre apareceu tremendo por State Street un autobús terriblemente escangallado e dunha cor gris sucia, que deu a curva e parou xusto ao meu carón. Souben decontado que era o que eu agardaba, e unha ollada ao cartel case ilexíbel do parabrisas, que puña Arkham-Innsmouth-Newburyport, axiña o corroborou.

Só traía tres pasaxeiros, xente morena e desleixada de rostro desapracíbel e de mirada estrañamente viva. Cando o vehículo parou baixaron con torpeza e emprenderon o seu camiño rúa arriba dun xeito silencioso e case furtivo. O condutor tamén baixou e eu mireino entrar na drogaría, supoño que para mercar algo. Supuxen que debía de tratarse do tal Joe Sargent que mencionara o axente do ferrocarril e antes de fixarme

en calquera outro detalle del sentín unha ondada de aversión que non podía explicar. De súpeto pareceume do máis natural que a xente do lugar non quixese montar nun autobús que rexentaba e conducía ese home, nin mesmo visitar con máis frecuencia da estritamente necesaria o lugar onde vivía semellante tipo e os seus.

Cando o condutor saíu da tenda mireino máis polo miúdo e tentei determinar a orixe da miña primeira e maligna impresión. Era un tipo fraco e de ombros caídos, de non máis dun metro cincuenta e pouco de alto, que ía vestido cunha roupa gastada e unha gorra de golf esfiañada. Debía de ter como trinta e cinco anos, mais as engurras estrañas e fondas dos lados do pescozo facíanlo parecer máis vello se un non reparaba no seu rostro opaco e inexpresivo. Tiña a cabeza estreita, avultada, os ollos dun azul acuoso que parecían non pestanexar nunca, o nariz chato, a fronte e o queixelo fuxidíos e as orellas sorprendentemente pouco desenvolvidas. O largo beizo superior e os pómulos cheos de poros non amosaban trazas de barba, agás por algúns pelos amarelos rizados espaxados en parches irregulares. Nalgúns sitios a pel parecía estrañamente irregular, como se estivese pelando a causa dunha enfermidade cutánea. Tiña unhas mans grandes nas que sobresaían as veas, dunha cor medio gris medio azul. Os dedos eran sorprendentemente curtos en comparación co resto da man, e parecía que tiñan a tendencia a curvarse contra a grande palma. Mentres ía cara ao autobús observei o xeito no que camiñaba arrastrando os pés, que eran inmensos. Canto máis me fixaba neles, máis me abraiaba de que puidese atopar algún calzado no que puidesen entrar.

Un certo fedor nauseabundo que rodeaba o individuo aumentou o meu desgusto. Seguramente traballaba ou vivía preto dos peiraos e levaba con el unha parte do seu cheirume característico. Así e todo, non fun quen de identificar que clase de sangue estranxeiro corría polas súas veas. As súas peculiaridades non parecían asiáticas, polinesias, mediterráneas ou africanas, polo que puiden entender o motivo polo que á xente lle parecía de fóra. Eu mesmo pensei en que se cadra se trataba máis dunha

dexeneración biolóxica que dunha mestura étnica.

Fiquei cortado cando vin que non había máis pasaxeiros a bordo do autobús. Dalgún xeito non gustaba da idea de ir só con aquel condutor. Mais como se aproximaba a hora da saída, enfronteime aos meus medos e seguino a bordo, estendínlle un billete de dólar e murmurei só «Innsmouth». Olloume con curiosidade durante un segundo mentres me devolvía corenta centavos de troco sen dicir nin un chío. Sentei bastante por detrás del, aínda que do mesmo lado, posto que desexaba ver a costa durante a viaxe.

Finalmente o decrepito vehículo arrincou cunha sacudida e troupeleou ruidoso entre os vellos edificios de tixolo de State Street, deixando atrás unha nube de fume. Ao ollar para a xente que camiñaba polos paseos crin notar neles un estraño desexo por evitaren mirar o autobús ou cando menos un desexo por disimular que o miraban. Despois viramos á esquerda por High Street, onde o tráfico era máis fluído, e pasamos entre unhas maxestosas e antigas mansións dos primeiros anos da república e entre outras casas coloniais máis antigas aínda. Atravesamos Lower Green e Park River e finalmente saímos a unha longa e monótona extensión de campos que daban ao mar.

O día era caloroso e asollado, aínda que a paisaxe de area, xuncos e matogueiras íase volvendo máis e máis desolada a medida que avanzabamos. Pola xanela puíden ver a auga azul e a liña areosa de Plum Island, e mesmo pasamos moi preto da praia cando a nosa estreita estrada se desviou da principal que ía a Rowley e Ipswich. Non se vían casas, e polo estado da estrada podería dicir que case non soportaba tráfico. Os postes do teléfono, gastados polo clima, só levaban dous cables. Aquí e acolá cruzamos por algunhas bastas pontes de madeira que cruzaban regatos inundados polas mareas que se internaban lonxe terra dentro, aumentando así o isolamento xeral da rexión.

Dunha volta vin restos de troncos e de muros sobre a area amoreada e lembrei o que contaba un dos libros de historia que lera, sobre que esta

fora antano unha terra fértil e moi poboada. As mudanzas, dicían, comezaran ao mesmo tempo que a epidemia de 1846 en Innsmouth, e a xente inculta pensaba que tiña que ver con algunhas forzas ocultas do mal. Na realidade, o motivo era que cortaran sen moito sentido varios bosques próximos á costa, polo que o chan ficara sen a súa mellor protección e abríralle o camiño ás ondas e á area que traía o vento.

Finalmente perdemos de vista Plum Island e vimos a vasta extensión do Atlántico á nosa esquerda. O noso estreito camiño comezou a subir máis e máis, e notei un particular sentimento de inquietude cando ollei para a solitaria crista que se erguía diante, onde a estragada estrada se encontraba co ceo. Era como se o autobús fose continuar o seu ascenso, deixando finalmente a terra para mesturarse cos segredos arcanos da estratosfera e o ceo críptico. O cheiro do mar traía ominosas implicacións e o silencioso condutor, coas costas ríxidas e a cabeza estreita, íase tornando máis e máis odioso. Cando ollei para el decateime de que tiña a caluga case tan carente de cabelo como o rostro, pois só contaba cunhas poucas serdas rizadas espaxadas por aquela superficie gris e irregular.

Logo acadamos o cumio e contemplei o val que se estendía abaixo, onde o Manuxet se une co mar ao norte dos grandes cantís que acaban en Kingport Head e viran cara a Cape Ann. Sobre o horizonte afastado e neboento só puideron dexergar o perfil difuso do promontorio coroado por aquela casa estraña e antiga da que se contaban moitas lendas. Mais naquel momento toda a miña atención estaba centrada pola vista máis próxima que aparecía xusto debaixo. Decateime de que á fin me achaba cara a cara coa mal afamada Innsmouth.

Era unha vila extensa e de edificios moi xuntos, aínda que cunha portentosa escaseza de vida visíbel. Da madeixa de chemineas apenas saía un pouco fume, e tres altos campanarios erguíanse sombrizos e despintados contra o horizonte mariño. Un deles estaba medio derruído, e tanto nese como noutro só había uns furados negros onde antano houbera campás. A vasta extensión de decrepitos tellados abufardados e a

varias augas transmitía cunha ofensiva claridade a idea da decadencia acarunchada e cando nos aproximamos pola estrada que agora descendía puiden ver que varios deles xa estaban todos comidos. Había algunhas grandes casas cadradas de estilo Xeorxiano tamén, con tellados a catro augas, cúpulas e galerías acristaladas. A maior parte delas estaban ben lonxe da auga, e unha ou dúas semellaban estar nun estado moderadamente bo. Estendéndose terra dentro entre elas puiden ver o camiño de ferro abandonado, que estaba enferruxado e cuberto de herba, flanqueado por uns postes de teléfono inclinados carentes xa de cables, e tamén puiden ver as liñas escuras das vellas estradas que ían a Rowley e a Ipswich.

A decadencia era peor na zona próxima ao mar, aínda que no medio e medio das casas puiden albiscar a torre branca dunha estrutura de tixolo bastante ben conservada que semellaba unha pequena fábrica. A baía, bordeada pola area, estaba fechada por un antigo dique de pedra, sobre o que puiden distinguir as diminutas formas duns poucos pescadores sentados e en cuxo final aparecían os alicerces dun faro xa desaparecido. Pola cara interior desta barreira formárase unha lingua de area e sobre ela puiden albiscar algúns choios miserentos, uns botes amarrados e unhas poucas nasas esparexidas. A única zona profunda parecía ser por onde pasaba o río, preto do edificio da torre, e viraba despois para unirse ao océano ao final do dique.

Aquí e acolá as ruínas dos peiraos saían da liña da costa para rematar nun punto indeterminado de podremia, e os de máis ao sur semellaban os máis deteriorados. E mar dentro, malia a marea alta, puiden dexergar unha liña longa e negra que apenas se erguía do nivel da auga, mais que suxería unha estraña malignidade latente. Souben que ese debía de ser o Arrecife do Diaño. Mentres o ollaba sentín unha sutil sensación de que me miraba, o que se engadiu á sombriza repulsión que xa me inspiraba, e descubrín que esta sensación era máis perturbadora que a primeira.

Non cruzamos con ninguén na estrada, mais comezamos a pasar por

granxas abandonadas en diferentes estados de decrepitude. Logo vin unha serie de casas habitadas que tiñan uns farrapos tapando as xanelas rotas e espiñas de peixe tiradas polos patios abandonados. Nun par de ocasións puideren ver algunhas persoas de aspecto lánguido traballando nos seus xardíns ou mariscando na cheirenta praia de máis abaixo e grupos de nenos sucios e de aspecto simiesco que xogaban nas escaleiras cubertas de herba das casas. Dalgún xeito toda esta xente tiña un ar máis inquietante aínda que os lúgubres edificios, xa que case todos contaban con certas peculiaridades nos seus trazos das que eu instintivamente non gustaba, sen poder explicalo nin comprendelo. Durante un segundo pensei que ese aspecto tan particular me suxería algunha pintura que eu vira, se cadra nun libro, baixo circunstancias de especial horror e tristeza, mais este medio recordo pasou moi axiña.

Cando o autobús chegou abaixo de todo comecei a ouvir o ton constante dunha ferverza que rompía a quietude antinatural. As casas inclinadas e sen pintar volvéronse máis numerosas e xa flanqueaban ambos os dous lados da estrada, cun estilo máis urbano que as que deixáramos atrás. A imaxe que tiña diante xa se convertía nunha rúa, e en certos puntos puideren ver trazas dun xa desaparecido lastrado de pedra e dun paseo de lousas. Todas as casas semellaban abandonadas e nalgúns lugares as chemineas arruinadas e as paredes duns sotos evidenciaban onde se esborrallaran algúns edificios. E por riba de todo dominaba o máis nauseabundo fedor a peixe que se poida imaxinar.

Axiña comezaron a aparecer as rúas perpendiculares e os cruzamentos. As da esquerda levaban a reinos de inmundicia e ruína non pavimentada, mentres que as da dereita amosaban panoramas de grandeza xa pasada. Até o momento non vira xente na vila, mais aquí e acolá albisquei signos de vida esparexida como algunhas xanelas con cortinas e de cando en vez un vello coche aparcado. Tanto o lastrado como os paseos comezaban a estar en mellor estado e malia que as casas eran ben vellas, principalmente estruturas de madeira e tixolo de inicios

do XIX, obviamente eran habitábeis. Como seareiro das antigüidades case deixei de lado aquel fedor noxento e o sentimento de ameaza e repulsión cando entrei neste rico e inalterado vestixio do pasado.

Mais non había chegar ao meu destino sen unha fortísima impresión de noxo. O autobús chegara até unha especie de rotonda ou praza flanqueada a ambos os dous lados por senllas igrexas e cos restos dunha pequeno parque circular no centro. Ollei para un edificio de grandes piares que se erguía xusto no cruzamento da dereita. A pintura do mesmo, branca noutro tempo, amosábase agora gris e escunchada, e o signo negro e dourado do frontispicio esvaecérase co que só con moita dificultade puideren ler as palabras «Orde Esotérica de Dagon». Velaquí estaba a antiga loxa masónica agora dedicada a un culto degradado. Mentres me concentraba en descifrar a inscrición sorprendéronme subitamente os rancos tons dunha campá escachada que viñan do outro lado da rúa, e axiña vireime para ver pola xanela do meu lado.

O son proviña dunha achaparrada igrexa de pedra, claramente máis tardía que o resto das casas, que fora construída nun torpe estilo gótico e que contaba cun zócalo desproporcionadamente alto que amosaba unhas xanelas fechadas. Malia que do lado que eu estaba as agullas do reloxo xa non se vían, souben que aqueles tanxidos afónicos eran os das once da mañá. Logo, subitamente, todos os meus pensamentos arredor da hora que era víronse varridos por unha visión de aguda intensidade e horror imposible de describir, que me atrapou antes mesmo de saber o que era en realidade. A porta do zócalo da igrexa estaba aberta e amosaba un rectángulo de negrura no interior. Mentres o ollaba, certo vulto cruzou ou semellou cruzar diante do rectángulo escuro, espertando na miña cabeza unha momentánea idea de pesadelo que foi aínda máis enlouquecedora cando ao analizala non puideren ver ningunha calidade de pesadelo nela.

Era algo vivo, o primeiro ser vivo, quitando o condutor, que vira desde que entrara no centro urbano, e se non tivese os nervios en tensión, non atoparía nada terrorífico naquilo. Na realidade só se trataba dun

sacerdote vestido cunhas roupaxes bastante peculiares, introducidas sen dúbida desde que a Orde de Dagon modificara os cultos das igrexas locais. O elemento que probabelmente me chamou a atención ao comezo e que espertou en min un terror estraño foi a alta tiara que levaba, un duplicado case exacto da que a señora Tilton me amosara a tarde anterior. Isto puxera en funcionamento a miña imaxinación, fornecendo de sinistras e innomeábeis calidades o rostro invisíbel e a figura que se ocultaba baixo a túnica. Axiña decidín que non existía razón algunha pola que debera sentir aquel arrepiante golpe de maligna pseudomemoria. Acaso non era normal que un culto misterico local adoptase como parte do seu uniforme un particular toucado que se fixera coñecido entre a comunidade se cadra dun xeito estraño, por formar parte dun tesouro, por exemplo?

Algunha xente de aspecto repulsivo aparecía agora polas beirarrúas en silenciosos grupos de dous ou tres ou ben sós. As plantas baixas das escangalladas casas ás veces albergaban pequenas tendas con rótulos esluídos, e tamén me fixei nun ou dous camións aparcados cos que nos atopamos ao paso. O son de fervenza fíxose máis e máis claro, e de súpeto vin a gorxa dun río bastante fondo, que cruzaba unha ponte larga de aceiro e que ía dar a unha gran praza do outro lado. Ao pasarmos pola ponte ollei para os dous lados e albisquei algúns edificios industriais nas marxes cubertas de maleza. Abaixo a auga era moi abundosa e puideren ver dous grandes saltos río arriba, á miña dereita, e cando menos outro á esquerda, río abaixo. Nese lugar o ruído era case enxordecedor. Logo penetramos na gran praza semicircular que había da outra marxe e paramos do lado dereito, diante dun grande edificio coroado cunha cúpula, que tiña restos de pintura amarela e un cartel medio borrado que rezaba «Gilman House».

Sentinme ben contento de baixar daquel autobús e dirixinme axiña á recepción do hotel para consignar alí a miña maleta. Só se vía unha persoa, un tipo moi vello que non tiña o que eu xa dera en chamar «pinta

de Innsmouth», mais decidín non preguntarlle por ningún dos asuntos que me alarmaban, xa que lembrei os acontecementos estraños que tiveran lugar nese mesmo hotel. Logo saín á praza, vin que o autobús xa saíra e estudei a escena con calma e minuciosidade.

Un lado do espazo empedrado estaba limitado pola liña recta do río, o outro era un semicírculo de edificios de tixolo con tellados de lousa, máis ou menos da época de 1800, e desde alí saían varias rúas de xeito radial cara ao sueste o sur e o suroeste. Os farois eran poucos e pequenos, polo que me sentín feliz de que o meu plan fose marchar antes da noite, aínda que sabía que a lúa había ser ben brillante. Todos os edificios estaban en boas condicións e albergaban como unha ducia de tendas abertas, entre as que había un ultramarinos da cadea First National, un restaurante de aspecto lúgubre, unha drogaría, a oficina dun comerciante de peixe por xunto, e no lado oriental da praza, preto do río, unha oficina da única industria da vila, a Compañía Refinadora Marsh. Había como dez persoas á vista, e catro ou cinco automóbiles e camións a motor estacionados nas proximidades. Non precisaba que me dixesen que aquel era o centro cívico de Innsmouth. Cara ao leste puiden dexergar os brillos azulados da baía, contra a que se recortaban os restos decrepitos de tres campanarios de estilo xeorxiano, que no pasado deberan de ser ben fermosos. E contra a costa, do outro lado do río vin a torre branca que coroaba o que supuxen que sería a refinaría de Marsh.

Por unha ou outra razón escollín iniciar as miñas pescudas no ultramarinos, cuxo persoal non parecía ser de Innsmouth. Atopei só un rapaz duns dezasete anos ao cargo, e sentínome moi a gusto cando sentín a súa afabilidade, o que prometía unha información alegre. Parecía estar excepcionalmente animado para falar, e axiña souben que non gustaba do lugar, co seu cheiro ao peixe e a súa xente furtiva. Unha palabra de calquera forasteiro supuña un alivio para el. Viña de Arkham e pertencía a unha familia de Ipswich, e sempre volvía con eles cando tiña un momento libre. Eles non gustaban de que traballase en Innsmouth, mais a

cadea trasladárao alí e non quería perder o emprego.

Polo que contou, en Innsmouth non había biblioteca pública nin cámara de comercio, cousa que seguro que acabaría descubrindo por min mesmo. A rúa pola que entrara na cidade chamábase Federal. Contra o lado oeste estaban as refinadas e vellas rúas residenciais Broad, Washington, Lafayette e Adams, e contra o leste estendíanse os suburbios da costa. Era nestes últimos, principalmente en Main Street, onde podería atopar as antigas igrexas xeorxianas, mais levaban moito tempo abandonadas. O mellor era non parecer moi curioso naquel lugar, especialmente ao norte do río, xa que a xente era taciturna e hostil. Xa desapareceran algúns forasteiros.

Había algúns puntos que eran practicamente territorio prohibido, e el aprendérao a un elevado custo. Por exemplo, un non debía roldar demasiado pola zona da refinaría Marsh ou das igrexas que seguían en uso, ou polo edificio con pórtico da Orde de Dagon, en New Church Green. Aquelas igrexas eran ben estrañas e foran enerxicamente desautorizadas polas súas respectivas confesións, posto que celebraban rituais e levaban vestimentas clericais do máis raro. O seu credo era heterodoxo e misterico, e implicaba certas insinuacións sobre transformacións maravillosas que levaban a algunha clase de inmortalidade do corpo neste mundo. O seu pastor, o doutor Wallace da Igrexa de Asbury, en Arkham, advertíralle seriamente que non se unise a ningunha igrexa de Innsmouth.

En canto á xente da vila, o mozo sabía ben pouco. Eran tan furtivos e esquivos como os animais que viven en tobos, e un dificilmente podía imaxinar a que dedicaban o tempo libre que lles deixaba a pesca. Probabelmente, a xulgar pola cantidade de alcol ilegal que consumían, pasaban a maior parte do día deitados a durmir a mona. Semellaban estar unidos por algunha clase de amizade ou entendemento mutuo, xa que desprezaban o mundo como se só eles tivesen acceso a outras esferas da realidade mellores. O seu aspecto, e sobre todo aqueles ollos fixos que

non pestanexaban e que nunca se podían ver fechados, era espantoso dabondo, e as súas voces eran ben desagradábeis. Era horríbel ouvilos cantar pola noite nas súas igrexas, e especialmente durante os seus cultos máis importantes, que eran o trinta de abril e o trinta e un de outubro.

Tíñanlle un grande afecto á auga e nadaban a miúdo tanto no río como na baía. As competicións de natación até o Arrecife do Diaño eran moi habituais entre eles, e todos semellaban ben hábiles neste duro deporte. Cando un o pensaba, o normal era que só a xente nova se deixase ver en público, e de entre estes, os maiores eran os que peor aspecto tiñan. Cando se daba algunha excepción a esta regra, acontecía sobre todo en persoas sen trazas de dexeneración, igual que o vello recepcionista do hotel. Un preguntábase o que acontecía cos vellos, e se a «pinta de Innsmouth» non sería outra cousa que unha estraña enfermidade que se acentuaba ao avanzar os anos.

Só unha afección moi rara, abofé, podía exercer uns cambios anatómicos tan grandes e radicais nun só individuo despois da madurez, uns cambios que implicaban mutacións na estrutura ósea tan centrais como a forma do cranio. Así e todo o mozo comentou que era difícil tirar conclusións sobre este asunto, xa que un nunca chegaba a coñecer ben os nativos, tanto tiña o tempo que vivise en Innsmouth.

El estaba certo de que moitos daqueles individuos, os que tiñan peor aspecto que os máis horrorosos que se deixaban ver, vivían confinados nalgún lugar. A xente ás veces ouvía toda clase de sons estraños. Contábase que os abandonados barrios da ribeira norte do río estaban conectados por túneles ocultos, que supuñan un tobo para toda clase de anormalidades nunca vistas. Era imposíbel saber que clase de sangue foráneo corría pola veas daqueles seres. Ás veces, cando viñan á vila funcionarios do goberno ou outra xente do mundo exterior, agochaban da vista os que resultaban especialmente repulsivos.

O meu informador contoume que non pagaba a pena facer preguntas sobre a vila aos nativos. O único paisano que podería contar algo era un

tipo moi vello aínda que de aspecto normal que vivía nun asilo da periferia norte da cidade e que pasaba o día paseando nas inmediacións da estación de bombeiros. Este personaxe de pelo branco chamábase Zadok Allen, tiña noventa e seis anos e estaba un pouco tocado da cabeza, alén de ser o borrachón da vila. Era unha criatura estraña e furtiva que non deixaba de mirar por riba do ombro, como se tivese medo de algo, e cando estaba sobrio non había xeito de o convencer para que falase con forasteiros. No entanto, era incapaz de resistirse a calquera oferta do seu veneno favorito, e unha vez prea podía relatar os fragmentos máis abraiantes do que lle quedaba de memoria.

Así e todo, non é que se puidese tirar moita información útil do pobre home, xa que as súas historias eran unha loucura, insinuacións incompletas de marabillas e horrores imposíbeis que non podían ter outra orixe que o seu propio maxín mal amoblado. Ninguén o cría, mais os nativos non gustaban de que bebese e falase cos forasteiros, e non sempre era seguro que o visen a un facéndolle preguntas. Probabelmente el era a orixe dalgúns dos máis imposíbeis rumores e delirios que circulaban por aí.

Algúns dos habitantes da vila que non eran orixinarios de alí falaban de cando en cando de visións monstruosas, mais entre as historias do vello Zadok e os deformes habitantes de Innsmouth tampouco era raro que a xente tivese esa clase de ilusións. Ningún dos non nativos ficaba na rúa até tarde, xa que había unha especie de idea xeneralizada de que non era boa cousa. Alén diso, as rúas eran odiosamente escuras.

En canto ás ocupacións da xente, a abundancia de peixe era unha cousa ben estraña, mais os nativos cada vez tiraban menos proveito. Ademais, os prezos caían en picado e a competencia medraba. Estaba claro que o auténtico negocio da vila era a refinaría, cuxa oficina comercial se encontraba na mesma praza a só unhas poucas portas de onde eu me achaba. Nunca se vía ao vello Marsh, mais ás veces ía ao traballo nun coche coas xanelas tapadas.

Había toda clase de rumores sobre o aspecto que chegara a adoptar Marsh. No pasado fora un gran dandi e a xente dicía que aínda levaba a súa elegante levita dos tempos do rei Eduardo, estrañamente adaptada a certas deformidades. O seu fillo encargárase da oficina da praza durante moito tempo, mais ultimamente mantíñase case sempre fóra da vista e deixáballe o groso dos negocios á xeración máis nova. Os fillos e fillas de Marsh chegaran a ter un aspecto moi raro, especialmente os máis vellos, e dicíase que lles estaba a fallar a saúde.

Unhas das fillas era noxenta, unha muller con pinta de réptil, engalanada con excesivas xoias raras, da mesma feitura exótica que a estraña tiara. O meu informador xa vira esa clase de abelorios e ouvira que proviñan dalgún botín secreto, ben dos piratas ou dos diaños. Os cregos, sacerdotes ou como for que lles chamasen agora, tamén levaban esta clase de ornamentos na cabeza, mais apenas se deixaban ver. Había outros moitos que o mozo non vira nunca, malia que moitos murmuraban que existían.

Tanto os Marsh como os Waite, os Gilman e os Eliot, que eran as outras tres familias máis acomodadas da cidade, eran moi reservados. Vivían en enormes mansións de Washington Street e algúns tiñan sona de teren encerrados algúns familiares cuxo aspecto non se podía exhibir en público e que aparecían como finados nos rexistros.

Após advertirme de que moitas das placas das rúas desapareceran, o mozo debuxoume un mapa esquemático pero bastante completo, no que sinalaba os puntos máis salientábeis da vila. Despois de estudalo durante un intre concluí que sería de grande axuda e gardeino no peto agradecéndollo de corazón. Posto que non gustaba do aspecto sórdido do restaurante que vira antes merquei unhas pequenas provisións de queixo, galletas salgadas e tortas de xenxibre para xantar máis tarde. A miña idea era pasear polas rúas principais, falar con algún dos non nativos que puidese atoparme e coller máis tarde o autobús das oito para Arkham. Puiden ver que a vila era un significativo e esaxerado exemplo de

decadencia colectiva, mais como non era sociólogo limitaría as miñas pescudas ao campo da arquitectura.

Logo comecei a miña ordenada aínda que medio perplexa visita polas rúas estreitas e sombrizas de Innsmouth. Ao cruzar a ponte e dirixirme cara aos afervoados saltos de auga inferiores pasei preto da refinaría de Marsh, que parecía estrañamente silenciosa e carente dos ruídos propios da actividade industrial. O edificio erguíase sobre un largo risco próximo á ponte e a un cruzamento de rúas que semellaba o antigo centro urbano da vila, desprazado despois da Revolución pola actual Town Square.

Ao volver cruzar sobre o barranco pola ponte de Main Street atopeime nunha zona de absoluto abandono que dalgún xeito me deu arrepiós. As moreas de tellados amoreados e escangallados formaban un horizonte fantástico sobre o que se erguía o campanario fantasmal e decapitado dunha antiga igrexa. Algunhas das casas de Main Street estaban habitadas, pero a maioría tiñan as xanelas e portas clausuradas con táboas. Nas rúas sen lastrar que saían para abaixo puideren ver as xanelas abertas das chabolas abandonadas, moitas das cales se inclinaban en ángulos perigosos e incríbeis a causa do afundimento dunha parte dos alicerces. Aquelas xanelas ollábanme cun ar tan fantasmal que tiven que facer provisión de valor para virar ao leste, á costa. De feito, o terror que provoca unha casa abandonada aumenta nunha progresión xeométrica máis que aritmética cando estas se multiplican para formar unha cidade de extrema desolación. A visión de tales avenidas sen fin, inzadas de baleiro e morte, unida ao pensamento daquela rede infinita de espazos negros abandonados ás arañeiras, ás lembranzas e aos vermes conquistadores, espertou en min uns medos e aversións tan primarios que nin sequera a filosofía máis sólida podía disipar.

Fish Street estaba tan deserta como Main, malia que se diferenciaba en que aínda tiña moitos almacéns de tixolo e pedra en boas condicións. Water Street era case un duplicado da anterior, agás porque había uns grandes ocos do lado que daba ao mar, onde antano estiveran os

embarcadoiros. Non vin nin unha soa criatura viva agás uns poucos pescadores dispersos sobre o afastado dique, e non ouvín nin un son agás o chapucar das ondas na baía e o ruxir dos saltos de auga do Manuxet. A vila estaba a pórme máis e máis nervioso, e non paraba de ollar para atrás furtivamente, como para asegurarme a retirada sobre a escangallada ponte de Water Street. A ponte de Fish Street estaba en ruínas segundo o plano.

Ao norte do río había trazas dunha escasa vida, como as plantas de empacotado de peixe de Water Street, algunhas chemineas que botaban fume e algúns tellados parcheados aquí e acolá. Tamén se ouvía algún que outro son de orixe indeterminada e con menos frecuencia podía verse algunha figura arrastrando os pés polas rúas deprimentes e as calexas sen pavimentar, mais aquela paisaxe pareceume aínda máis opresiva que o abandono do lado sur. Por algún motivo, a xente era aínda máis abominábel e anormal que a que vivía preto do centro da vila, polo que de cando en vez tiven unha especie de suxestións completamente fantásticas que non podería situar ben. Sen dúbida, o sangue estranxeiro era máis forte aquí que na zona máis interior, a menos, claro, que a «pinta de Innsmouth» fose produto dunha enfermidade máis que un trazo sanguíneo, polo que esta zona serviría para acoller os casos máis avanzados da mesma.

Un detalle que me incomodou foi a orixe dos poucos e apagados sons que ouvín. O normal sería que viñesen na súa totalidade das casas que estaban claramente habitadas, mais na realidade a miúdo eran máis fortes nos lugares onde as fachadas estaban fortemente trancadas. Había renxidos, ruídos de pasos apurados e sons afónicos, e para a miña inquietude viñéronme á cabeza os túneles ocultos dos que falara o rapaz do ultramarinos. De súpeto atopeime pensando en como soarían as voces destes habitantes. Non ouvira nin unha soa palabra naquel barrio e estaba louco de ganas de que seguise sendo así.

Parei só o suficiente para dar unha vista de ollos a dúas fermosas

aínda que arruinadas igrexas antigas nas rúas Main e Church, e logo apurei o paso para saír daquel vil suburbio costeiro. O meu seguinte obxectivo lóxico era New Church Green, mais dalgún xeito non era quen de volver pasar por aquela igrexa en cuxo zócalo albiscara a figura inexplicabelmente estarrecedora daquel crego ou pastor coa súa estraña tiara. Alén diso, o propio mozo do ultramarinos díxerame que as igrexas e a sé da Orde de Dagon, non eran lugares moi recomendábeis para os forasteiros.

Daquela seguín cara ao norte por Main até Martin e despois xirei terra dentro para cruzar con seguridade Federal Street rodeando Green e entrar finalmente no abandonado barrio burgués que se erguía na parte norte das rúas Broad, Washington, Lafayette e Adams. Malia que estas maxestosas e vetustas avenidas tiñan o lastrado roto e descoidado, a súa dignidade non desaparecera por completo. Unha mansión tras outra chamaron a miña atención, a maioría delas decrepitas e clausuradas con táboas no medio dos seus xardíns abandonados, mais unha ou dúas en cada rúa aínda amosaban signos de estaren habitadas. En Washington Street había unha ringleira de catro ou cinco perfectamente restauradas e cos seus xardíns e céspedes estupendamente coidados. A máis suntuosa, con longos bancais que se estendían na parte traseira cara a Lafayette, supuxen que sería a morada do vello Marsh, o enfermo dono da refinaría.

Non había nada vivo á vista en todas estas rúas e abraieime ante a completa ausencia de gatos ou cans en toda Innsmouth. Outro asunto que me deixou alampado e desasosegado era que mesmo nas mansións mellor conservadas, case todas as xanelas das terceiras plantas e dos áticos estaban fortemente clausuradas. A furtividade e o secretismo semellaban ser algo universal nesta cidade enchoupada de estrañeza e morte, e non puiden fuxir da sensación de estar sendo observado desde cada esquina por uns ollos que nunca se fechaban.

Sentín un arreguizo cando o desafinado tanxido das doce soou no campanario que deixara á esquerda. Lembraa demasiado ben a

achaparrada igrexa da que proviñan aquelas notas. Ao seguir por Washington cara ao río agora dirixíame a unha zona que noutro tempo fora industrial e comercial, a xulgar polas ruínas de varias fábricas que dexerguei e polas trazas dunha antiga estación de ferrocarril e dunha ponte do camiño de ferro que había máis alá, sobre o risco da dereita.

A renxente ponte que tiña agora diante estaba sinalizada cun cartel de perigo, mais decidín asumir o risco e crucei outra vez á ribeira sur onde volveron aparecer trazas de vida. Unhas criaturas furtivas e desgairadas ollaban crípticas na miña dirección e outros rostros máis normais mirábanme con frialdade e curiosidade. Innsmouth estábase a volver imposible de aturar, polo que virei cara a Paine Street, onde estaba a praza, coa esperanza de conseguir algún vehículo que me levase a Arkham antes da aínda distante hora de partida daquel sinistro autobús.

Foi daquela cando albisquei a ruínosa estación de bombeiros á miña esquerda e vin o vello de rostro vermello, barba descoidada e ollos acuosos vestido cuns farrapos difíciles de describir. Estaba sentado nun banco falando cun par de bombeiros sucios aínda que de aspecto normal. Sen dúbida tiña que tratarse de Zadok Allen, o nonaxenario alcólico e medio louco cuxas historias sobre a vella Innsmouth e a súa sombra eran tan estarrecedoras como incríbeis.

CAPÍTULO III

Algún diaño perverso ou algún impulso sardónico de escuras e ocultas fontes debeu de actuar sobre min para que mudase os plans que xa trazara. Había tempo que decidira limitar as miñas observacións só ao eido arquitectónico, e xa estaba apurando o paso cara á praza nun intento por conseguir transporte para fuxir desta abafante cidade de morte e degradación, mais ao ver o vello Zadok Allen, novos pensamentos comezaron a se mover no meu interior así que minorei o paso.

Aseguráranme que o vello non faría outra cousa que murmurar

anacos de lendas imposíbeis, desarticuladas e incríbeis, e xa me avisaran de que non era bo que os nativos me visen falando con el. Así e todo, ao pensar en que vivira en persoa a decadencia da vila e en que as súas lembranzas probabelmente se remontasen aos tempos pasados dos barcos e as fábricas, sentín unha atracción que ningunha racionalidade podía frear. Despois de todo, os mitos máis estraños e imposíbeis a miúdo son simples símbolos ou alegorías baseadas nunha verdade, e o vello Zadok fora testemuña de todo o que acontecera en Innsmouth durante os últimos noventa anos. Acendeuse en min unha curiosidade que superaba todo senso común e cautela, e no meu egoísmo xuvenil imaxinei que podería extraer o groso da historia real de entre o confuso e estraño farfallar do vello ao que conseguiría facer falar coa axuda do whisky.

Sabía que non podía abordalo naquel momento e naquel lugar, xa que os bombeiros probabelmente se decatarián do que quería facer e tentarían evitalo. No entanto, reflexionei que podía preparar o terreo conseguindo unha botella de licor de contrabando, que segundo o rapaz do ultramarinos habíao por todo o lugar. Despois podía roldar pola estación de bombeiros, como quen non quere a cousa e abordar logo o vello Zadok cando este comezase a dar un dos seus frecuentes paseos sen norte. O mozo díxerame que non paraba quieto e que non adoitaba ficar na estación máis dunha ou dúas horas seguidas.

Conseguín un cuarto de botella de whisky con facilidade, aínda que non barato, na rebotica dun bazar que estaba ao lado da praza, en Eliot Street. O tipo sucio que me atendeu tiña un pouco de «pinta de Innsmouth», mais ao seu xeito foi bastante amábel, supoño que porque estaba afeito a facer esta clase de negocios con outros forasteiros, como camioneiros, compradores de ouro e demais, que visitaban de cando en vez a vila.

Cando volví entrar na praza vin que a sorte me acompañaba, pois o que vin saír de Paine pola esquina do Gilman House non foi outra cousa que a figura alta, fraca e esfarrapada do vello Zadok Allen en persoa.

Seguindo o meu plan, atraín a súa atención amosando a miña botella acabada de mercar, e axiña notei que cambiaba de rumbo para seguirme cando entrei en Waite Street, camiño da zona máis abandonada da vila que cabía imaxinar.

Seguía o meu camiño segundo o mapa que me bosquexara o rapaz do ultramarinos e dirixíame cara á extensión completamente abandonada da costa meridional, que xa visitara con anterioridade. As únicas persoas que vira na zona eran os pescadores do dique distante e, se avanzaba unhas poucas mazás máis ao sur, xa me acharía ben lonxe da súa vista e só me quedaría atopar un par de asentos nun peirao abandonado onde poder interrogar libremente o vello Zadok todo o tempo que me petase e sen que ninguén me vise. Antes de chegar a Main Street puideron ouvir un apagado e arquexante «Ei, Señor!» detrás de min, polo que deixei que o vello me alcanzase e lle botase un par de bos grolos ao meu cuarto de botella.

Comecei a tentear o terreo mentres camiñabamos entre o omnipresente abandono e as ruínas dobradas en ángulos imposíbeis, mais atopeime con que aquela vella lingua non se afrouxaba con tanta rapidez como esperara. Ao lonxe vin unha explanada cuberta de herba que daba ao mar e estaba bordeada por dous muros de tixolo a piques de caer, coa verde lonxitude dun peirao de terra e pedra no fondo. Algunhas moreas de pedras cubertas de liques próximas á auga prometían ser uns asentos máis ou menos decentes, e o lugar estaba oculto á vista por un almacén arruinado que se levantaba ao norte. Pensei que este sería o lugar ideal para unha conversa longa e secreta, logo guiei o meu compañeiro pola calexa abaixo e escollín un par de pedras para sentar. O ambiente de morte e abandono era estarrecedor e o fedor ao peixe era case insufribel, mais decidín que nada me había deter.

Tiña como catro horas para conversar se quería coller o autobús das oito para Arkham, e comecei a ofrecer máis licor ao vello borrachón mentres eu comía o meu frugal xantar. Fun coidadoso de non pasarme

ofrecéndolle bebida, xa que non quería que a locuacidade alcólica de Zadok pasase a converterse en somnolencia. Logo dunha hora o seu silencio furtivo foi amosando signos de desaparecer, mais para a miña decepción, aínda intentaba evitar as miñas preguntas sobre Innsmouth e o seu pasado sombrío. Só farfallaba sobre temas actuais, revelando unha gran familiaridade cos xornais e unha gran tendencia a filosofar no ton sentencioso dos pailáns.

Contra o final da segunda hora temín que o meu cuarto de botella de whisky non fose suficiente para obter resultados e pregunteime se debería deixar alí o vello Zadok para ir por máis. Mais xusto entón a sorte abriu unha vía que as miñas preguntas non conseguiran, e os murmuros do vello alcólico deron un xiro que fixo que me inclinase para adiante para escoitar con atención. Eu estaba de costas ao mar que fedía a peixe, mais el tíñao de fronte, e algo fixo que a súa mirada perdida se parase na liña baixa e distante do Arrecife do Diaño, que se amosaba definido e case fascinante sobre as ondas. Aquela visión semellou anoxalo, xa que comezou a maldicir polo baixo até que rematou por facerme unha confesión cunha ollada de complicidade. Inclínouse cara a min, agarroume das lapelas do abrigo e seseoume unhas palabras inequívocas:

—Aí foi onde comezou todo... ese condenado sitio onde comezan as augas profundas. A porta do inferno, e está tan fonda que ningún escandallo pode chegar até alí. O vello Capitán Obed foi quen o fixo... El meteuse demasiado a fondo en tratos con xentes dos Mares do Sur.

»Todo ía mal naquel tempo. O comercio esmorecía, as fábricas non traballaban, mesmo as máis novas... e os nosos mellores veciños morreron na guerra de 1812 ou naufragaron como os do *Elizy* e o *Ranger*, que eran de Gilman os dous. Obed Marsh tiña unha flota de tres barcos, o bergantín *Columby*, o *Hefty* e a corveta *Sumatry Queen*. Foi o único que mantivo o comercio coas Indias Orientais, quitando a goleta de Esdras Martin, a *Malay Bride*, que fixo unha saída no vinteito.

»Ninguén como o Capitán Obed, vello fillo de Satanás. Ha, ha! Aínda me podo lembrar del cando insultaba a xente que ía á Misa e lle chamaba estúpida por levar alí os seus problemas e tragalos. Decía que había deuses mellores como os das Indias... deuses que traían peixe a cambio de sacrificios e que respondían de verdade ás pregarías da xente.

»Matt Eliot, o seu mellor amigo, tamén falaba moito e mesmo incitaba a xente a facer cousas de pagáns. Falaba dunha illa ao leste de Othaheite onde había unha morea de ruínas de pedra máis vellas do que ninguén podía lembrar, parecidas ás de Ponape, nas Carolinas, mais cuns rostros esculpidos como os das grandes estatuas da Illa de Pascua. Había unha pequena illa volcánica preto tamén, onde se achaban unhas ruínas con tallas distintas... estaban todas estragadas como se estivesen moito tempo debaixo da auga, e amosaban imaxes de monstros terríbeis.

»E ben, señor, Matt decía que os nativos de por alí obtiñan todo o peixe que querían e portaban brazaletes, colares e tiaras fabricadas cunha clase de ouro estraño e que estaban gravadas con debuxos de monstros iguais que os das ruínas da illa pequena... unha especie de ras con pinta de peixe ou peixes con pinta de ra, en toda clase de posturas, igual que se fosen persoas. Ninguén sabían de onde sacaran todo aquilo e os outros nativos abraiábanse pola cantidade de peixe que pescaban, sobre todo cando na illa máis próxima apenas sacaban para subsistir. Logo Matt tamén se estrañou e o mesmo fixo o capitán Obed. Este último tamén se decatara de que cada ano desaparecían moitos mozos que estaban na flor da vida, e que tampouco había vellos. Alén diso, tamén lle parecía que algúns dos tipos aqueles tiñan un aspecto estraño incluso para ser canacos.

»Ao final Obed conseguiu tirarlles a verdade a aqueles pagáns. Non sei como o fixo, mais comezou mercándolles os obxectos de ouro que levaban. Preguntoulles de onde os sacaran e se podían conseguir máis, e finalmente sacoulle a historia ao vello xefe... Walakea seica lle chamaban. Ninguén agás Obed crería o que lle contou aquel vello diaño, mais o

Capitán podía ler nas persoas como como se fosen libros abertos. Ha, ha! Agora ninguén me cre cando llelo conto, e supoño que ti tampouco o farás, raparigo... pero déixame mirar, tes uns ollos penetrantes e agudos como os de Obed.

Os murmuros do vello fóronse volvendo máis e máis baixos e eu estremecinme ante tan terríbel e sincero acento, mesmo cando sabía que a historia non podía ser outra cousa que un conto de borracho.

—Ben, señor, Obed soubo cousas sobre este mundo das que case ninguén ouviu falar nunca... e que non crería ninguén se as ouvise. Polo que parecía os canacos sacrificaban moreas de raparigos e mozas a algunha clase de criaturas-deuses que vivían baixo o mar e que lles daban moitos agasallos a cambio. Entraran en contacto con estas criaturas no pequeno illote das ruínas estrañas, e polo visto os relevos terríbeis dos monstros medio ra medio peixe eran representacións delas mesmas. Se cadra eran os mesmos monstros que están detrás de todos os contos de sereas e cousas polo estilo.

»Tiñan toda clase de cidades no fondo do mar e esta illa saíra das profundidades. Polo visto había algunhas criaturas vivas nos edificios de pedra cando a illa emerxeu de súpeto á superficie. Por iso os canacos déronse de conta de que debía de haber moitos máis baixo o mar. En canto reuniron o valor faláron con eles por acenos, en pouco tempo chegaron a un acordo.

»As criaturas gustaban dos sacrificios humanos. Obtivéranos moito tempo atrás, mais perderan a conexión co mundo exterior pasado un tempo. Non sei o que facían coas vítimas, e supoño que Obed tampouco se preocupou moito por preguntalo. Mais a aqueles pagáns tanto lles tiña porque o estaban a pasar mal e estaban desesperados. Entregaban certo número de mozos e mozas ás criaturas mariñas dúas veces ao ano... na noite de Walpurxis e na do Samaín, sempre con total regularidade. Tamén lles regalaban algúns abelorios que fabricaban eles mesmos. O que lles daban a cambio os monstros era todo o peixe que puidesen pescar e

algúns obxectos dun metal semellante ao ouro.

»E ben, como dixeran, os nativos ían ao encontro das criaturas ao pequeno illote volcánico. O camiño de ida facíanlo coas canoas cheas de sacrificios e demais, e o de volta facíanlo cargados das xoias que estes lles entregaban. Nun comezo os seres nunca ían até a illa principal, mais logo dun tempo atrevéronse a facelo. Polo visto gustaban de mesturarse cos humanos e celebrar xuntos as cerimoniais das grandes festividadeis da noite de Walpurxis e do Samaín. Podían vivir tanto dentro como fóra da auga, que é iso ao que lle chaman ser anfíbio, penso. Os canacos díxéronlles que a xente das outras illas acabaría con eles se os vían, mais eles dixeran que non se preocupasen, xa que eran quen de arrasar toda a humanidade se lles praciá, agás a aqueles posuidores de certos signos que antano empregaran os Antigos, fosen quen foren estes. Mais como non querían leas, afundíanse na auga cada vez que alguén visitaba a illa.

»Cando lles chegou o momento de se aparear cos peixes con pinta de sapo, os canacos puxeron reparos, mais finalmente descubriron algo que lle daba un xiro ao asunto. Polo visto os humanos teñen unha relación de parentesco moi estreita con esas bestas mariñas, xa que nun tempo todos viñemos da auga e só é preciso un pequeno cambio para volver a ela. As criaturas contáronlles aos canacos que se mesturaban os seus sangues os seus nenos nacerían con aspecto humano mais iríanse parecendo máis e máis a eles co tempo até que finalmente irían á auga para unirse aos cardumes de criaturas que bulen por alí. E esta é a parte máis importante, mozo, que unha vez transformados en criaturas mariñas e no océano, nunca morrerían. Esas criaturas só morren se alguén as mata violentamente.

»Ben, señor, parece que polo tempo en que Obed coñeceu os habitantes da illa, había entre eles unha enorme cantidade de sangue das criaturas das augas profundas. Cando se volvían maiores e comezaban a amosar signos de cambio, mantiñanos ocultos até que se sentían preparados para se mergullar na auga e abandonar o lugar. Algúns tiñan

máis sangue estraño que outros, e mesmo algúns deles nunca mudaban o suficiente para ir á auga, mais a maioría concluían o proceso tal e como dixeran as criaturas. Había algúns que nacían xa máis parecidos a estas, pero tamén os había que eran moi humanos e ás veces ficaban na illa até pasados os setenta anos, malia que a miúdo baixaban ás profundidades en viaxes regulares.

Os que xa marcharan á auga a miúdo volvían de visita, de xeito que un home podía falar co tataravó do seu tataravó que abandonara a terra seca un par de centos de anos antes.

»Xa ninguén pensaba en morrer, agás nas guerras contra os outros habitantes das illas ou nos sacrificios aos deuses das profundidades mariñas ou da trabadura dunha serpe, dunha praga, dunha intoxicación ou de outras causas que lle viñesen antes de poderen ir á auga, polo que parecía que simplemente agardaban a que se producise a mudanza, que cando se afacían non era tan terríbel. Crían que tiñan un don que non podían abandonar, e penso que Obed chegou a unha conclusión semellante cando reflexionou sobre a historia que lle contara Walakea. Este, no entanto, era dos poucos que non tiña sangue de peixe, xa que era de familia real e eles só se mesturaban coas familias reais das outras illas.

»Walakea ensinoulle a Obed unha mancha de rituais e encantamentos relacionados con aquelas criaturas do mar e deixoulle ver algúns dos veciños da aldea que perderan xa practicamente todo o aspecto humano. Mais por algún motivo nunca lle ensinou ningunha das criaturas normais que viñeran directamente da auga. Finalmente entregoulle un trebello curioso feito dalgunha clase de chumbo e contoulle que atraía as criaturas en calquera lugar onde tivesen un niño. Só había que fondealo e realizar os encantamentos precisos. Walakea contoulle que aquelas criaturas estaban esparexidas por todo o mundo, polo que calquera que as buscara podería atopar un niño e atraelas á superficie se quería.

»Matt non gustaba nada do asunto e pediulle a Obed que se

mantivesen lonxe da illa, mais o capitán estaba ansioso por se facer rico e descubriu que podía sacar os obxectos de ouro tan baratos que podían converterse na súa especialidade. As cousas funcionaron así durante anos e Obed conseguiu ouro dabondo para abrir a refinaría nunha vella fábrica de Waite. Non vendía as pezas directamente, xa que a xente comezaría a facer preguntas. Do mesmo xeito, a súa tripulación podía quedar cunha parte e dispor dela cando quixesen, mais tiñan que xurar manter a boca fechada, e o propio capitán deixaba que as mulleres da súa familia se engalanasen con algunhas das xoias, igual que fan case todas as mulleres.

»E ben, contra o ano trinta e oito, cando eu tiña sete anos, Obed descubriu que a xente da illa fora exterminada entre viaxe e viaxe. Polo visto os habitantes das outras illas descubriran o que acontecía e tomaran a lei pola man. Supoño que terían algún deses vellos signos máxicos que as criaturas mariñas dixeran que eran as únicas cousas que lles daban medo. Nin que dicir ten que os canacos non van perder un intre para ir mirar o que pasa se o fondo do mar lanza á superficie unha illa cunhas ruínas máis vellas que o diluvio. Non deixaron nada en pé nin na illa principal nin no pequeno illote volcánico, agás as partes das ruínas que eran demasiado grandes para deitar. Nalgúns lugares deixaron espaxadas unhas pequenas pedras cun signo gravado, ese que nós chamamos agora esvástica. Probabelmente era o signo deses Antigos. Non ficou rastro de ninguén nin de obxectos de ouro e ningún dos canacos das proximidades soltaba nin unha palabra sobre o asunto. Nin sequera admitirían xamais que noutro tempo vivira xente naquela illa.

»Naturalmente, isto foi un duro golpe para Obed, que vía que o resto dos seus negocios ían a menos. Tamén supuña un golpe para Innsmouth, xa que naqueles tempos o que beneficiaba o armador, beneficiaba tamén a tripulación. A maior parte da xente resignouse, igual que fan as ovellas, mais as cousas estaban a tomar un aspecto moi malo, xa que a pesca estaba indo mal e a industria tampouco levantaba cabeza.

»Foi logo cando Obed comezou a maldicir a xente por se comportar

como un rabaño, rezando a un ceo cristián que non axudaba en nada. Díxolles que coñecía outros pobos que rezaban a deuses que lles daban o que realmente precisaban, e dixo que se unha boa cantidade de xente o apoiaba, podía intentar convocar certos poderes que lles traerían canta pesca quixesen e tamén ouro. Evidentemente, os que serviran no *Sumatry Queen* e viran a illa sabían a que se refería, e non tiñan moita gana de arrimarse moito a aquelas criaturas mariñas das que ouviran falar, mais os que non sabían nada sentíronse impresionados polo que dixera Obed e comezaron a lle preguntar o que podían facer para que a nova relixión lles dese resultado.

Neste punto o vello fraqueou, rosmou algo e afundiuse nun silencio triste e apesado. Non me respondía a nada, polo que souben que debía deixarlle rematar a botella. O conto imposible que estaba ouvindo interesábame moito, xa que por fantasioso que fose, supuña unha especie de crúa alegoría que tiña as raíces na estrañeza de Innsmouth e estaba elaborada cunha fabulación tan creativa como cargada de bocados de lendas exóticas. Nin por un momento pensei que o conto puidese ter unha base real, mais así e todo o relato posuía unha suxestión de xenuíno terror, aínda que fose só porque facía referencia a estrañas xoias claramente relacionadas coa maligna tiara que eu vira en Newburyport. Se cadra, despois de todo, os ornamentos viñeran dalgunha illa estraña, e era posible que as historias increíbeis fosen mentiras do propio Obed máis que deste vello bébedo.

Paseille a botella a Zadok, que a baleirou até a última pinga. Era curioso como podía aturar tanto whisky, xa que a súa voz aguda e rouca a un tempo non daba signos de fraquear. Lambeu o bico da botella e meteuna no peto, despois comezou a murmurar polo baixo. Eu inclineime cara a el tentando distinguir as palabras que puidese estar articulando e crin albiscar un sorriso retranqueiro detrás do seu bigote espeso e sucio. Si, en efecto estaba a articular palabras, e puiden entender unha boa parte delas.

—Pobre Matt... Matt opúxose... intentou pór do seu lado a xente e falou moito cos predicadores... non lle serviu de nada... botaron da vila o pastor congregacionista e o metodista liscou, e nunca se soubo nada de Resolved Babcock, o pastor baptista... A ira de Xeová... eu só era un cativo mais ouvín o que ouvín e vin o que vin... Dagon e Ashtoreth... Belial e Belcebú... O Carneiro de Ouro e os ídolos dos Filisteos de Canaán... Abominacións babilónicas... *Mene, mene, tekeli ugarit...*

Parou outra vez e pola mirada que tiñan os seus ollos azul acuoso temín que estivese preto de caer redondo. Mais cando lle sacudín o ombro suavemente virouse cara a min cunha sorprendente velocidade e comezou a pronunciar outra serie de frases máis escuras aínda.

—Non me cres, eh? Ha, ha, ha... logo explícame, mozo, por que o capitán Obed e outros vinte tipos raros adoitaban ir nun bote até o Arrecife do Diaño no medio da noite e cantar tan alto que mesmo se lles podía ouvir por toda a vila cando o vento viña do mar. Explícame! E explícame por que Obed guindaba vultos pesados ás augas profundas que hai do outro lado do arrecife onde o fondo cae en picado como nun cantil até tal profundidade que non lle chega ningún escandallo. Explícame o que fixo con aquel trebello de chumbo que lle dera Walakea. Ei, rapaz! E por que ouveaban todos na noite de Walpurxis e no Samaín? E por que os pastores da nova igrexa adoitaban ser mariñeiros que levaban estrañas túnicas e cubrían a cabeza cos obxectos de ouro que trouxera Obed? Que?

Os seus ollos azul vidroso tiñan agora un brillo case salvaxe e maníaco e os pelos da súa barba branca e sucia estaban de punta. Probabelmente me viu recuar, xa que comezou a rir con malignidade.

—Ha, ha, ha, ha, ha! Comezas a ver, non si? Se cadra gustarías de estar no meu pelexo naqueles días, cando vin o que acontecía no mar desde o faiado da miña casa. Si, os coelliños teñen as orellas grandes e eu non perdía nada do que se dicía sobre o capitán Obed e os homes que ían ao arrecife. Ha, ha, ha! E que me dis da noite na que subín ao faiado co anteollo do meu pai e vin o arrecife fervendo de formas que se

mergullaban rapidamente cando saía a lúa?

»Obed e os demais estaban nun bote, mais as formas tiráronse á auga pola parte profunda e non volveron saír.

»Gustarías de ser un cativo só nun faiado mentres olla unhas formas que non son humanas?... Ei?... Ha, ha, ha, ha...

O vello estaba a se volver histérico e eu comecei a alarmarme seriamente. Pousou unha das súas poutas nodosas no meu ombro e pareceume que o seu xeito de tremer non casaba coa súa risa.

—Imaxina que unha noite ves que Obed guinda desde o seu bote un vulto pesado do outro lado do arrecife, e que ao día seguinte descubres que desapareceu un raparigo da súa casa. Ei! Alguén volveu ver un pelo de Hiram Gilman? Vírono? E Nick Pierce, e Luella Waite, e Adoniram Southwick, e Henry Garrison? Ei? Ha, ha, ha, ha... Figuras comunicándose por signos de mans... as que tiñan mans de verdade...

»Ben, señor, daquela foi cando Obed comezou a recuperarse. A xente vía as súas tres fillas engalanadas cuns abelorios dese metal semellante ao ouro que ninguén vira antes, e o fume volvía saír das chemineas da refinaría. Tamén había outra xente que prosperaba. O peixe abundaba na baía, listo para ser pescado, e só Deus sabe o grandes que foron os cargamentos que comezaron a saír para Newburyport, Arkham e Boston. Foi logo cando Obed conseguiu que instalasen o camiño de ferro. Algúns pescadores de Kinsport ouviron falar da abundancia de peixe e viñeron nos seus botes, mais foi en balde. Ninguén volveu velos. E foi daquela cando montaron a Orde Esotérica de Dagon e mercaron a loxa masónica. Matt Eliot era masón e estaba en contra da venda, mais desapareceu tamén por aquelas datas.

»Pero ollo, que non estou a dicir que Obed quixese que as cousas fosen como naquela illa dos canacos. Non creo que nun primeiro momento quixese que se mesturasen os sangues, nin procrear fillos que fosen á auga para se converteren en peixes inmortais. O que el quería

deles era o ouro e estaba disposto a pagalo caro e supoño que os demais tamén estiveron satisfeitos co trato durante un tempo.

»Chegado o ano corenta e seis a vila xa daba bastante que falar. Demasiados desaparecidos, demasiados sermóns de loucos nas cerimoniais dos domingos, demasiados comentarios sobre o arrecife. Supoño que eu tamén acheguei o meu baguíño contándolle a Selecman Mowry o que vira dese o faiado. Unha noite a cuadrilla de Obed ía cara ao arrecife e ouvín un tiroteo entre varios botes. No día seguinte Obed e mais trinta e dous dos seus estaban no caldeiro e todo o mundo se preguntaba que acontecera na realidade e de que os acusaban. Meu Deus, se alguén chegase a saber o que ía pasar dúas semanas despois, pois nese tempo non se volveu guindar ningún outro vulto ao mar...

Zadok comezaba a amosar signos de medo e esgotamento e deixei que ficase calado durante un intre, que pasei botándolle miradas nerviosas ao meu reloxo. A marea baixara de todo e agora volvía subir, e o son das ondas semellou espertalo. Alegreime de que subise a marea, xa que así o fedor ao peixe non era tan desagradábel. Inclineime outra vez para escoitar os seus murmurios.

—Aquela noite terríbel... Vinos. Estaba no faiado... viñan en hordas... enxames... cubrían o arrecife e atravesaban a baía a nado, cara ao Manuxet... Meu Deus, o que aconteceu nas rúas de Innsmouth aquela noite... petaron na nosa porta, mais papá non lles abriu... logo saíu pola xanela da cociña armado coa escopeta na procura de Selecman Mowry, a ver o que se podía facer... Moreas de mortos e feridos... disparos e berros... en Old Square e Town Square e New Church Green. Abriron as portas do cárcere... proclamaban traizón... dixeron que fora unha praga cando viñeron de fóra e viron que faltaba a metade da xente... non quedaron máis que os partidarios de Obed e os que prometeron estar calados... nunca volví ver o meu pai...

O vello arquexaba e respiraba aceleradamente. Apertoume máis forte o ombro.

—Limpárono todo pola mañá, pero ficaron trazas... Obed tomou o mando e dixo que as cousas ían mudar... dixo que outros virían rezar connosco ao templo, e que certas casas acollerían hóspedes... querían mesturarse connosco igual que o fixeran cos canacos, e el non llelo había impedir. Obed estaba metido até o pescozo... estaba como tolo co asunto. Decía que nos traerían peixe e tesouros, pero que había que darlles o que querían...

»De portas para fóra todo tiña que ser igual, pero tiñamos que desconfiar dos forasteiros se sabiamos o que nos conviña.

»Todos tivemos que facer o Xuramento de Dagon, e despois houbo un segundo xuramento e un terceiro que fixeron algúns. Os que fosen especialmente atentos recibirían recompensas especiais, ouro e cousas polo estilo. Non podiamos rebelarnos porque había millóns baixo o mar. Non lles interesaba saír e escravizar a raza humana, mais se se vían obrigados tiñan poder para o facer. Nós non tiñamos vellos esconxuros para mantelos afastados como os nativos dos Mares do Sur, e os canacos nunca contaran os seus segredos.

»Había que darlles suficientes sacrificios e abelorios e albergalos na vila cando eles quixesen, só así nos deixarían tranquilos. Non se permitiría que os forasteiros contasen historias por aí, o que significaba que nada de meter o fociño onde non se debía. Todos os fieis da Orde de Dagon e os seus fillos non morrerían xamais, senón que volverían á Nai Hydra e o Pai Dagon de onde todos viñemos unha vez. *Ia! Ia! Cthulhu fhtagn! Ph'nglui mglw'nafh Cthulhu R'lyeh wgah'nagl fhtaga.*

O vello Zadok comezaba a entrar nun grave delirio e eu contiven o alento. Pobre ancián, a que lamentábel pozo de alucinacións se vira arrastrado o seu fértil e imaxinativo maxín por culpa do licor, o seu fastío pola decadencia, a alienación e a enfermidade que o rodeaban? Outra vez comezou a murmurar e as bágoas correron polas meixelas engurradas até as profundidades da súa barba.

—Meu Deus, o que non vería eu desde os quince anos? *Mene, mene, tekel, upharsin!* A xente desaparecía, matábanse entre si. Contaban cousas de nós en Arkham ou Ipswich ou outros lugares e chamábannos loucos, igual que ti mo chamas agora, pero só Deus sabe o que eu vin. Mataríanme hai moito tempo polo que sei, de non facer o primeiro e o segundo Xuramento de Dagon ante Obed. Logo non me farán nada a menos que un xurado probe que contei deliberadamente as cousas que sei... mais non tomei o terceiro Xuramento. Antes morto que facer iso.

»A cousa foi a peor cando a Guerra Civil, xa que os nenos que naceron polo corenta e seis comezaron a medrar, cando menos algúns deles. Eu tiña moito medo e nunca volvín espreitar após aquela noite terríbel, así que nunca volvín ver un deles de preto. Ningún dos de sangue puro. Marchei á guerra e se tivese un pouco de senso común non volvería aquí senón que me asentaría nalgún lugar afastado. Mais a xente escribume que as cousas non ían tan mal. Supoño que iso foi porque as tropas do goberno ocuparon a vila despois do sesenta e tres. Pero despois da guerra a cousa volveu ser igual de mala que antes. A xente comezou a deixarse levar, as fábricas e os comercios fecharon, as rutas de comercio naval pararon e a baía comeu o porto. Abandonouse o camiño de ferro, mais eles... eles nunca deixaron de nadar, río arriba e río abaixo desde aquel maldito arrecife de Satanás, e máis e máis xanelas dos áticos comezaron a clausurarse, e ouvíanse máis e máis ruídos nas casas nas que se supuña que non vivía ninguén.

»A xente de fóra ouvía cousas sobre nós e, polo que me estás a preguntar, supoño que ti ouvirías unha chea delas. Disque sempre se ven cousas raras por aquí e que aparece algunha que outra xoia estraña aínda non acabada de fundir de todo, mais a fin de contas, nada de nada. Ninguén crerá nada disto. Din que os obxectos dourados proceden dun botín pirata e que a xente de Innsmouth ten sangue estranxeiro ou algunha clase de enfermidade. Ademais, os de aquí fan o posíbel por botar os forasteiros axiña que chegan, e os que non marchan non lles

quedan ganas de ser curiosos, especialmente pola noite. As bestas encabúxanse ante esta xente, tamén os cabalos e os machos, mais coa chegada do automóbil todo se solucionou.

»No corenta e seis o capitán Obed tomou unha segunda muller que ninguén da vila vira antes. Algúns dicían que el non quería, mais que eles o obrigaron. Tivo tres fillos dela, dous desapareceron moi novos, mais a terceira, unha nena de aspecto completamente normal, marchou educarse a Europa. Finalmente Obed conseguiu casala cun pailaroco de Arkham que non sospeitaba nada. Mais agora non sería igual, ninguén de fóra quere saber nada dos de Innsmouth. Barnabas Marsh, que leva agora a refinaría, é o neto de Obed por parte da súa primeira muller, logo é fillo de Onesiphorus, o seu fillo maior, mais a súa nai era outra daquelas que nunca se deixaba ver fóra da casa.

»Agora mesmo Barnabas está a transformarse. Non se deixa ver en público xa e está todo deformado. Disque aínda leva roupa, mais que pronto tomará o camiño da auga. Quizais xa o probou, ás veces baixan en breves expedicións antes de partiren para sempre. Non se lle viu en público nos últimos dez anos. Non sei como se pode sentir a súa pobre esposa, que veu de Ipswich, onde case linchan a Barnabas hai cincuenta anos cando souberon que lle facía as beiras. Obed morreu no setenta e oito e a primeira xeración desapareceu xa, os fillos da súa primeira muller morreron e os outros... Só Deus o sabe...

O bruar da marea a subir era agora moi forte e semellaba que estaba a mudar aos poucos o humor do vello de choromiqueiro a medorento. Paraba unha e outra vez para anovar as súas olladas nerviosas sobre o ombro ou cara ao arrecife, e malia o completo absurdo da súa historia, non puiden evitar comezar a compartir os seus temores. A voz de Zadok tornárase agora máis aguda, como se estivese intentando erguer a súa valentía levantando a voz.

—E logo, por que non me contas ti nada? Gustarías de vivir nunha vila coma esta, con todo a podreecer e a morrer, inzada de monstros

encerrados que se arrastran, ouvean, ladran e chimpan nas súas negras celas e áticos en cada esquina? Ei? Gustarías de escoitar noite tras noite os ouveos que veñen das igrexas e do Salón da Orde de Dagon e coñecer cal é o seu propósito? Gustarías de ouvir os sons que veñen dese terríbel arrecife nas noites de Walpurxis e de Samaín? Ei? Pensas que este vello está louco, verdade? Pois ben, señor, deixa que che diga que iso non é o peor!

Zadok estaba literalmente a berrar e o frenesí demente da súa voz dábame máis medo que o que lle tiña á vila.

—Malditos sexades todos! Non me miredes así! Só lle dixen que Obed Marsh está no inferno e que vai ficar alí para toda a eternidade! Ha, ha, ha... No inferno digo! Non me podedes danar, non fixen nada, non lle contei nada a ninguén...

»Ah, mozo, estás aí! Ben, aínda que nunca llo contei a ninguén, agora vouno facer! Ti queda aquí quietiño e escóitame, rapaz, que isto non llo contei a ninguén... Xa dixen que nunca volvín espiar logo desa noite, mais un acaba sabendo as cousas.

»Sabes o que é o verdadeiramente horroroso, ei? Ben, o verdadeiramente horroroso non é o que eses peixes infernais fixeron, senón o que van facer! Están a sacar cousas do mar cando veñen á vila, lévano facendo anos e non deixaron de facelo nunca. As casas que hai ao norte do río ao longo de Water Street e Main Street están inzadas deles... deses diaños e das cousas que traen, e cando estean preparados... digo que cando estean preparados... ouviches falar algunha vez dun shoggoth?

»Ei! Estás a escoitar o que digo? Dígoche que sei o que son esas cousas, vinos unha noite cando... ehahhhah! E'yahhh...

A terríbel rapidez e o estarrecedor e inhumano do berro daquel ancián case fixo que me desmaiase. Os seus ollos, que miraban para o mar fedorento, case lle saían das concas, mentres que o seu rostro era unha máscara de terror digna dunha traxedia grega. A súa pouta osuda

cravouse cunha forza terríbel no meu ombro e non se moveu nin un chisco cando xirei a cabeza para ollar o lugar onde el miraba.

Non había nada á vista. Só a marea que subía e unha serie de ondas que rompían sobre a longa liña do dique. Mais agora Zadok estaba a sacudirme e eu vireime para ollar o seu rostro, que pasou de ser unha máscara de medo xeado a converterse nun caos de xestos e miradas nerviosas. De súpeto recuperou a voz e murmurou.

—Lisca de aquí! Lisca de aquí! Víronnos, lisca se lle queres á vida! Non agardes por nada, agora sábeno. Corre, apura, lisca deste lugar!

Outra ondada bateu contra as escachadas pedras do antigo peirao e converteu o murmurio do vello louco noutro berro inhumano que xeaba o sangue.

—Eyaahhhh!... Yheaaaaaa!...

Antes de que eu puidese recuperar a compostura, relaxou a man que me oprimía o ombro e botou a correr terra dentro cara á rúa, para virar ao norte canda o muro do almacén arruinado. Eu volví a mirada ao mar, mais non había nada. Cando cheguei a Water Street botei unha ollada cara ao norte mais non había rastro ningún de Zadok Allen.

CAPÍTULO IV

Difícilmente podo describir o estado en que me deixou aquel terríbel episodio, que fora a un tempo demencial, lamentábel, grotesco e estarrecedor. O mozo do ultramarinos preparárame para aquilo, mais así e todo deixárame non menos abraiado e perturbado. Malia o pueril da historia, a vehemencia maniática de Zadok e o horror que me transmitira fixeran que medrase en min unha grande ansiedade, que se foi xuntar coa miña sensación previa de noxo cara á vila e a súa ruínosa e intanxíbel sombra.

Máis tarde podería peneirar algo o conto e tirar del un núcleo

principal de alegoría histórica, mais agora o único que quería era sacalo da cabeza. Fixérase perigosamente tarde, as 7:15 segundo o meu reloxo, e o autobús para Arkham saía de Town Square ás oito, polo que intentei que os meus pensamentos fosen o máis neutros e prácticos posíbeis, mentres que camiñaba ás prásas polas rúas desertas flanqueadas por áticos abertos e casas inclinadas en dirección ao hotel onde consignara a maleta e onde collería o autobús.

Malia que a luz dourada do serán daba aos antigos tellados e ás decrepitas chemineas un ar de beleza e paz místicas, non podía evitar ollar sobre o meu ombro unha e outra vez. Abofé que me sentiría moi feliz cando me achase fóra desa Innsmouth fedorenta e arrepiante, e desexei que houbera algún outro medio de locomoción que non fose o autobús que conducía aquel tipo de aspecto sinistro chamado Sargent. Así e todo, non apurei demasiado, xa que había detalles arquitectónicos dignos de ver en cada silenciosa esquina e calculei que tranquilamente podería percorrer a distancia que me quedaba en media hora.

Estudei o mapa do mozo da tenda na procura dunha ruta que non cruzara antes e decidín dirixirme a Town Square seguindo Marsh Street no canto de State Street. Preto do cruzamento con Fall Street comecei a ver espaxados grupos de murmuradores silenciosos, e cando finalmente cheguei á praza, vin que case todos os que me andaban a espreitar se congregaran ante a porta do Gilman House. Sentíame como se moitos ollos saltóns e sempre abertos me estivesen a mirar mentres pedía a maleta na recepción e desexei con ansia que ningunha daquelas criaturas desagradábeis me acompañase na miña viaxe.

O autobús chegou máis ben cedo, un pouco antes das oito, renxendo rúa abaixo con tres pasaxeiros a bordo. Cando estacionou, un tipo de aspecto maligno que había na rúa murmuroulle unhas palabras inintelixíbeis ao condutor. Sargent descargou un saco de correo e un rolo de xornais e entrou no hotel, mentres que os pasaxeiros, que eran os mesmos que eu vira aquela mañá chegar a Newburyport, baixaron

cambaleando á beirarrúa e intercambiaron unhas poucas palabras guturais e esvaídas nun preguiceiro idioma que eu podería xurar que non era inglés. Subín ao vehículo baleiro e sentei no asento que ocupara antes, mais apenas sentara cando Sargent volveu aparecer e comezou a rosmar cunha voz ronca particularmente noxenta.

Polo que parecía, hoxe non era o meu día de sorte. Houbera algunha clase de problema co motor, malia que chegara antes de tempo de Newburyport, polo que o autobús non podería chegar a Arkham. Tampouco o podían amañar esa noite, nin había ningún outro medio de transporte de Innsmouth a Arkham ou a calquera outro lado. Sargent lamentábao, mais só me quedaba pasar a noite no Gilman. Probabelmente me farían un bo prezo, mais non había outra cousa que lle facer. Medio descolocado por este súbito atranco e cun tremendo pavor pola inminente chegada da noite nesa vila decadente e mal iluminada, baixei do autobús e volvíñ entrar na recepción do hotel, onde o empregado da quenda de noite, de aspecto malhumorado e mirada estraña, me dixo que por un dólar podía quedar no cuarto 428, no andar superior, que era bastante grande pero que non tiña auga corrente.

Aínda que ouvira falar deste hotel en Newburyport asinei no libro de rexistro, paguei o dólar, deixei que o empregado me levase a maleta e subín canda aquela avinagrada e fría figura por tres tramos de escaleiras renxentes e por uns corredores poeirentos que semellaban completamente carentes de vida. O meu cuarto era deprimente e daba para á parte de atrás. O mobiliario era magro e barato e tiña dúas xanelas que miraban a un patio flanqueado por unhas paredes de tixolo sen recebar, sobre as que se dexergaba unha liña de tellados decrépitos que se estendían cara ao oeste, e máis alá unha ampla zona de brañas. Ao final do corredor había un cuarto de baño, unha desalentadora reliquia cunha antiquísima pía de mármore, unha bañeira de cinc, unha iluminación eléctrica pobre e un azulexado de madeira medio podre que cubría as tubaxes.

Como aínda era de día baixei até a praza e botei unha ollada arredor na procura dalgún lugar onde cear algo e puiden notar as estrañas miradas que me dedicaba aquela xentalla. Como o ultramarinos estaba fechado, tiven que resignarme co restaurante que antes evitara, onde me atendeu un tipo chepudo de cabeza estreita cuns ollos moi grandes que nunca pestanexaban e unha moza de nariz chato cunhas mans incrivelmente grandes. Sentínme bastante aliviado cando comprobei que case toda a comida era de lata ou de cartón. Conformeime cunha cunca de sopa de verduras con galletas salgadas, e axiña volvíñ ao meu deprimente cuarto do hotel Gilman. Cando lle pedín algo para ler, o empregado de mirada maligna colleu o xornal da tarde e unha revista chea de cagadas de mosca do escangallado andel que tiña detrás do mostrador.

Cando a escuridade foi a máis, acendín a feble e solitaria lámpada eléctrica que colgaba sobre a cama de ferro e intentei continuar o mellor que puiden coa miña lectura. Crín que o máis recomendábel sería manter a cabeza o máis ocupada posíbel, xa que non quería dar voltas ás anormalidades que vira nesta antiga e sombría vila mentres estivese nela. A delirante historia que ouvira do vello borrachón non me auguraba uns sonhos moi agradábeis, así que sentín que debía manter a imaxe dos seus ollos elouquecidos e vidrosos o máis lonxe posíbel da miña imaxinación.

Tampouco debía rememorar o que lle contara o inspector de industria ao oficinista do ferrocarril de Newburyport sobre o Gilman House e as voces dos seus hóspedes nocturnos, e menos aínda o rostro que se ocultaba baixo a tiara no escuro limiar da igrexa, un rostro cuxo horror non podía describir a miña mente consciente. Seguramente sería máis sinxelo manter o meu maxín afastado de tan escuros temas se o cuarto non flotase aquel terríbel ar de podremia. Mais así era, e aquela podremia letal mesturábase dun xeito horripilante co fedor ao peixe que inundaba a vida e que facía que un non puidese apartar os seus pensamentos da morte e a decadencia.

Outra cousa que me preocupou foi a ausencia de ferrollo na porta do

meu cuarto. Houbera un, xa que aínda se vían as marcas, mais alguén o quitara recentemente. Sen dúbida deixara de funcionar, igual que tantas outras cousas neste decrepito edificio. No meu estado de axitación, busquei polo cuarto e atopei un ferrollo no armario que parecía do mesmo tamaño que o que faltaba, a xulgar polas marcas da porta. Para tranquilizarme un pouco dentro da tensión que estaba a sufrir, ocupei un anaco do meu tempo en instalalo no seu lugar coa axuda dunha navalla suíza que levaba no chaveiro. O ferrollo encaixaba perfectamente, así que sentín certo acougo ao saber que podía trancar a porta antes de ir durmir. Non é que tivese ningún medo en especial para o necesitar, mais calquera símbolo de seguridade era benvido nun contexto como aquel. Había outros ferrollos semellantes nas portas laterais que conectaban os cuartos, así que procedín a botalos.

Non me espín, senón que decidín ler até adormecer e logo deitarme sen os zapatos, a chaqueta e a gravata. Logo collín unha lanterna da miña maleta e metina nos pantalóns para poder ver a hora se espertaba no medio da noite. Porén, non me viña o sono, e cando parei para analizar os meus pensamentos descubrín para maior ansiedade que inconscientemente me achaba á espreita, agardando ouvir algo que temía pero ao que non podía dar nome. A historia daquel inspector debeu de influír no meu maxín máis do que nun principio sospeitara. Volvín intentar ler, mais non era quen de avanzar.

Após un intre pareceume ouvir renxer as escaleiras e o corredor, como se alguén camiñase, e pregunteime se os inquilinos dos outros cuartos estarían a chegar. Non se ouvían voces, no entanto, e sorprendeume un certo ar furtivo naquela maneira de camiñar. Non gostei nada, e pensei en que se cadra sería mellor non durmir. Nesta vila vivía xente moi rara e sen dúbida houbera algunhas desaparicións. Sería esta unha desas pousadas onde asasinaban os viaxeiros para lles roubar o diñeiro? Abofé que eu non tiña pinta de ser moi rico. Ou era que os habitantes do lugar odiaban verdadeiramente os visitantes curiosos de

máis? Espertaría receos a miña excursión polas rúas coa miña frecuente consulta do mapa? Pensei en que debía de estar ben alterado para deixar que uns poucos renxidos me afectasen tanto, mais lamentei non ter comigo unha arma.

Finalmente, cando sentín unha fatiga que así e todo non viña acompañada de sono, tranquei a porta do corredor co ferrollo que acababa de colocar, apaguei a luz e deiteime no colchón duro e irregular coa chaqueta, a gravata, os zapatos e todo o demais. Na escuridade, mesmo o ruído máis leve semellaba amplificado, e a miña mente viuse atravesada por todo un torrente de pensamentos desagradábeis. Lamentei ter a luz apagada, mais estaba demasiado canso para erguerme a acendela de novo. Logo, após un longo e monótono intre e precedido por uns novos renxidos nas escaleiras e no corredor, chegou ese son suave e inconfundíbel que parecía un maligno cumprimento de todos os meus temores. Sen a mínima sombra de dúbida, con cautela, disimulo e calma, alguén estaba intentando abrir a miña porta cunha chave.

O que sentín cando recoñecín este signo de perigo real ao mellor foi menos turbador do esperábel a causa dos vagos medos que xa tiña. Aínda que non tivese motivos reais até o momento, xa estaba alerta, e iso foi o que me deu vantaxe para afrontar aquela emerxencia nova e auténtica. Así e todo, o feito de que a ameaza pasase de ser unha vaga premonición a unha realidade palpábel foi todo un golpe para min, que me bateu como unha auténtica puñada. En ningún momento se me ocorreu que aquel son fose unha simple equivocación. O único no que podía pensar era nun propósito maligno, así que fiquei quieto como un morto, agardando ao seguinte movemento do intruso.

Logo dun intre, o cauteloso escravellar parou e ouvín como alguén entraba no cuarto do lado, que quedaba ao norte. Alguén tentou abrir o fecho da porta que o conectaba co meu. O ferrollo aguantou, por suposto e ouvín renxer o chan cando o que andaba á espreita marchou. Pasado un momento captei outro ruído suave e souben que alguén entrara no cuarto

que quedaba ao sur do meu. Outra vez repetiuse o furtivo escaravellar na porta que conectaba as estancias, e outra vez a retirada. Desta volta os renxidos soaron polo descanso e as escaleiras que baixaban, polo que souben que o que intentara entrar se decatara de que as miñas portas estaban trancadas e abandonara os seus intentos polo momento, aínda que xa se vería por canto tempo.

A velocidade coa que tracei un plan é a proba de que no meu subconsciente debía de estar a temer algunha ameaza e polo tanto debía de levar horas a considerar as posíbeis vías de escape. Desde o primeiro momento sentín que aquel asexador invisíbel supuña un perigo, polo que non debía atoparme con el, senón fuxir o máis rápido que puidese. O único que podía facer era saír axiña daquel hotel por algunha saída que non fose a recepción.

Erguinme decontado e acendín a lanterna, logo prendín a lámpada que colgaba sobre a cama para seleccionar algunhas das miñas pertenzas que podía levar enriba e así poder fuxir sen a maleta. Porén, non aconteceu nada, polo que souben que cortaran a electricidade. Estaba ben claro que se puxera en marcha algunha clase de plan malvado a grande escala, aínda que non podía dicir o que era. Mentres permanecía alí coa man aínda pousada sobre a agora inútil chave da luz ouvín un renxido apagado no chan do andar de abaixo e crin distinguir algunhas voces que conversaban. Un intre despois estiven menos certo de que os sons máis graves fosen voces, xa que aquel ladrido rouco e aquel croar con sílabas pouco se parecía á linguaxe humana. Despois volvíu pensar con anovada intensidade no que o inspector de industria ouvira na noite que pasara neste edificio balorecido e pestilente.

Logo encher os petos coa axuda da lanterna, puxen o sombreiro e asomei pola xanela na punta dos pés para considerar as miñas posibilidades de baixar por alí. Malia a lexislación estatal sobre seguridade, non había saída de incendios deste lado do hotel, e comprobei que desde as miñas xanelas había unha caída perpendicular de

tres andares até o patio lastrado. Porén, á dereita e á esquerda había uns vellos edificios que se apoiaban contra o hotel e os seus inclinados tellados de lousa estaban a unha distancia de salto razoábel desde o cuarto andar no que eu me encontraba. Eu non era quen de chegar a ningún dos dous desde a miña xanela, mais se cadra podía facelo desde os cuartos contiguos, e axiña comecei a calcular as posibilidades que tiña de conseguilo.

Decidín que non podía arriscarme a saír ao corredor, onde seguro que ouvirían as miñas pisadas, e onde calquera dificultade para entrar no cuarto que escollese podería resultar imposíbel de superar. Se quería avanzar, debía facelo a través das portas menos sólidas que conectaban os cuartos, cuxos fechos e os tarabelos debía romper á forza empregando o meu ombro como un ariete alí onde for preciso. Pensei que o podería conseguir tendo en conta o escangallada que estaba a casa e o mobiliario, mais tamén me decatei de que sería imposíbel non facer ruído. Tiña que contar coa miña rapidez e coa posibilidade de chegar até unha xanela antes de que calquera forza hostil conseguise coordinarse para abrir a porta cunha chave. Reforcei a entrada do meu cuarto atrancándoa coa cómoda, que fun empurrando aos poucos para non facer ruído.

Sabía que as miñas posibilidades eran ben escasas e estaba completamente preparado para afrontar calquera calamidade. Mesmo se daba chegado até outro tellado, aquilo non había solucionar o problema, pois despois aínda tiña que chegar ao chan e fuxir da vila. Unha cousa ao meu favor era o estado ruinoso e abandonado do edificio do lado e o número de claraboias que bocexaban negras no seu alto.

Estudando o mapa que me debuxara o rapaz do ultramarinos vin que a mellor ruta para saír era polo sur, así que primeiro botei unha ollada á porta que conectaba o meu cuarto co de aquela dirección. Estaba deseñada para abrirse cara a min, e polo que puideren ver despois de sacar o tarabelo e atopar outro fecho, non era moi fácil de forzar. Daquela abandonei a idea de saír por alí e despracei o somier contra a porta para

evitar calquera ataque que puidese vir desde o cuarto dese lado. A porta da cara norte estaba montada de xeito que a podía empurrar, así que souben que aquela sería a mellor ruta, malia que comprobei que estaba fechada desde o outro lado. Se puidese alcanzar os tellados dos edificios de Paine Street e baixar con éxito até o nivel do chan, quizais sería quen de cruzar a toda velocidade o patio, logo a casa do lado ou a de enfronte e chegar Washington ou Bates, ou mesmo saír a Paine e rodear polo sur até Washington. De calquera xeito, a miña intención era chegar fose como for a Washington e afastarme rapidamente da zona de Town Square. Prefería evitar Paine, pois era posíbel que a estación de bombeiros estivese aberta toda a noite.

Mentres pensaba nestas cuestións dexerguei o noxento mar de tellados arruinados que se estendía ante min, agora iluminados polos raios da lúa case chea. Á dereita, o tallo negro do barranco do río fendía o panorama, coas fábricas abandonadas e a estación de ferrocarril erguéndose nas súas ribeiras como se fosen percebes. Máis alá o enferruxado camiño de ferro e a estrada de Rowley afastábanse por unha zona chan e húmida, zarrapicada de illotes de terra máis alta e seca onde medraba a maleza. Á esquerda, os campos atravesados por regatos estaban preto, e a estreita pista que levaba a Ipswich brillaba esbrancuxada ao luar. Desde este lado do hotel non era quen de ver o camiño do sur, que ía a Arkham e que era o que decidira tomar.

Estaba feito un saco de dúbidas sobre cando sería o mellor momento para forzar a porta norte e como podía facelo co maior sixilo posíbel, cando percibín que os vagos sons que viñan de debaixo pasaban a se converter nun novo renxido, máis pesado agora, nas escaleiras. Polas regañas da porta filtrouse unha luz trémula e a tarima do corredor comezou a resoar como se estivese a soportar un gran peso. Aproximáronse uns sons apagados que quizais eran voces, e finalmente alguén petou forte na miña porta.

Contiven a respiración durante un intre e agardei. Pareceume que

pasaba unha eternidade, e aquel fedor nauseabundo ao peixe que me rodeaba semellou aumentar de súpeto dun xeito espectacular. Logo petaron outra vez, continuamente e cunha intensidade que ía en aumento. Sabía que chegara o momento de actuar, así que saquei o tarabelo da porta norte e prepareime para abrila dunha acometida. O petar fíxose máis forte aínda e alberguei a esperanza de que o seu volume encubriese o son dos meus propios golpes. Finalmente, comecei a turrar unha e outra vez contra a delgada chapa de madeira co ombro esquerdo, completamente alleo á dor. A porta resistíase máis do que eu esperara, mais non me dei por vencido. E entrementres, o clamor de diante da porta do corredor ía en aumento.

Finalmente a porta que conectaba os cuartos cedeu, mais con tal estrondo que souben que os de fóra o ouviran. Axiña o seu petar tornouse nun bater violento, mentres que unhas chaves soaban ominosas nas portas que había a ambos os dous lados de min. Apresureime polo van que acababa de abrir e conseguín botarlle o tarabelo á porta do corredor deste novo cuarto antes de que a conseguisen abrir, mais mentres o facía puíden ouvir como unha chave viraba no fecho da porta do corredor do terceiro cuarto, aquel desde cuxa xanela tiña a esperanza de poder alcanzar o tellado de máis abaixo.

Durante un intre sentín un completo desespero, xa que semellaba completamente atrapado nun cuarto sen xanela. Unha vaga de terror sobrenatural bateu contra min cando descubrín de casualidade á luz da lanterna as pegadas que deixara o intruso que antes intentara abrir a porta do meu cuarto desde aquí. Logo, cun automatismo abraiante que venceu o meu desespero, corrín cara á seguinte porta de comunicación e empurreina sen pensar, nun esforzo por chegar ao seguinte cuarto e coa esperanza de poder botarlle o ferrollo á porta do corredor, se é que seguía igual de intacto que o da porta da estancia na que me atopaba agora.

A fortuna sorríume, xa que a porta de comunicación que había ante min non só non tiña botado o fecho, senón que de feito estaba medio

aberta. Nun segundo xa estaba do outro lado, e lanceime co xeonllo e o ombro dereitos contra a porta do corredor, que xusto nese momento se estaba a abrir. A miña rapidez colleu por sorpresa ao que a estaba do outro lado, xa que a criatura deu unha portada ao sentir o meu empurrón, polo que puiden mover o tarabelo igual que fixera na outra porta. Ao gañar este pequeno respiro, puiden ouvir como o bater nas outras dúas portas esmorecía para aumentar na porta de comunicación que eu atrancara coa cama. Facíase evidente que a maioría dos meus perseguidores entraran no cuarto que daba ao sur e estaban intentando realizar un ataque desde o lateral. Mais no mesmo momento soou unha chave no ferrollo da seguinte porta en dirección norte, e souben que había un perigo máis preto.

A porta que conectaba o meu cuarto con aquel estaba aberta de pau a pau, mais non tiña tempo de ir asegurar o fecho que xa se estaba a abrir. Todo o que puiden facer foi fechar e trancar a porta de comunicación, e o mesmo coa do outro lado, empurrando a cama contra unha e o escritorio contra a outra, e finalmente tamén despracei a pía de lavar as mans contra a porta do corredor. Vin que debía de confiar a miña seguridade a aquelas barricadas até que conseguise saír pola xanela e chegar até o tellado do bloque de vivendas que daba a Paine Street. Mais mesmo neste momento de tensión o meu principal terror non era a debilidade das miñas defensas. Estaba a tremer porque ningún dos meus perseguidores pronunciara ningún son nin remotamente humano, alén de certos arquexos, gruñidos e ladridos esparexidos e estarrecedores.

Mentres movía os mobles e me botaba contra as xanelas ouvín unha precipitada carreira polo corredor cara ao cuarto que estaba ao norte do meu, e notei que o bater na porta do sur parara. Estaba claro que a maioría dos meus adversarios intentaban concentrar as súas forzas na feble porta de comunicación que sabían que abría cara ao interior. Fóra a lúa iluminaba o tellado de debaixo e vin que o salto era desesperadamente perigoso, posto que o lugar onde debía aterrar estaba moi inclinado.

Cando examinei a situación, escollín a xanela máis ao sur para realizar a fuxida, coa idea de aterrar na vertente interior do tellado e chegar até a claraboia máis próxima. Unha vez dentro dun dos decrepitos edificios de tixolo, tiña que contar con que me perseguirían, mais tiña a esperanza de poder descender á planta baixa e poder saír por algunha das portas do patio escuro para ir dar a Washington Street e desde aí fuxir da vila cara ao sur.

O fragor na porta de comunicación do norte era agora terríbel e vin que o feble taboleiro comezaba a escachar. Obviamente, os que me asediaban trouxeran algún obxecto pesado para se serviren del como ariete. A cama, no entanto, aínda se mantiña firme no sitio, polo que cando menos tiña unha pequena oportunidade de conseguir unha fuxida exitosa. Cando abrín a xanela descubrín que estaba flanqueada por unhas pesadas cortinas de veludo, que estaban enganchadas nunha barra cuns elos de bronce e que tamén había uns sólidos ganchos para suxeitar as contras no exterior. Ao ver un posíbel xeito de evitar o perigoso salto, deilles un tirón ás cortinas e descolgueinas, barra incluída. Logo enganchei dous dos elos no gancho da contra e guindeinas fóra. Os pesados pregues chegaron de sobra até o tellado contiguo, e comprobei que os elos e o gancho ben podían aguantar o meu peso. Logo, subín á xanela, baixei pola miña improvisada escada de corda e deixei atrás para sempre o Gilman House, mórbido e inzado de horrores.

Aterrei con total seguridade sobre as lousas frouxas do tellado inclinado e conseguín chegar até unha claraboia escura sen esvarar nin unha soa vez. Botei unha ollada para arriba, á xanela pola que acababa de baixar, e comprobei que aínda estaba escura, malia que lonxe ao norte, alén do mar de chemineas medio esborralladas puiden ver que as luces brillaban ominosas no Salón de Orde de Dagon, na igrexa baptista e na igrexa congregacionista, que lembraba con arrepió. Parecía que non había ninguén no patio de abaixo, así que mantiven a esperanza de que se callar podería saír antes de que se estendese a alarma. Iluminei a claraboia coa

lanterna e vin que non había escaleiras que baixasen. A distancia non era moita, no entanto, polo que me descolguei polo bordo e deixei-me caer até un chan poeirento e cuberto de caixas e bocois acarunchados.

O lugar tiña un aspecto fantasmal, mais non podía pensar naquelas cousas agora, así que me dirixín á escaleira que me revelara a luz da lanterna, logo dunha rápida mirada ao reloxo, que marcaba as dúas da madrugada. Os chanzos renxían, pero o son non era demasiado alarmante, e apurei o paso até a planta baixa, atravesando antes un andar que tiña todo o aspecto de ser un almacén. O abandono era completo e só os ecos contestaban as miñas pegadas. Finalmente cheguei até o descanso inferior, onde alisquei un esvaído rectángulo de luz que indicaba a ruínosa porta que daba a Paine Street. Movínme na outra dirección e atopei a porta traseira tamén aberta, así que me precipitei ao exterior tras baixar cinco banzos de pedra até chegar aos lastros do patio, entre os que medraba a herba.

Ningunha luz alcanzaba este lugar, mais podía ver o camiño grazas á lanterna. Algunhas das xanelas do Gilman House brillaban cunha luz tenue e crín ouvir uns sons confusos que viñan do interior. Camiñei amodo até o lado que daba a Washington Street e vin que había varias portas abertas, así que escollín a máis próxima á miña ruta de escape. A estancia á que conducía estaba escura e cando cheguei ao outro extremo vin que a porta que daba á rúa estaba firmemente fechada. Decidín probar noutro edificio, así que volví sobre os meus pasos cara ao patio, mais parei en seco cando estiven preto da porta.

Dunha das entradas do Gilman House saía unha enorme multitude de formas dubidosas con candís que ferían a escuridade e unhas voces roucas e terribes que intercambiaban berros graves nunha lingua que abofé non era a inglesa. As figuras movíanse con inseguridade e descubrín para o meu alivio que non sabían por onde fuxira, mais así e todo dábanme un arrepío que case me paralizaba. Era imposíbel distinguir os seus trazos, mais o seu andar encollido e bambeante era repulsivo até o

abominábel. E o peor de todo foi aquela figura de estrañas vestiduras e indubidabelmente toucada cunha alta tiara de deseño demasiado familiar. Cando as figuras se dispersaron polo patio sentín que os meus temores ían en aumento. E se non atopaba ningunha saída á rúa neste edificio? O cheirume ao peixe era noxento, e sentínme abraiado de podelo aturar sen me esvaecer. Máis unha vez entrei ás apalpadelas na casa, abrín unha porta no recibidor e cheguei até un cuarto que tiña as xanelas ben fechadas mais sen tarabelo. Esculcando á luz da lanterna descubrín que podía abrir as contras, e só un intre despois xa me achaba do outro lado intentando deixar a xanela como estaba.

Estaba en Waghington Street agora e polo momento non vía nin unha soa criatura viva nin luz ningunha agás a da lúa. Porén, desde diferentes lugares, na distancia, puideron ouvir o son dunhas voces roucas, de pasos e dun curioso chapucar que non soaba a pegadas. Estaba claro que non tiña tempo que perder. Estaba ben orientado e sentínme contento de que a iluminación pública estivese apagada, como adoita ser o habitual nas zonas rurais durante as noites de lúa. Algúns dos sons viñan do sur, mais así e todo mantiven o meu plan de fuxir naquela dirección. Sabía que habería unha morea de portas abandonadas nas que me refuxiar en caso de atoparme con alguén ou con algún grupo que tivese aspecto de estar a perseguirme.

Camiñaba rápido pero con suavidade, moi pegado ás casas en ruínas. Malia que non levaba sombreiro e estaba despeiteado debido ao meu intenso descenso, non chamaba demasiado a atención, así que ben podía pasar desapercibido se me cruzaba de casualidade con algún transeúnte.

En Bates Street tiven que meterme nun portal aberto para agardar a que pasasen dúas figuras bambeantes, mais axiña estiven avanzando de novo cara ao lugar onde Eliot Street cruza en oblicuo con Washington no cruzamento do sur. Malia que nunca vira ese lugar, semellaba perigoso no mapa que me debuxara o rapaz do ultramarinos, posto que a luz da lúa o iluminaba por completo. Non había xeito de evitalo, pois unha ruta

alternativa podería implicar uns rodeos que me farían demorar demasiado. O único que podía facer era atravesar o lugar con valentía, ás claras, imitando os típicos andares dos de Innsmouth o mellor que puidese e confiando en que ninguén, ou cando menos ningún dos meus perseguidores, estivese alí.

Aínda non me podía facer unha idea de como organizaran aquela persecución e de cal era o seu propósito. Parecía haber unha actividade fóra do común na vila, aínda que supuxen que a nova da miña fuxida do Gilman aínda non se estendera. Axiña tería que deixar Washington para tomar unha das rúas que ían ao sur, xa que aquela turba do hotel seguro que me estaba a seguir os pasos. Seguramente deixara as miñas pegadas no po daquel edificio vello, polo que puideran deducir cal fora a miña vía de escape.

O cruzamento das dúas rúas estaba fortemente iluminado polo luar, tal e como eu me temía, e no centro puideren ver os restos dun parque cunha zona de céspede acoutada por un valado de ferro. Por fortuna non había ninguén, mais unha especie de zunido estraño procedente de Town Square semellaba ir en aumento. South Street era moi larga e a súa lixeira inclinación levaba directamente cara á costa, desde onde se podía ver unha boa parte do mar, así que preguei porque ninguén estivese a mirar naquela dirección mentres cruzaba baixo o brillante luar.

Non atopei impedimento ningún para avanzar e non se ouviu son que fixese sospeitar que alguén me descubrira. Ollei ao meu redor e afrouxei o paso involuntariamente durante un segundo para dexergar o mar, fermoso baixo a lúa ardente ao final da rúa. Lonxe, alén do dique, víase a liña difusa e escura do Arrecife do Diaño, e cando o albisquei non puideren evitar pensar nas terríbeis lendas que ouvira nas últimas vinte catro horas, unhas lendas que pintaban esta rocha angulosa como un auténtico portal a uns reinos de terror descoñecido e de inconcibíbel anormalidade.

Logo, sen aviso previo, vin as luces intermitentes sobre o arrecife

distante. Eran claras e non daban lugar a erro, e espertaron na miña mente un terror cego alén de toda proporción racional. Os músculos contraéronseme para comezar a correr espavorecido, mais algo me mantiña alí, unha certa cautela inconsciente ou unha fascinación medio hipnótica. E para empeorar as cousas, desde a elevada cúpula do Gilman House, que se erguía no nordeste, ás miñas costas, brillaban unha serie de escintileos semellantes, aínda que cunha frecuencia distinta, o que sen dúbida se trataba dun sinal de resposta.

Loitei por controlar os músculos e ao me dar conta do visíbel que estaba, recuperei os meus finxidos andares bambeantes, malia que non lle quitei ollo a aquel arrecife infernal e ominoso durante todo o tempo no que o tiven á vista en South Street. Non podía imaxinar o que significaba todo aquilo, a menos que se tratase dalgún estraño ritual conectado co Arrecife do Diaño, ou que os tripulantes dun barco embarrancado chegasen a nado até aquela rocha sinistra. Virei á esquerda para rodear o ruinoso xardín, coa mirada aínda fixa no océano que refulxía baixo a espectral luz da lúa estival, e ollando as crípticas cadencias daquelas balizas sen nome nin explicación posíbel.

Foi daquela cando sufrín a máis terríbel impresión que nunca recibira, a que destruíu o meu último vestixio de autocontrol e me fixo correr como un louco cara ao sur, deixando aos lados as negras portas abertas e as xanelas que miraban con ollos de peixe daquela rúa deserta de pesadelo. Logo reparei en que as augas iluminadas pola lúa que había entre o arrecife e a costa non estaban nin moito menos desertas. Bulían cunha fervente horda de figuras que nadaban cara á vila, e malia que me achaba a unha boa distancia e non parei moito tempo para as mirar, podo asegurar que aquelas cabezas e brazos que se axitaban no mar eran estrañas e aberrantes dun xeito que dificilmente se pode expresar dunha maneira racional.

A miña fuxida enlouquecida detívose antes de percorrer unha soa mazá, xa que á esquerda comecei a ouvir os sons do que semellaba unha

persecución organizada. Eran sons de pisadas e voces guturais, e tamén o troupeleo dun motor en Federal Street. Nun segundo todos os meus plans mudaran por completo, xa que se a estrada do sur estaba bloqueada máis adiante, tiña que atopar outra vía de escape de Innsmouth. Parei e metinme nun portal aberto, pensando en que tivera sorte de abandonar a praza completamente iluminada pola lúa antes de que estes perseguidores chegasen.

O segundo pensamento foi menos reconfortante. Se a turba estaba unha rúa máis abaixo, iso significaba que non me estaban a seguir. Non me viran, senón que executaban un plan que consistía en cortarme as vías de escape. Porén, isto tamén significaría que todas as estradas que saían da vila estarían igualmente vixiadas, posto que aquela xente non podía saber que ruta pretendía tomar eu. Se así era, tería que fuxir campo a través, lonxe de calquera camiño, mais como había facer tal cousa nunha rexión inzada de brañas e regatos? Durante un intre a cabeza comezou a darme voltas, en parte polo desespero e en parte polo brusco aumento do omnipresente fedor ao peixe.

Logo pensei na vía do tren abandonada que ía a Rowley, cuxa sólida liña de terra asentada e cuberta de malas herbas aínda se estendía cara ao noroeste desde a abandonada estación ao bordo do barranco do río. Había certa posibilidade de que a xente da vila non pensase nela, xa que o seu estado de completo abandono, cuberta de maleza, facíaa case impracticábel e polo tanto a vía de escape menos probábel para un fuxitivo. Víraa claramente desde a xanela do hotel e sabía onde encontrala. Ao comezo, un bo tramo era excesivamente visíbel desde a estrada de Rowley, e desde os lugares altos da propia vila, mais se cadra podería arrastrarme entre a maleza sen ser visto. De calquera xeito, podía supor a miña única oportunidade de fuxir, e non podía facer outra cousa que intentalo.

Entrei no recibidor do meu abandonado refuxio e volví consultar o mapa do rapaz do ultramarinos coa axuda da lanterna. O problema máis

inmediato era como chegar á vella vía do tren e agora sabía que o camiño máis seguro era por Babson Street, despois ao oeste por Lafayette. Alí tería que bordear, mais non cruzar, un espazo aberto semellante ao que xa atravesara, e logo de volta ao norte e ao oeste, zigzagueando por Lafayette, Bates, Adam e Bank, a última das cales bordeaba o barranco e levaba directamente á estación abandonada que vira desde a xanela. Os meus motivos para ir até Babson eran que non quería volver cruzar pola praza pola que cruzara antes e tampouco quería comezar o meu avance ao oeste por unha rúa tan larga como South Street.

Emprendín o camiño máis unha vez e crucei ao lado dereito da rúa, coa intención de bordeala até chegar a Babson do xeito máis discreto posíbel. Aínda se percibían os ruídos procedentes de Federal Street e cando ollei para atrás crín ver un tremelucir preto do edificio polo que fuxira. Nervioso por abandonar Washington Street, comecei a camiñar ao trote coa esperanza de que ningunha mirada observadora me vise. Preto da esquina de Babson Street vin alarmado que unha das casas aínda estaba habitada, cousa que testemuñaba o feito de ter cortinas, mais non había luz no interior, polo que pasei ante ela sen maior catástrofe.

En Babson Street, que se cruzaba con Federal e polo tanto podía deixarme á vista dos meus perseguidores, avancei o máis pegado que puiden aos edificios inclinados e desiguais e parei dúas veces nunha porta cando os sons que viñan de detrás aumentaron momentaneamente. O espazo aberto que se abría ante min aparecía amplo e deserto baixo a lúa, mais a miña ruta non me obrigaba a cruzalo. Durante a segunda parada comecei a notar unha nova serie de ruídos vagos e logo de esculcar con cautela desde o meu agocho, vin un coche de motor que atravesaba a praza, dirixíndose cara a fóra por Eliot Street, que alí se cruza con Babson e Lafayette.

Mentres me mantiña á espreita, golpeado de súpeto por un novo aumento daquel fedor ao peixe, vin unha panda de figuras de aspecto túzaro e chepudo que se arrastraban e bambeaban na mesma dirección, e

souben que ese debía de ser o grupo que vixiaba a estrada de Ipswich, posto que esa estrada non é outra cousa que unha extensión de Eliot Street. Dúas das que albisquei levaban roupas voluminosas e unha delas ía toucada cunha tiara de picos que brillaba esbrancuxada ao luar. Os andares deste ser eran tan estraños que sentín que un arrepío me percorría o corpo, posto que parecía que máis que andar, avanzaba a choutos.

Cando o último do grupo estivo fóra da vista retomei o meu avance. Primeiro dei a curva de Lafayette Street a toda présa e logo crucei Eliot correndo, xa que os máis atrasados do grupo aínda camiñaban por aquela estrada. Ouvín algúns sons de croar e renxer que debían de vir da zona de Town Square, mais conseguín atravesar este treito sen problemas. O meu maior temor era volver cruzar a larga South Street, iluminada pola lúa, coas súas vistas ao mar, así que tiven que concienciarme para superar aquela proba. Era fácil que houbera alguén a mirar e era probábel que os demorados de Eliot Street me puidesen descubrir desde calquera dos dous puntos. No último momento decidín que o mellor sería relaxar o paso e cruzar como fixera antes, imitando os andares bambeantes dun nativo normal de Innsmouth.

Cando o mar estivo á vista outra vez, agora á miña dereita, estaba case decidido a non mirar para el de ningunha maneira. Porén, non fun quen de me resistir e boteille unha mirada de esguello mentres avanzaba con coidado e imitando o andar bambeante cara ás sombras protectoras de diante. Non se vía barco ningún, como case esperara. No canto diso, o primeiro que albiscou o meu ollo foi un pequeno bote de remos que se aproximaba aos peiraos abandonados e que ía cargado cun obxecto voluminoso e tapado cunha lona. Os remeiros, malia que distantes e confusos, tiñan un aspecto especialmente noxento. Podían distinguirse varios nadadores e no afastado arrecife negro puiden ver un esvaído e súbito resplendor distinto da luz de baliza que vira antes, e dunha cor estraña que non puiden identificar con precisión. Sobre os tellados de

lousa que tiña diante e á dereita erguíase a alta cúpula do Gilman House, mais estaba completamente escura. O fedor ao peixe, dispersado durante un intre por algunha airexa misericordiosa, fechouse outra vez ao meu redor cunha intensidade de loucura.

Aínda non acabara de cruzar a rúa cando ouvín os murmurios dunha panda que avanzaba desde o norte por Washington. Cando chegaron á praza aberta onde tivera a miña primeira visión inquietante da auga iluminada polo luar puiden velos ás claras, a só un bloque de distancia, e horrorizoume a anormalidade bestial dos seus rostros e a inhumanidade dos seus andares de besta. Un deles movíase dun xeito simiesco, cos seus longos brazos arrastrando polo chan, mentres que outra das figuras, vestida cunha túnica e toucada cunha tiara, semellaba avanzar case a chimpos. Supuxen que esta cuadrilla sería a que vira no patio do Gilman, que ademais era a que máis de preto me seguía. Cando algunhas das figuras viraron a cabeza na miña dirección, fiquei arrepiado, aínda que conseguín manter o paso despreocupado e cambaleante que asumira. Até este día non sei se me viron ou non. Se o fixeron, a miña estrataxema debeunos de enganar, xa que cruzaron a praza iluminada pola lúa sen variar o rumbo, mentres croaban e farfallaban nalgún dialecto gutural e odioso que non puiden identificar.

Cando volvín estar arroupado polas sombras recuperei o meu paso apurado entre as casas inclinadas e decrépitas que ollaban baleiras na noite. Logo de cruzar ao lado oeste da rúa rodeei a esquina máis próxima para entrar en Bates Street, onde me mantiven pegado aos edificios da cara sur. Crucei diante de dúas casas que amosaban signos de estaren habitadas, unha das cales tiña acesas unhas luces tenues nos cuartos superiores, aínda que non me atopei con obstáculo ningún. Cando dobrei a esquina para entrar en Adams Street, sentínme razoabelmente máis seguro, mais levei un bo susto cando un home emerxeu dun escuro portal xusto diante de min. No entanto, demostrou estar demasiado bébedo como para supor unha ameaza, así que cheguei ás deprimentes ruínas dos

almacéns de Bank Street san e salvo.

Non había ninguén roldando por aquela rúa morta que se estendía canda o barranco, e o bruar dos saltos de auga axudou a disimular o ruído dos meus pasos. Había un longo treito até a estación en ruínas e os altos muros de tixolo dos almacéns que me rodeaban semellaban dalgún xeito máis terríbeis que as fachadas das casas particulares. Finalmente vin os arcos da antiga estación, ou o que restaba dela, e dirixín os meus pasos directamente cara ás vías que comezaban no lado máis afastado da mesma.

Estaban enferruxadas mais basicamente intactas e das travesas sobrevivían aínda a metade. Camiñar ou correr nunha superficie como aquela era moi difícil, mais fíxeno o mellor que puideron, e conseguín unha boa media. Durante un bo anaco, a vía mantíñase paralela á marxe do río, pero un pouco máis adiante cheguei até a longa ponte cuberta pola que cruzaba a fenda a unha altura vertixinosa. O estado da mesma había ser determinante para os meus seguintes pasos. Se estaba nun estado medianamente practicábel cruzaría por ela, mais se non o estaba tería que arriscarme a volver camiñar polas rúas até a ponte da estrada máis próxima.

A enorme lonxitude da vella estrutura, que semellaba un alpendre, brillaba fantasmal baixo o luar e comprobei que as travesas aínda estaban firmes dabondo, cando menos nos primeiros metros. Cando entrei acendín a lanterna e case me tira de costas unha nube de morcegos que pasou sobre min. Como a medio camiño había un furado perigoso, do que temín durante un intre que me había facer dar volta, mais finalmente arisquei a dar un salto desesperado, que por fortuna tivo éxito.

Sentinme feliz de ver a lúa outra vez cando saín do outro lado do macabro túnel. As vellas vías cruzaban River Street a nivel e desde aí internábanse nunha rexión cada vez máis rural na que o aborrecíbel fedor ao peixe de Innesmouth se ía esvaecendo. Aquí a densidade da broza dificultábame o avance e esgazoleme a roupa sen piedade, mais sentinme contento de que me puidesen servir de agocho no caso de verme en

perigo. Sabía que unha boa parte da miña ruta había ser visíbel desde a estrada de Rowley.

A zona de brañas comezou de súpeto, coa única vía tendida sobre un terraplén onde a maleza medraba máis rara. Logo chegaba até unha especie de illa máis alta, onde a liña pasaba por unha fenda pouco fonda, afogada polas xestas e as silveiras. Sentínme moi aliviado por esta cobertura parcial, xa que neste punto a estrada de Rowley estaba moi preto, polo que podía lembrar. Ao final da fenda, a vía cruzaba o camiño e afastábase a unha distancia máis segura, mais de momento debía de andar con moito tino. Dei grazas porque o camiño de ferro non estivese patrullado.

Xusto antes de entrar na fenda ollei para atrás mais non vin perseguidor algún. As vetustas agullas dos campanarios e os tellados da decadente Innsmouth brillaban fermosos e etéreos baixo o máxico luar amarelado e pensei no aspecto que deberan de ter nos antigos días antes de que a sombra caese sobre ela. Logo, cando virei a mirada terra dentro, algo menos tranquilizador chamoume a atención e fíxome ficar inmóbil durante un intre.

O que vin ou imaxinei foi unha inquietante suxestión de movemento ondulante lonxe no sur, unha suxestión que me fixo concluír que unha enorme horda debía de estar a saír da cidade pola estrada de Ipswich. A distancia era enorme e non puideron distinguir ningún detalle, mais non gustaba en absoluto daquela columna que avanzaba. Ondulaba demasiado e brillaba con demasiada intensidade baixo os raios da lúa, que agora baixaba polo oeste. Tamén crín percibir certos sons esvaídos, malia que o vento sopraba no sentido contrario, unha especie de rabuñar e un ouvear bestiais, aínda peores que os murmurios dos grupos que ouvira nas últimas horas.

Toda clase de conxecturas desapracíbeis cruzaron o meu maxín. Pensei neses tipos da vila extremadamente deformes dos que se dicía que se agochaban nas casopas abandonadas da costa, e pensei tamén naqueles

nadadores sen nome que vira antes. Tendo en conta os grupos que vira e os outros que supuxen que estarían a cubrir as outras estradas, o número dos meus perseguidores debía de ser estrañamente grande para unha vila tan despoboadada como Innsmouth.

De onde viñeran todos aqueles individuos da columna que agora estaba a dexergar? Estarían aquelas vellas e inexploradas chabolas inzadas dunha vida aberrante, descoñecida e insospeitada? Ou arribara un barco invisíbel cheo de forasteiros descoñecidos naquel arrecife infernal? Quen eran? Por que estaban aquí? E se unha columna de semellante tamaño estaba a rexistrar a estrada de Ipswich, as patrullas das outras estradas terían aumentado tamén en número?

Entrei na fenda cuberta de maleza e loitei por avanzar moi lentamente cando aquel maldito fedor ao peixe volveu dominalo todo. É que mudara o vento de súpeto para soprar do leste, do mar? Supuxen que si, posto que agora comecei a ouvir uns murmurios guturais que viñan daquela dirección, até ese momento completamente silenciosa. Tamén había outro son, unha especie de batuxar de aletas ou poutas que o enchía todo e que espertaba en min pensamentos do máis noxento. Fíxome pensar dun xeito completamente ilóxico na ondulante columna que avanzaba pola afastada estrada de Ipswich.

E logo tanto o fedor como o son fixéronse máis fortes, tanto que me detiven estarecido e dando grazas pola protección que me concedía a fenda. Lembrei que era xusto naquel lugar onde a estrada de Rowley se aproximaba moitísimo ao vello camiño de ferro antes de se cruzaren no leste e tomar direccións distintas. Algo viña por aquela estrada e eu debía ficar oculto até que pasase e se esvaecese na distancia. Dei grazas ao ceo porque estas criaturas non empregasen cans para seguir os rastros, se cadra porque lles sería imposíbel facelo con aquel cheirume omnipresente. Agochado entre os arbustos daquela fenda areosa sentíame razoabelmente seguro, aínda que sabía que os meus perseguidores habían cruzar a vía un pouco por diante miña, a non máis

de cen metros. Podería velos, mais eles a min non, a menos que se obrase algún maligno milagre.

Así e todo comecei a ter medo de mirar para eles. Ollei aquel espazo próximo e iluminado pola lúa de onde habían xurdir e tiveron uns estraños pensamentos sobre a irredimíbel profanación que sufriría aquel sitio. Se cadra eran os peores espécimes de toda Innsmouth, algo que un non desexaría lembrar nunca.

O fedor tornouse abafante e os sons convertéronse nunha bestial torre de babel de croares, ouveos e ladridos sen a mínima suxestión de linguaxe humana. Eran esas as voces dos meus perseguidores? Ou era que tiñan cans? Así e todo, non vira animal ningún en Innsmouth. Aquel batucar de aletas ou poutas era monstruoso, non era quen de mirar as dexeneradas criaturas que o producían. Tiña que manter os ollos fechados até que o son fose desaparecendo no oeste. A horda estaba agora moi preto, o ar luxado cos seus gruñidos roucos, a terra case tremía baixo as súas pisadas que levaban un ritmo inhumano. Case perdín o alento e puxen cada anaco da forza de vontade que me quedaba na tarefa de manter a vista fixa no chan.

Non son quen de dicir se o que seguiu foi unha realidade abominábel ou só unha alucinación de pesadelo. As medidas que tomou o goberno após as miñas desesperadas denuncias acabarán por confirmar que foi unha monstruosa realidade, mais non se podería repetir a alucinación baixo o embruxo case hipnótico desa vila antiga, enmeigada e cuberta de sombras? Esta clase de lugares teñen estrañas propiedades e o legado da súa lenda de loucura ben puido actuar en máis dunha imaxinación humana entre esas rúas mortas e fedorentas inzadas de casopas de tellados podres e igrexas abandonadas. Non é posíbel que o xermolo desta loucura se arrastre polas profundidades desa sombra que cae sobre Innsmouth? Quen pode estar seguro do que é real ou non o é após ouvir cousas como o relato de Zadok Allen? Os homes do goberno nunca atoparon o pobre Zadok e non se fixeron conxecturas sobre o que foi del. Onde acaba a

loucura e comeza a realidade? Sería posíbel que mesmo o meu último medo fose unha simple ilusión?

Mais debo intentar contar o que pensei que vin aquela noite baixo a burlona lúa amarelada, as cousas que vin ás claras ante min, avanzando e saltando pola estrada de Rowley abaixo, mentres estaba agochado entre as silveiras daquela vía de tren abandonada. Por suposto que a miña resolución de manter os ollos fechados fallou. Xa estaba condenada ao fracaso de antemán, posto que quen pode agocharse ás cegas mentres unha lexión de entidades de orixe incerto que croan e ouvean se arrastran ruidosamente ante un, a apenas uns cen metros de distancia?

Pensei que estaba preparado para o peor e realmente debería de estalo logo do que vira antes. Os meus anteriores perseguidores eran condenadamente anormais, daquela como non había estar preparado para ollar aquela anormalidade un pouco potenciada, de mirar unhas figuras nas que non había nin unha soa traza de humanidade? Non abrín os ollos até que o rouco clamor se fixo moi intenso xusto á miña fronte. Logo souben que unha boa parte deles debía de estar xa á vista no lugar onde os laterais da fenda se achandaban e a estrada cruzaba a vía, así que non puiden conter máis a curiosidade por espreitar o que aquela lúa lasciva e amarelada quería mostrarme.

Aquilo foi o final, no que me quede de vida sobre a superficie deste planeta, de calquera vestixio de paz interior e de confianza na integridade da natureza e na mente humana. Nada do que puidera imaxinar, mesmo de interpretar o louco relato do vello Zadok ao pé da letra, podería ser comparábel á demoníaca e blasfema realidade que vin ou crin ver. Intentei insinuar o que era para pospor o horror de escribilo directamente. É posíbel que este planeta enxendrase semellantes criaturas e que uns ollos humanos visen a forma corpórea duns seres que até entón só se coñecían por fantasías febrís e lendas esvaecidas?

Eu vinas, como un río interminábel, batuxando, chimpando, croando, ouveando, avanzando dun xeito inhumano baixo a luz

fantasmal da lúa nunha zarabanda de fantástico pesadelo. E algúns deles levaban altas tiaras feitas daquel metal esbrancuxado que semellaba ouro e que non tiña nome... e algúns levaban estrañas túnicas... e un, o que encabezaba a marcha, ía vestido cunha levita negra baixo a que avultaba unha gran chepa, uns pantalóns de raias, e levaba un sombreiro de pano sobre a masa deforme que supostamente era a súa cabeza.

Penso que a súa cor predominante era un gris averdallado, aínda que tiñan o bandullo branco. Case todos eran brillantes, con aspecto esvaradío, mais contaban cunha crista escamuda no lombo. O corpo era vagamente antropomorfo, mentres que a cabeza era de peixe, cuns ollos prodixiosamente saltóns que nunca se fechaban. Aos dous lados do pescozo medrábanlles unhas galas palpitantes e as súas longas gadoupas estaban unidas por unha membrana. Chimpaban dun xeito irregular, ás veces a dúas patas e ás veces a catro. Dalgún xeito sentínme aliviado ao ver que non tiñan máis de catro membros. As súas voces, que soaban como un croar ou un ouveo, transmitían unha linguaxe articulada que suplía os diferentes matices expresivos dos que carecían os seus rostros impasíbeis.

Pero malia toda a súa monstruosidade, non me eran completamente estraños. Sabía demasiado ben o que eran, posto que o meu recordo da maligna tiara de Newburyport aínda estaba ben fresco. Eran os blasfemos peixes-sapo daquel deseño descoñecido, vivos e horríbeis, e mentres os ollaba souben tamén que aquel sacerdote toucado cunha tiara que se agochaba entre as sombras da igrexa escura me lembrara a eles. O seu número era incalculábel. Pareceume que era unha horda infinita e que o breve momento en que os ollara só me amosara unha mínima fracción. Noutro intre todo se borrou grazas a un misericordioso desmaio, o primeiro que tiven na vida.

CAPÍTULO V

Foi unha bondadosa chuvia diúrna a que me tirou do meu estupor no medio da vía do tren cuberta de broza e cando cambaleei até a estrada vin que non había trazas de pegadas sobre a lama fresca. O fedor ao peixe tamén desaparecera e os tellados arruinados de Innsmouth e os seus campanarios inclinados erguíanse grises contra o sueste, mais non vin criatura viva ningunha naquelas brañas salgadas que me rodeaban. O meu reloxo aínda funcionaba e marcaba xa pasado o medio día.

Non sabía moi ben o que vivira, mais sentín que había algo terríbel que se agochaba no fondo da miña mente. Tiña que afastarme de Innsmouth e a súa sombra maligna, polo que puxen a proba as miñas entaladas e magoadas habilidades de locomoción. Malia a debilidade, a fame, o terror e o desconcerto, pasado un tempo sentín que era quen de camiñar, así que emprendín o camiño amodo pola enlamada estrada de Rowley. Antes da noitiña xa estaba na vila tomando unha comida e facendo provisión dunha roupa presentábel. Collín o tren da noite para Arkham e ao día seguinte falei longa e seriamente cos oficiais do goberno da cidade, o que repetín máis tarde en Boston. A xente xa coñece o resultado principal destas conversas, así que, en favor da normalidade, non direi máis nada sobre o asunto. Se cadra a loucura está a se apoderar de min ou se cadra está a emerxer un horror maior, ou unha marabilla.

Como moitos imaxinarían, abandonei case todos os plans que trazara para o resto da miña viaxe, as intereses arquitectónicas, anticuarias e escénicas, ás que lle dedicara unha grande atención. Nin sequera me atrevín a ir ver unha estraña peza de xoiaría que dicían que estaba gardada no Museo da Universidade de Miskatonic. No entanto, aproveitei a miña estancia en Arkham para facer unhas pescudas xenealóxicas que había tempo quería facer. Eran unhas notas bastas e rápidas, é certo, mais no futuro podía darlles bo uso cando tivese tempo de comparalas e ordenalas. O conservador da sociedade histórica da cidade, o señor B. Lapham Peabody, foi moi amábel na axuda que me prestou, e amosou un interese fóra do común cando lle contei que era o neto de Eliza Orne de

Arkham, que nacera en 1867 e casara con James Williamson, de Ohio, á idade de dezasete anos.

Parece ser que un tío materno meu estivera alí mesmo facendo unhas pescudas moi semellantes ás miñas e que a familia da miña avoa era un tema de interese local. Segundo dixera o señor Peabody, houbera bastante debate sobre o casamento do seu pai, Benjamin Orne, xusto despois da Guerra Civil, posto que os antecedentes familiares da súa esposa eran bastante desconcertantes. Díciase que esa muller era unha orfa dos Marsh de New Hampshire, e polo tanto curmá dos Marsh do Condado de Essex, mais educáranla en Francia e pouco se sabía da súa familia. Un titor legal depositara unha serie de fondos no banco de Boston para a súa manutención e a da súa institutriz francesa, mais o nome deste titor non era coñecido en Arkham e co tempo desapareceu, polo que a institutriz asumiu ese cargo por designación dun tribunal. A francesa, que agora xa levaba moito tempo morta, era unha muller moi silenciosa e houbo quen dixo que sabía moito máis do que contaba.

Porén, o asunto máis abraiante era a imposibilidade de situar os pais da moza, Enoch e Lydia Meserve-Marsh, entre as familias coñecidas de New Hampshire. Moitos suxerían que era posíbel que fose filla dalgún Marsh de boa posición social, pois abofé que tiña os ollos deles. Mais morreu nova cando deu á luz a miña avoa, que foi a súa única filla. Como eu xa asociara o nome de Marsh con certas cuestións desagradábeis, non me fixo demasiada ilusión ver que estaba na miña propia árbore xenealóxica, e aínda me agradou menos o comentario do señor Peabody de que eu mesmo tiña os ollos dos Marsh. Porén, sentínome agradecido polos datos que conseguira, que seguro que me serían de gran valor, e tomei unha morea de notas e listas bibliográficas sobre a ben documentada familia Orne.

Marchei directamente á miña casa en Toledo desde Boston e despois pasei un mes en Maumee para recuperar-me da dura experiencia vivida. En setembro ingresei en Oberlin para cursar o meu último ano e de aí até

o seguinte xuño estiven atarefado cos estudos e outras actividades que me ocupaban todo o tempo, polo que só lembraba aquel terror pasado polas ocasionais visitas oficiais da xente do goberno, relacionadas coa campaña que comezaran grazas ás miñas solicitudes. Arredor da metade de xullo, xusto un ano despois da miña experiencia en Innsmouth, pasei unha semana coa familia da miña nai en Cleveland e aproveitei para ampliar algúns dos meus novos datos xenealóxicos con varias notas sobre tradicións e reliquias familiares, para ver que clase de árbore xenealóxica podía chegar a construír.

O certo é que non gostei da visita, xa que o ambiente na casa dos Williamson sempre me deprimira. Había certa propensión á morbosidade no lugar, e a miña nai nunca me animara a visitar os seus pais cando era un neno, malia que sempre lle dera a benvida ao seu pai cando viña a Toledo. A miña avoa, que nacera en Arkham, sempre me parecera estraña e mesmo case estarrecedora, e penso que non sentín mágoa cando desapareceu. Tiña oito anos daquela e dixéranme que se deixara morrer após o suicidio do meu tío Douglas, o seu fillo máis vello. O home pegárase un tiro despois dunha viaxe por Nova Inglaterra, sen dúbida a mesma viaxe pola que o lembraban na Sociedade Histórica de Arkham.

Este tío parecíase a ela e eu nunca gustara del. Había algo nos ollos fixos e que non pestanexaban de ambos os dous que me producía un vago e inexplicábel malestar. A miña nai e o meu tío Walter non se lles parecían en nada. Tiraban máis ao seu pai, mais o pobre de Lawrence, o meu curmán pequeno, fillo de Walter, era unha réplica case exacta da súa avoa antes de que o seu estado mental fixese que o encerrasen para sempre nun psiquiátrico de Canton. Había anos que non o vía, pero o meu tío comentárame que o seu estado, tanto mental como físico, era moi malo. A preocupación por el fora probabelmente unha das causas principais da morte da súa nai dous anos antes.

O meu avó e o seu fillo viúvo Walter agora eran os únicos da nosa rama familiar de Cleveland, mais o recordo dos vellos tempos pesaba

moito. Aínda me sentía incómodo naquel lugar, así que intentei facer as miñas pescudas o máis rápido posíbel. O meu avó forneceume dunha boa cantidade de historias e tradicións dos Williamson, mais o material sobre Orne era cousa do meu tío Walter, que puxo ao meu dispor os contidos dos seus ficheiros, que incluían notas, cartas, recortes, herdanzas, fotografías e miniaturas.

Estaba repasando as cartas e debuxos da rama de Orne cando comecei a sentir un certo medo dos meus propios antepasados. Como xa dixeran, a miña avoa e o meu tío Douglas sempre me produciran inquietude. Agora, anos despois do seu pasamento, ollei os seus retratos cun sentimento bastante amplificado de noxo. Ao comezo non entendín o cambio, mais aos poucos unha especie de horríbel comparación foise abrindo paso na miña mente malia o meu rexeitamento consciente a admitir nin a máis mínima sospeita sobre aquilo. Estaba claro que a típica expresión daqueles rostros agora me lembraba a algo que antes non facía, algo capaz de me provocar un pánico extremo se o pensaba abertamente.

Mais o peor foi cando o meu tío me mostrou as xoias dos Orne, que gardaba nunha caixa de seguridade dun banco da vila. Algunhas das pezas eran delicadas e inspiradoras, mais había unha caixa que contiña unhas pezas estrañas e antigas que pertenceran á miña misteriosa bisavoa e que o meu tío non tiña moitas ganas de me amosar. Dixera que o deseño era moi grotesco e case repulsivo e, que el soubese, nunca foran levadas en público, malia que a miña avoa gustaba de mirar para elas. Circulaban unhas vagas lendas ao seu redor que falaban de mala sorte e a institutriz francesa da miña bisavoa dixeran que non se debían levar publicamente en Nova Inglaterra, aínda que en Europa podíase facer dun xeito máis ou menos seguro.

Mentres o meu tío as desenvolvía lentamente e a desgana, pedíume que non me asustase pola rareza e a frecuente fealdade dos deseños. Os artistas e os arqueólogos que as viran dixeran que a feitura era exquisitamente boa e exótica, malia que ningún foi quen de definir

exactamente o material do que estaban feitas nin asignarlles unha corrente artística específica. Había dous brazais, unha tiara e unha especie de pectoral, este último con certas imaxes en relevo dunha extravagancia case imposíbel de aturar.

Mentres as describía, collín forte as rendas das miñas propias emocións, mais o rostro debeu de delatar os meus medos, que non deixaban de medrar. O meu tío decatouse, así que deixou de desenvolverlas para estudar a miña expresión. Fíxenlle un aceno para que continuase co que estaba facendo, cousa que fixo con anovados signos de reticencia. Parecía que estaba agardar a que algo acontecese cando a primeira peza, que era a tiara, estivese á vista, mais dubido que agardase o que aconteceu en realidade. Eu non o esperaba, tampouco, xa que pensaba que estaba completamente preparado para ver calquera cousa. O que aconteceu foi que me esvaín, igual que o fixera naquela fenda do camiño de ferro un ano antes.

Desde ese día, a miña vida converteuse nun pesadelo de medos ocultos no que xa non sei canto hai de aborrecíbel realidade e canto de loucura. A miña bisavoa fora unha Marsh de orixe descoñecida cuxo home era de Arkham. Non me contara o vello Zadok que a filla que tivera Obed Marsh cun deses monstros casara cun home de Arkham grazas a un engano? E que murmurara o vello borrachón sobre que os meus ollos se parecían aos do capitán Obed? O conservador de Arkham tamén me dixerá que tiña auténticos ollos de Marsh. Fora Obed Marsh o meu tataravó? Quen ou máis ben que fora a miña tataravoa? Quizais todo era unha loucura. Aqueles abelorios de ouro esbrancuxado facilmente puideran pertencer a un mariñeiro de Innsmouth, a quen llos mercara o pai da miña tataravoa, quen queira que fose. E esa mirada nos rostros de ollos abertos da miña avoa e do meu tío o suicida ben puideran ser unha fantasía pola miña parte, unha simple fantasía alimentada pola sombra de Innsmouth que tan escuramente tinxira a miña imaxinación. Pero por que se suicidara o meu tío logo das súas pescudas en Nova Inglaterra

sobre os seus antepasados?

Loitei durante máis de dous anos, con relativo éxito, por manter eses pensamentos lonxe da miña cabeza. O meu pai conseguíume un traballo nunha aseguradora e eu soterreime na rutina todo o que puiden. Porén, durante o inverno de 1930 a 1931 comezaron os soños. Nun comezo foron poucos e vagos, mais aumentaron en frecuencia e realismo a medida que pasaban as semanas. Ante min abríanse enormes espazos acuáticos e víame atravesando titánicos pórticos e labirintos afundidos de muros ciclópeos e cubertos de algas, acompañado por uns peixes grotescos. Logo aparecían outras figuras que me enchían dun terror sen nome ao me erguer. Mais durante estes soños non me daban medo, xa que eu era un deles. Levaba os seus abelorios, pisaba os seus camiños acuáticos e erguía monstruosas oracións nos seus malignos templos do fondo do mar.

Había moitas máis cousas que non podo lembrar, pero mesmo o pouco que recordaba polas mañás era dabondo como para que me considerasen un louco ou un xenio de me atrever a escribilas. Podía sentir que un poder estarrecedor me estaba a buscar para levarme fóra do mundo dos cordos e guindarme aos abismos sen nome da loucura e a alienación, e aquel proceso fixo estragos en min. A saúde e o aspecto físico foron a peor ben rápido, até que finalmente me vin forzado a abandonar a miña vida normal para adoptar a rixida e illada vida do inválido. Encontrábame baixo o dominio dalgunha estraña enfermidade nerviosa e por momentos mesmo me sentía case incapaz de fechar os ollos.

Foi daquela cando me comecei a mirar no espello con crecente alarma. Os lentos estragos da enfermidade non son unha cousa agradábel de ver, mais no meu caso había algo máis sutil e abraiante de fondo. Polo visto o meu pai tamén o notou, porque comezou a mirarme con certa curiosidade, case con medo. Que me estaba a acontecer? Ía acabar parecéndome á miña avoa e ao meu tío Douglas?

Unha noite tiven un soño estarrecedor no que me atopaba coa miña

avoa baixo o mar. Vivía nun palacio fosforescente con moitas terrazas, con xardíns de estraños corais leprosos e grotescos afloramentos, e deume a benvida cunha amabilidade que case semellaba cousa de retranca. Cambiara, como todos aqueles que toman a senda da auga, e díxome que nunca había morrer. No canto diso fora a un lugar sobre o que estivera a pescudar o seu fillo morto e internárase nun reino cuxas marabillas, que tamén lle estiveran destinadas a el, rexeitara ao pegarse un tiro. Aquel ía ser o meu reino tamén, non podía fuxir do meu destino. Nunca morrería, senón que viviría con aqueles que xa vivían antes de que o ser humano pisase a terra.

Tamén coñecín a que fora a súa avoa. Durante oitenta mil anos Pth'thyal'yi vivira en Y'hanthlei, e alí volvera logo da morte de Obed Marsh. Y'hanthlei non fora destruída cando os homes da superficie dispararan morte contra o mar. Fora danada, mais non destruída. Os Profundos nunca poden ser destruídos, aínda que a maxia precataclísmica dos esquecidos Antigos ás veces pode afectarlles. Na actualidade descansan, mais algún día, se o lembraban, ergueranse outra vez para reclamar o tributo para o Gran Cthulhu. A próxima vez será unha cidade máis grande que Innsmouth. Teñen plans para expandirse e posúen unha arma que os axudará a facelo, mais de momento teñen que agardar un pouco. Eu terei que pagar unha penitencia por atraer a morte dos humanos de terra firme sobre eles, mais esta non será moi dura. Este foi o soño en que vin un shoggoth por primeira vez e a súa simple visión fíxome espertar cun berro arrepiante. Aquela mañá o espello díxome definitivamente que adquirira a pinta de Innsmouth. Tampouco fecho os ollos, como o meu tío Douglas.

Merquei unha pistola automática e case dei o paso, mais algúns soños detivéronme. As tensas cordas do horror están a afrouxar e agora podo sentir unha estraña atracción polas descoñecidas profundidades do mar, máis que temor. Ouzo e fago cousas moi raras durante o soño e esperto enchido dalgunha clase de exultación e xa non de medo. Non creo que

teña que agardar a cambiar completamente como case todos. Se o fago, o meu pai probabelmente me encerraría nun psiquiátrico, igual que ao meu pobre curmán pequeno. Uns esplendores magníficos e nunca vistos agárdanme abaixo e desexo ir na súa procura axiña. *Iä-R'lyeh! Cthulhu fhtagn! Iä! Iä!* Non, non me vou pegar un tiro, ese non é o meu destino!

Trazarei un plan para soltar o meu curmán do manicomio de Canton e xuntos emprenderemos o camiño a Innsmouth e as súas marabillas sombrizas. Nadaremos xuntos até ese arrecife cheo de vida e mergullarémonos, cruzando os negros abismos, até chegarmos a Y'hanthlei, ciclópea e de moitas columnas, e naquel fogar dos Profundos viviremos para sempre rodeados de magnificencia e gloria.



O QUE ASEXA NA ESCURIDADE

[*The Haunter of the Dark* foi escrita en novembro de 1935 e publicada en decembro de 1936, na revista *Weird Tales* (Vol. 28, n.5, pp. 538-554)]

O Vín o universo escuro abriuse onde os negros planetas viran sen propósito, onde viran no seu horror desprezado, sen consciencia común de que Robert Blake morreu ben a causa dun rato ou ben por un profundo ataque nervioso derivado dunha descarga eléctrica. É certo que a xanela ante a que se atopaba estaba intacta, mais a natureza ás veces tense amosado capaz de espectáculos do máis abraiante. A expresión que tiña no rostro podía ter algunha descoñecida causa muscular que non tivese ningunha relación con algo que viu, mentres que as entradas do seu diario poderían ser claramente o resultado dunha imaxinación portentosa, alimentada por certas supersticións locais e por algúns antigos asuntos que el desenterrara. En canto ás anómalas condicións da igrexa abandonada de Federal Hill, o analista con bo ollo non tarda en atribuílas a certas imposturas coas que, consciente ou inconscientemente, Blake debía de estar secretamente conectado.

Despois de todo, a vítima era un escritor e pintor dedicado en corpo e alma ao campo do mito, do soño, do terror e da superstición, ávido na súa procura de escenas e efectos estraños e espectrais. A súa primeira estancia na cidade fora para visitar un estraño ancián tan consagrado ao oculto e ao arcano coma el e rematara con morte e chamas, polo que debeu de ser algunha clase de instinto mórbido o que o trouxo de volta do seu fogar en Milwaukee. Dixese o que dixese o seu diario, debía de estar ao corrente das vellas historias e a súa morte tivo que supor cortar de raíz un enorme engano destinado a ter máis tarde un reflexo literario.

Porén, entre aqueles que examinaron e compararon todas as evidencias aínda hai algúns que se inclinan ás teorías menos racionais e lóxicas. Tenden a considerar auténtico unha boa parte do contido do diario de Blake e apuntan a certos feitos como a indubidábel autenticidade da vella igrexa, a existencia verificada da odiada e heterodoxa seita da Sabedoría Estelar antes de 1877, a desaparición dun xornalista curioso chamado Edwin M. Lillibridge en 1893 e, por riba de todo, o xesto do rostro do novo escritor no momento da súa morte, que era dun terror monstruoso. Foi un destes investigadores, levado até o límite do fanatismo, quen guindou á baía a pedra de estraños ángulos coa súa caixa metálica de rara decoración que atoparon no campanario da igrexa, ese campanario negro e sen xanelas e non a estancia da torre na que dicía Blake no seu diario que se achaban orixinalmente. Aínda que foi amplamente silenciado tanto por medios oficiais como extraoficiais, este home, un reputado médico cun gusto especial polo folclore estraño, aseguraba que librara a terra de algo demasiado perigoso para deixalo por aí solto.

A partir destas dúas correntes de opinión, o lector debe xulgar onde prefere situarse. Os xornais xa se fixeron eco dos detalles do caso desde un punto de vista escéptico, deixando para os demais a descrición do asunto tal e como o viu Robert Blake, ou máis ben tal e como pensou velo, ou pretendeu velo. Agora, logo de estudar o diario polo miúdo, dun xeito desapaixonado e con tempo, resumirei a escura cadea de eventos que aconteceron desde o punto de vista do seu actor principal.

O mozo Blake volveu a Providence no inverno de 1934 a 1935, e alugou o andar superior dunha antiga residencia rodeada por un xardín en College Street, sobre o cumio do grande outeiro que se ergue ao leste preto do campus da Universidade de Brown e detrás do edificio de mármore da biblioteca John Hay. Era un lugar acolledor e fascinante, situado no medio dun oasis axardinado de antigüidade local, onde grandes gatos mansos se deitaban ao sol sobre os tellados. A casa de estilo

xeorxiano e planta cadrada tiña un tellado con claraboias, un portal clásico con mainel de abano, xanelas de rombos pequenos e todas as outras características que definen a arquitectura de comezos do século XIX. Dentro había portas de seis paneis, amplos chans de madeira, unha escaleira de caracol de estilo colonial, peitorís brancos do tempo dos Adam e unha serie de cuartos traseiros tres chanzos por baixo do nivel normal do piso.

O estudio de Blake, unha estancia grande que daba ao suroeste, dominaba o xardín dianteiro por un lado, mentres que as súas xanelas occidentais, diante das cales estaba situado o seu escritorio, dexergaban o cimo do outeiro e amosaban unha espléndida vista dos tellados baixos da vila e dos místicos solpores que ardían tras deles. No afastado horizonte estendíase o campo coas súas costas cor púrpura. Ao fondo, como a tres quilómetros de distancia, erguíase a chepa espectral de Federal Hill, ourizada de tellados picudos e de campanarios cuxos afastados contornos ondeaban misteriosos, tomando fantásticas formas cando o fume da cidade se erguía e os envolvía. Blake tiña a curiosa sensación de que estaba a ollar algunha clase de mundo descoñecido e etéreo que ben podía esvaecerse nun soño se intentaba ir na súa procura e profanalo.

Como mandara vir da casa case todos os seus libros, Blake mercou algúns mobles antigos axeitados á súa gorida e acomodouse no lugar para escribir e pintar, vivindo só e atendendo aos poucos quefaceres domésticos el mesmo. O seu estudio estaba nun cuarto do ático que daba ao norte, onde as claraboias do tellado achegaban unha iluminación admirábel. Durante aquel primeiro inverno escribiu cinco das súas historias máis coñecidas: «O escavador de abaixo», «As escaleiras da cripta», «Shaggai», «No val de Pnath» e «O devorador estelar», e pintou sete lenzos, traballos sobre monstros inhumanos e sen nome, e paisaxes profundamente estrañas e extraterrestres.

Ao solpor adoitaba sentar no escritorio e ollar somnolento cara ao oeste, as altas torres do Memorial Hall xusto en fronte, o campanario

xeorxiano dos xulgados, as altivas agullas do barrio do centro e aquel túmulo trémulo e coroado por unha torre que se erguía na distancia e cuxos secretos descoñecidos e labirínticos tellados alumeaban con forza o seu maxín. Polos seus escasos coñecidos na vila soubo que a afastada aba era un gran barrio italiano, aínda que a maior parte das casas eran o que quedaba dos antigos días dos ianquis e os irlandeses. Unha e outra vez fixaba os seus prismáticos naquel mundo espectral e inalcanzábel que se erguía alén do fume ondeante, escollía algún tellado, cheminea ou campanario e especulaba sobre os estraños e curiosos misterios que albergarían. Mesmo con axuda dos cristais de aumento, Federal Hill ás veces semellaba un lugar alleo á realidade, medio fabuloso e vinculado ás marabillas irreais e intanxíbeis dos propios contos e pinturas de Blake. Aquel sentimento persistía un bo tempo despois de que o outeiro se fundise na penumbra violácea e iluminada polos farois, e despois de que os focos dos tribunais e o faro vermello de Industrial Trust se acendesen para converter a noite nun espectáculo grotesco.

De todos os distantes elementos que compuñan Federal Hill, o que máis fascinaba a Blake era unha enorme igrexa negra. Distinguíase bastante ben a certas horas do día, e coa caída do sol a gran torre do campanario recortábase negra contra o ceo chameante. Parecía que estaba construída sobre unha zona especialmente alta, xa que a morriñenta fachada e a cara norte, cos seus tellados inclinados e xanelas oxivais, erguíanse atrevidas sobre a madeixa de beirados e chemineas. Especialmente sombría e austera, semellaba estar construída en pedra e castigada polo fume e os temporais dun século ou máis. O estilo, até o que se podía distinguir polos prismáticos, pertencía ao período máis antigo e experimental do renacemento gótico que precedeu o actual período Upjohn, e amosaba certos trazos e proporcións da época xeorxiana. Se cadra construírana arredor de 1810 ou 1815.

A medida que pasaron os meses, Blake non deixaba de observar a afastada estrutura cun interese estraño e crecente. Como as enormes

xanelas nunca se iluminaban, soubo que debía de estar baleira. Canto máis observaba, máis funcionaba a súa imaxinación, até que ao final comezou a imaxinar cousas raras. Cría que unha vaga e singular aura de destrución aboiaba sobre o lugar, posto que nin sequera as pombas e as andoriñas se pousaban nos seus cincos peitorís. Arredor das outras torres e campanarios os seus prismáticos revelaban grandes bandadas de paxaros, mais alí nunca paraban. Cando menos iso era o que pensaba e o así o escribiu no diario. Faloulle do lugar a algúns dos seus amigos, mais ningún deles estivera en Federal Hill nin tiña a máis mínima idea sobre que igrexa se trataba.

Na primavera unha grande inquietude apoderouse del. Comezara a traballar na novela que levaba moito tempo planeando, unha historia baseada nunha suposta supervivencia do culto das bruxas en Maine, mais por algún estraño motivo non daba avanzado. Pasaba máis e máis tempo sentado na súa xanela occidental e ollando para o distante outeiro e para o campanario negro e malhumorado que evitaban os paxaros. Cando as delicadas follas agromaron de novo nas pólas dos xardíns, o mundo encheuse dunha renovada alegría, mais a inquietude de Blake non facía máis que aumentar. Foi daquela cando pola primeira vez pensou en cruzar a cidade e en subir a máxica costa para entrar naquel brumoso mundo do soño.

A finais de Abril, xusto antes da sempre sombriza noite de Walpurxis, Blake fixo a súa primeira incursión no descoñecido. Atravesou as interminábeis rúas do centro e as descoloridas e abandonadas prazas de máis alá, até que finalmente chegou a unha avenida que ascendía, cos seus chanzos desgastados por un século de uso, os seus soportais dóricos afundidos e as súas cúpulas embazadas que lle fixeron pensar que pertencían a ese mundo inalcanzábel e coñecido de alén das néboas. Había uns sinais brancos e azuis descoloridos que non podía entender e de súpeto reparou nos rostros estraños e morenos da multitude que andaba pola rúa, e os carteis escritos en idioma estranxeiro

que penduraban sobre as tendas dos edificios marróns e gastados polo tempo. Non puido atopar ningún dos lugares que vira desde lonxe, así que máis unha vez imaxinou que a Federal Hill que dexergaba na distancia era un mundo onírico que nunca habían pisar os pés humanos.

Aquí e acolá aparecía a fachada escunchada dunha igrexa ou un campanario a medio esborrallar, mais non viu trazas da torre negra que procuraba. Cando lle preguntou a un tendeiro sobre a grande igrexa de pedra, o home sorriu e abaneou a cabeza, malia que sabía inglés dabondo. Cando Blake subiu máis arriba, o lugar foi parecéndolle máis e máis estraño, con labirintos abraiantes e ruelas escuras que non deixaban de aparecer para dirixirse sempre ao sur. Cruzou dúas ou tres avenidas largas e nunha destas pensou ollar unha torre que lle era familiar. Máis unha vez preguntoulle a un mercador sobre a igrexa de pedra, e desta volta puido xurar que a ignorancia do seu interlocutor era finxida. No rostro moreno do home había unha mirada de medo que intentaba agochar e Blake viuno facer un estraño aceno coa man dereita.

Logo, de súpeto, á súa esquerda apareceu o campanario negro recortado contra o ceo anubrado, sobresaído das ringleiras de tellados marróns que se inclinaban sobre as ruelas retortas do sur. Blake recoñeceuno ao momento e avanzou cara a el a través das estreitas rúas sen lastrar que subían desde a avenida. Perdeu o camiño dúas veces, mais dalgún xeito non se atrevía a preguntar aos patriarcas ou ás señoras que estaban ante as portas, nin aos nenos que berraban e xogaban entre a lama das calexas sombrizas.

Finalmente viu a torre ás claras no sudoeste e unha enorme masa de pedra escura que se erguía no final da rúa. De súpeto achouse no medio dunha praza aberta varrida polo vento, estrañamente lastrada e cun alto muro que a delimitaba por un lado. Ese era o final da súa procura, xa que sobre o adro largo, cercado e cuberto de malas herbas que o muro soportaba, como se fose un mundo separado a dous metros do nivel das rúas circundantes, erguíase un adusto e titánico vulto cuxa identidade,

malia a perspectiva distinta de Blake, estaba fóra de toda disputa.

A igrexa baleira estaba nun estado de gran decrepitude. Algún dos altos contrafortes de pedra caera e varios delicados floróns xacían medio perdidos entre a herba marrón e descoidada. As tismadas xanelas góticas estaban enteiras, pero moitos dos parteluces de pedra desapareceran. Blake preguntouse como puideran sobrevivir aqueles vidros de escuras pinturas tendo en conta os ben coñecidos hábitos dos nenos. As inmensas portas estaban intactas e firmemente fechadas. Por todo o perímetro do muro do adro e delimitando completamente o terreo, erguíase un enferruxado valado cuxa porta, situada ao final das escaleiras que subían desde a praza, tiña un cadeado ben á vista. A senda que levaba á porta do edificio desaparecera por completo. A desolación e o abandono flotaban sobre o lugar como un sudario e nos peitorís sen paxaros e nos muros negros e sen hedra Blake puido sentir un ar vagamente sinistro que non podía definir con palabras.

Había moi pouca xente na praza, mais viu un policía no lado norte, polo que se achegou a el para facerlle unhas preguntas sobre a igrexa. Era un irlandés ben grande e foi raro que se limitase a persignarse e a murmurar que a xente nunca falaba sobre aquel edificio. Ante a insistencia do seu interlocutor contou con atropelo que os curas italianos alertaban a todo o mundo contra o lugar, xa que alí habitara e deixara a súa marca un mal monstruoso. El mesmo ouvira escuras murmuracións sobre a igrexa de boca do seu pai, quen lembraba certos sons e rumores que ouvira alí de neno.

Houbera unha seita maligna antano, unha seita sen lei que invocaba cousas terríbeis dalgún descoñecido abismo da noite. Fora preciso un bo cura para exorcizar o que viñera, mais había xente que dicía que abundaba coa luz para o facer. Se o Pai O'Malley vivise podería contar máis dunha cousa sobre o asunto, pero agora non había nada que facer agás deixala onde estaba. Agora non lle facía dano a ninguén e os seus donos estaban mortos ou moi lonxe. Fuxiran como ratas despois das

historias do 77, cando a xente comezou a notar que desaparecían algúns veciños de cando en vez. Algún día o concello se faría con ela por falta de herdeiros, mais nada bo se podía tirar dela. O mellor sería deixala en paz até que caese e que as cousas que albergaba descansasen para sempre soterradas no seu negro abismo.

Logo de marchar o policía, Blake ficou fitando a tétrica torre do campanario. Resultáballe excitante descubrir que o lugar lle parecía igual de sinistro aos demais e preguntouse canto de verdade podería haber nos vellos contos que acababa de repetirlle o policía. Probabelmente eran simples lendas que evocaba o aspecto maligno do lugar, mais así e todo, era como a encarnación dun dos seus propios contos.

O sol da tardiña saíu de detrás das nubes que se estaban a dispersar, mais semellaba incapaz de iluminar as paredes luxadas e morriñentas do vello templo que se erguía sobre o adro elevado. Era estraño ver que o verde da primavera non lle chegaba a aquelas herbas marróns e murchas. Blake atopouse rodeando o adro e examinando o muro e o valado enferruxado para ver se había algún xeito de entrar. A basílica negra exercía unha terríbel atracción á que non se podía resistir. O valado non tiña aberturas preto dos chanzos, mais pola cara norte faltaban algunhas barras. Podía subir as escaleiras e despois rodear polo paso estreito que quedaba fóra do valado até chegar ao oco. Se a xente lle tiña tantísimo medo ao lugar, non atoparía obstáculos.

Xa estaba sobre o muro e case do outro lado do valado antes de que ninguén se dese conta. Logo mirou abaixo e viu a pouca xente da praza que se afastaba e facía coa man dereita o mesmo aceno que fixera o mercador da avenida. Fecháronse unhas poucas xanelas e unha muller gorda entrou correndo na rúa para coller un cativo e metelo axiña nunha casa escangallada e sen pintar. Foille ben doado cruzar o oco do valado, e nun intre Blake xa se atopaba camiñando entre as herbas podres e retortas do adro deserto. Aquí e acolá o toco roto dunha lápida dicíalle que antano houbera un camposanto no lugar, mais polo que viu debiera de ser

había moito. O escarpado vulto da igrexa abafábao agora que estaba tan preto, mais superou este sentimento e aproximouse para ver se as tres grandes portas da fachada estaban abertas. Todas estaban ben fechadas, logo decidiu dar a volta ao ciclópeo edificio na procura dalgunha abertura menor e máis penetrábel. Mesmo daquela non estaba certo de se desexaba entrar naquel cubil de abandono e sombra e, así e todo, a puxanza da súa estrañeza arrastrábao sen remedio.

Unha xanela aberta e sen reixas do soto foi a entrada que precisaba. Cando se asomou, Blake viu un pozo subterráneo de arañeiras e po levemente iluminado polos poucos raios do sol poñente que se escoaban. Entullo, bocois vellos, caixas podres e mobles de distintos tipos enchían o cadro, todos cubertos por unha capa de po que suavizaba os ángulos. Os restos enferruxados dunha caldeira de calefacción amosaban que o edificio estivera en uso cando menos até a metade do período vitoriano.

Actuando case de xeito inconsciente, Blake arrastrouse pola abertura e deixouse caer sobre o chan de cemento alfombrado de po e lixo. O soto abovedado era enorme, sen tabiques, e nunha esquina afastada da dereita, entre as sombras mestas, viu unha arcada negra que evidentemente debía de levar arriba. Tivo unha particular sensación de opresión cando se achou dentro daquel grande e espectral edificio, mais mantívoa a raia mentres inspeccionaba lugar. Logo atopou un bocoí intacto entre o po e levouno a rolos até o pé da xanela aberta para poder saír. Despois fixo provisión de forzas e cruzou o espazo amplo e cuberto de arañeiras en dirección ao arco. Medio afogado por mor do omnipresente po e cuberto de arañeiras fantasmais, chegou ao seu destino e comezou a subir polas gastadas escaleiras de pedra que ascendían cara á escuridade. Non tiña luz, mais ía avanzando coidadosamente ás apalpadelas. Após unha curva pronunciada sentiu que se achaba ante unha porta fechada e despois de tentear un pouco atopou a vetusta aldraba. Abría para dentro e detrás viu un corredor en penumbra forrado dunha madeira acarunchada.

Unha vez na planta baixa, Blake comezou unha rápida exploración.

Todas as portas interiores estaban abertas, así que foi quen de ir de cuarto en cuarto. A colosal nave central era un lugar case irreal, coas súas moreas de po que cubrían os bancos de madeira, o altar, o púlpito en forma de reloxo de area, e as titánicas cordas de teas de araña tendidas entre os arcos oxivais da galería e unindo os acios de columnas góticas. Sobre toda esta silenciosa desolación reinaba a luz abominábel e chúmbea que producían os raios do sol poñente ao atravesar os vidros estraños e denegridos das grandes xanelas absidais.

Os deseños de devanditas vidreiras estaban tan escurecidos pola feluxe que Blake apenas era quen de descifrar o que representaban, mais polo pouco que puido distinguir, non gustou deles. Eran moi convencionais, e o seu coñecemento do simbolismo escuro díxolle bastante sobre os antigos patróns. Os poucos santos que había representados amosaban expresións moi reprobábeis, mentres que unha das xanelas parecía que só tiña un espazo negro cunhas espirais dunha estraña luminosidade espaxadas por aí. Cando apartou a vista das xanelas, Blake descubriu que a cruz cuberta de arañeiras que se erguía tras do altar non era das normais, senón que máis ben lembraba ao primordial *ankh*, a cruz do sombrizo Exipto.

Nunha sacristía traseira que había detrás da ábsida atopou un escritorio podrecido e un alto andel de libros balorentos e case desintegrados. Aquí pola primeira vez sentiu un golpe de auténtico terror, xa que recoñeceu os seus títulos. Eran asuntos escuros e prohibidos dos que a maior parte da xente corda nunca ouviu falar, ou ouviu falar só entre murmurios furtivos e temerosos. Eran os vedados e temidos gardiáns de segredos dubidosos e fórmulas inmemoriais que foran atravesando o río do tempo desde os días da xuventude da humanidade e os tempos neboentos e fabulosos anteriores ao ser humano mesmo. El mesmo lera moitos deles, como unha versión latina do aborrecíbel *Necronomicon*, o sinistro *Liber Ivonis*, os infames *Cultes des Goules* do Conde d'Erlette, o *Unaussprechlichen Kulten* de von Junzt, e o infernal *De*

Vermis Mysteriis do vello Ludvig Prinn. Mais había outros dos que ou ben só tivera novas ou nin iso sequera, como os *Manuscritos Pnakóticos*, o *Libro de Dzyan*, e un volume feito cachizas escrito cuns caracteres completamente imposíbeis de identificar, mais que contiña certos símbolos e diagramas de significado estarrecedor para calquera estudoso do oculto. Estaba claro que os persistentes rumores locais non mentían. Este lugar fora noutro tempo a gorida dun mal máis vello que a humanidade mesma e máis grande que todo o universo coñecido.

Sobre o escritorio arruinado había un pequeno diario encadernado en pel que contiña unha serie de anotacións feitas nun estraño sistema criptográfico. O manuscrito consistía nunha serie de símbolos tradicionais que a día de hoxe se empregan en astronomía e antigamente en alquimia, astroloxía e outras artes dubidosas. As representacións do sol, a lúa, os planetas, e aspectos e símbolos zodiacais amoreábanse en sólidas páxinas de texto, con espazos e parágrafos que suxerían que cada símbolo respondía a unha letra do alfabeto.

Gardou o volume no peto do abrigo coa esperanza de entender o criptograma máis tarde. Moitos dos grandes tomos dos andeis fascinábano en gran medida, e sentiuse tentado a colellos prestados noutro momento. Preguntouse como puideran permanecer alí intactos durante tanto tempo. Acaso fora el o primeiro e vencer ao medo abafador e penetrante que durante case sesenta anos mantivera afastados dese lugar os visitantes?

Logo de explorar ben o andar de abaixo, Blake atravesou máis unha vez a poeirenta e espectral nave central até o vestíbulo frontal, onde vira unha porta que levaba a unhas escaleiras, que probabelmente subisen até a denegrada torre e o seu campanario, lugares que desde había tempo lle eran moi familiares na distancia. O ascenso foi unha experiencia abafadora, posto que o po era moi mesto e as arañas traballaran arreo nun lugar tan estreito. O tiro de escalas formaba unha espiral, cos seus estreitos chanzos de madeira, e aquí e acolá Blake pasou por diante dunha

xanela de vidros afumados que ollaba borrosa sobre a cidade. Malia que non vira cordas abaixo, tiña a esperanza de atopar unha campá ou un par delas ao final da torre cuxas estreitas xanelas oxivais cubertas con celosías estudara tantas veces cos seus prismáticos. Mais estaba destinado á decepción, xa que cando chegou ao final das escaleiras atopouse con que non había carillóns na cámara da torre e con que o espazo estaba claramente dedicado a outro propósito.

O cuarto, que tiña uns catro metros cadrados estaba levemente iluminado por catro xanelas oxivais, unha a cada lado, cubertas todas con aquelas celosías de madeira medio podrecidas. Sobre elas cravaran ben apertadas unhas táboas opacas, mais había tempo que desapareceran. No centro do chan alfombrado de po erguíase un piar de pedra cuns ángulos ben raros dun metro de altura e medio metro de diámetro, cuberto por todos os lados cuns xeroglíficos estraños, de basta feitura e completamente irrecoñecíbeis. Sobre este piar descansaba unha caixa de metal de forma peculiarmente asimétrica coa tapa aberta. No interior, debaixo dunha capa de po de máis dunha década xacía o que parecía un ovo ou un obxecto esférico pero irregular duns poucos centímetros de diámetro. Arredor do piar e formando un círculo desigual había sete cadeiras góticas de respaldo alto aínda bastante ben conservadas, mentres que detrás delas, aliñadas ao longo das escuras paredes había sete enormes estatuas de arxila pintada que máis que a outra cousa lembraban aos crípticos megálitos tallados na Illa de Pascua. Nunha esquina da sala chea de arañeiras, unha escada chantada na parede levaba arriba até unha trapela que daba ao campanario cegado.

Cando os ollos de Blake se afixeron á luz feble notou que había uns estraños baixorrelevos tallados na caixa aberta de metal amarelado. Aproximouse e intentou limpar o po coa axuda dun pano, para descubrir que os deseños eran dunha clase absolutamente monstruosa e allea a todo o coñecido, xa que retrataban unha entidades que, aínda parecendo seres vivos, non lembraban a ningunha forma de vida que vivise nunca neste

planeta. A pretendida esfera de dez centímetros demostrou ser un poliedro case negro con veas vermellas e varias caras planas e irregulares, que ben podía ser un cristal especial dalgún tipo ou ben algunha clase de obxecto artificial feito cun mineral moi puído. Non tocaba o fondo da caixa, senón que se sostiña suspendido por unha banda metálica que lle cinguía o centro e da que saían sete soportes de estraño deseño que se estendían horizontalmente até os ángulos da cara interior da caixa, preto do bordo superior. A pedra, unha vez revelada ante os seus ollos, produciu en Blake unha fascinación case alarmante. Apenas podía quitarlle os ollos de enriba, e cando ollaba as súas superficies brillantes case a imaxinaba transparente, contedora de mundos a medio formar. Na súa mente aboiaban imaxes de orbes extraterrestres con grandes torres de pedra e doutros orbes con montañas titánicas e sen trazas de vida, e outros espazos aínda máis afastados onde só unha lene axitación na vaga negrura testemuñaba a presenza de consciencia e de vontade.

Cando conseguiu apartar a vista fixouse nunha singular morea de po de forma irregular que se erguía na esquina máis afastada, preto da escada que subía ao campanario. Non podía dicir por que lle chamara a atención, mais había algo nos seus contornos que lle levou unha mensaxe ao seu subconsciente. Avanzou até alí e, mentres apartaba as arañeiras que lle bloqueaban o camiño, comezou a notar algo terríbel naquela morea. Cando apartou o po coa axuda do pano axiña se revelou a verdade e tivo que conter un berro froito da mestura de emocións. Era un esqueleto humano e debía de levar alí moitísimo tempo. A roupa estaba feita cachizas, mais algúns dos botóns e fragmentos de tea revelaban que se trataba dun traxe de home cor gris. Había outras pequenas evidencias, como zapatos, broches de metal, grandes botóns para uns puños redondos, un alfinete de gravata, unha insignia de repoteiro co nome do antigo *Providence Telegram* e unha carteira de pel estragada. Blake examinou esta última con coidado e no interior atopou uns poucos billetes antigos, un calendario publicitario de celuloide de 1893, algúns cartóns de visita co nome de «Edwin M. Lillbridge» e un papel cheo de

anotacións a lapis.

O papel era de natureza bastante abraiante e Blake leuno con atención á luz difusa da xanela occidental. O seu texto desarticulado incluía frases como as que seguen:

O Profesor Enoch Bowen volve de Exipto en maio de 1844, merca a vella Igrexa de Free Will en xullo, o seu traballo arqueolóxico e os seus estudos sobre o oculto son ben coñecidos.

O Doutor Drowne, da igrexa baptista da rúa 4 advirte no seu sermón do 29 de decembro contra a Sabedoría Estelar.

1844. 97 na congregación a finais do 45.

1846, 3 desaparicións, primeira mención ao Trapezoedro Resplandecente.

7 desaparicións en 1848, comezan as historias sobre sacrificios sanguentos.

A investigación de 1853 non chega a nada. Rumores sobre sons.

O pai O'Malley di que a adoración ao diaño apareceu xunto coa caixa nunhas grandes ruínas de Exipto. Conta que invocan algo que non pode existir baixo a luz. Foxe ante a luz feble e desaparece coa luz forte. Convocárono de novo. Probabelmente tirase esta información da última confesión de Francis X. Feeney, que se uniu á Sabedoría Estelar no 49. Esta xente conta que o Trapezoedro Resplandecente lles amosa o ceo e outros mundos e que o que Asexá na Escuridade cóntalles segredos dalgunha maneira.

A historia de Orrin B. Eddy, 1857. Invócano ollando para o cristal e teñen unha linguaxe secreta.

200 máis na congregación en 1863, as cabezas visíbeis son só homes.

Os mozos irlandeses atacan a igrexa en 1869 logo da desaparición

de Patrick Kegan.

Artigo velado no J. o 14 de marzo do 72, mais a xente non fala do asunto.

6 desaparicións en 1876, o alcalde Doyle convoca un comité secreto.

Decídese actuar en febreiro.

1877, a igrexa fecha en abril.

Unha panda de mozos de Federal Hill ameazan o doutor e outros congregados.

181 persoas deixan a cidade antes de rematar o 77, non se mencionan nomes.

As historias de fantasmas comezan en 1880, tratar de pescudar se é certa a afirmación de que ningún ser humano entrou na igrexa desde 1877.

Pedirlle a Lanigan a fotografía do lugar tomada en 1851.

Logo de devolver o papel á carteira e metela nun peto do seu abrigo, Blake virouse para ollar o esqueleto que xacía sobre o po. As implicacións das notas estaban bastante claras e non podía haber dúbida sobre o feito de que este home chegara até o edificio abandonado había corenta e dous anos na procura dunha boa historia para o xornal, que ninguén fora valente dabondo para ir buscar. Se cadra non había ninguén máis ao corrente do seu plan, quen o podía dicir? Mais nunca volveu ao seu traballo. Ao final puidéralle o medo e falláralle o corazón? Blake parou ante os brillantes ósos e fixouse no seu peculiar estado. Algúns deles estaban crebados de mala maneira e uns poucos semellaban como disoltos nos extremos. Outros tiñan unha cor estrañamente amarelada, como se estivesen chamuscados. E isto estendíase tamén a algúns dos fragmentos de roupa. O estado da caveira era ben peculiar, manchada de amarelo e cun furado de abrasión na parte superior, como se algún poderoso ácido

lle atravesase o óso sólido. O que lle acontecera ao esqueleto durante as súas catro décadas de silencioso encerro naquel lugar era algo que Blake non podía imaxinar.

Antes de se decatarse, estaba a ollar outra vez para a pedra e deixando que a súa rara influencia evocase neboentas magnificencias na súa mente. Viu procesións de figuras encarrapuchadas e vestidas con túnicas e caparuzas cuxa forma non era humana e dexergou infinitas leguas de deserto bordeadas por monólitos de pedra tallada que chegaban ao ceo. Viu torres e muros nas profundidades nocturnas do mar e vórtices de espazo onde flotaban retallos de néboa negra ante finos resplandores dunha bruma de frío púrpura. E detrás de todo isto albiscou un infinito pozo de negrura, onde as formas sólidas e semisólidas só se distinguían polo seu tremor, e uns patróns anubrados de enerxía que semellaban querer mesturar orde e caos para crear unha chave a todos os paradoxos e arcanos dos mundos que coñecemos.

Logo, de súpeto, o feitizo rachou por un acceso de pánico corrosivo e intanxíbel. Blake tuseu e apartouse da pedra, consciente dunha presenza informe e extraterrestre próxima a el que o estaba a ollar cunha atención irresistible. Sentiuse enredado con algo, algo que non estaba na pedra, mais que ollaba para el directamente a través dela, algo que era quen de segui-lo sen descanso cun sentido que non era o da vista. Estaba claro que o lugar estaba a afectarlle os nervios, do mesmo xeito que a visión do seu horrendo achado. A luz estaba a se esvaecer tamén e, como non traía lanterna consigo, soubo que debía de marchar axiña.

Foi daquela, na crecente penumbra, cando pensou ver unha esvaída traza de luminosidade naquela pedra de ángulos delirantes. Intentara apartar a vista dela, mais algunha escura compulsión arrastroulle os ollos de volta. Había unha sutil fosforescencia de radioactividade arredor daquela cousa? Que era o que dicían as notas do morto sobre un Trapezoedro Resplandecente? Que era este abandonado cubil de maldade cósmica? Que fixeran naquel lugar e que habería aínda arrastrándose

entre as sombras clausuradas do campanario? Agora semellaba que aparecera un lixeiro toque de fedor nalgún lugar próximo, aínda que non podía determinar a súa orixe. Blake buscou a tapa da caixa que levaba moito tempo aberta e fechouna dun golpe. Esta moveuse con facilidade sobre as súas estrañas bisagras e fechouse completamente sobre a pedra, que estaba a brillar sen o mínimo asomo de dúbida.

Cando a tapa bateu ouviuse unha especie de sacudida que parecía proceder da eterna escuridade que había sobre a súa cabeza, do outro lado da trapela. Ratas, non había dúbida, elas eran as únicas criaturas viventes que atopara neste maldito lugar desde que entrara. Así e todo, esta sacudida no campanario asustouno terriblemente, así que correu case enlouquecido escaleiras abaixo, atravesou a nave fantasmal até o soto abovedado e saíu á penumbra da praza deserta, baixando polas abondosas e estarrecedoras ruelas e avenidas de Federal Hill cara á cordura das rúas do centro e as hospitalarias beirarrúas de tixolo do distrito universitario.

Durante os días seguintes Blake non lle falou a ninguén da súa expedición. O que fixo foi ler moito certos libros, examinar os xornais de varios anos atrás na hemeroteca e traballar sen descanso sobre o criptograma escrito naquel volume encadernado en coiro que atopara na vetusta sancristía. O sistema de cifrado, como comprobou axiña, non era nada sinxelo, e logo de grandes esforzos chegou á conclusión de que a lingua que se achaba detrás non podía ser inglés, latín, grego, francés, español, italiano nin alemán. Evidentemente tería que mergullarse en pozos máis fondos de estraña erudición.

Cada serán o vello impulso de ollar para o oeste volvía e miraba para o campanario negro como se fose un anaco de pasado que asoma entre os tellados dun mundo distante e medio fabuloso. Mais agora espertáballe un novo sentimento de terror. Sabía da herdanza de sabedoría maldita que albergara, e con este coñecemento a súa visión tomaba novos camiños alborotados. Os paxaros da primavera volvían e cando ollaba os seus voos vespertinos imaxinaba que evitaban a descarnada e solitaria

torre máis que nunca. Cando unha bandada deles se lle aproximaba, cría ver como daban volta e fuxían con pánico e confusión, e podía imaxinar os seus chíos salvaxes que non era quen de ouvir na distancia.

Foi en xuño cando o diario de Blake recolle a súa vitoria sobre o criptograma. Segundo descubrira, o texto estaba escrito no escuro idioma Aklo, empregado en certos cultos de maligna antigüidade e que el coñecía máis ou menos grazas a unhas investigacións previas. Dun xeito ben raro, o diario evita mencionar o que descifrou, mais fica claro que estaba moi desconcertado polo resultado. Hai referencias ao que Asexá na Escuridade, que é espertado cando se ollá para o Trapezoedro Resplandecente, e algunhas conxecturas demenciais sobre os negros abismos do caos dos que era convocado. Menciónase que o ser é gardián de toda a sabedoría, mais que demanda sacrificios monstruosos. Algunhas das anotacións de Blake amosan o seu medo a que tal criatura, que podía ser convocada cunha mirada, saíse de novo ao mundo, malia que engade que a iluminación das rúas é unha barreira que non pode cruzar.

Tamén fala a miúdo do Trapezoedro Resplandecente, do que di que é unha xanela a todo o tempo e o espazo, e traça a súa historia desde os días en que foi creado no escuro Yuggoth, antes mesmo de que os Antigos o trouxesen ao mundo. Foi atesourado e colocado na súa estraña caixa polas criaturas crinoideas da Antártida e recuperado das súas ruínas polos homes-serpe de Valusia, e eóns máis tarde adorado en Lemuria polos primeiros seres humanos. Cruzou estrañas terras e estraños mares e afundiuse con Atlantis até que un pescador minoico o rescatou coa súa rede para llo vender aos mercadores de pel escura da sombría Khem. O faraón Nephren-Ka construíu ao seu redor un templo cunha cripta sen xanelas e os seus actos fixeron que o seu nome fose borrado de todos os monumentos e rexistros. Logo durmiu nas ruínas daquela basílica maldita que os sacerdotes e o novo faraón destruíron, até que a pa o volveu sacar á luz para mal da humanidade.

A comezos de xullo os xornais corroboraron as anotacións de Blake, malia que dun xeito breve e casual, e que só un deles conseguiu reclamar suficiente atención. Polo visto un novo terror estaba a agromar en Federal Hill desde que un forasteiro entrara na temida igrexa. Os italianos murmuraban que se ouvían estraños renxidos, golpes e rabuñaduras no campanario escuro e sen xanelas, e chamaban polos seus sacerdotes para que escorrentasen o ente que os asexaba nos soños. Dicían que algo estaba a espreitar constantemente na porta á espera de que estivese o escuro dabondo como para aventurarse a saír. As notas de prensa mencionaban tamén as vellas supersticións locais, mais non atinaron a botar moita máis luz sobre o que había de fondo nestes terrores. Estaba claro que os novos xornalistas actuais non son anticuarios. Cando escribe estas cousas no seu diario, Blake deixa ver un certo sentimento de remorso e fala da necesidade de enterrar o Trapezoedro Resplandecente e de escorrentar aquilo que el invocara deixando entrar a luz do día naquel campanario aborrecíbel. Porén, ao mesmo tempo amosa unha perigosa extensión da súa fascinación e admite que mesmo nos seus soños o invade unha ansia constante por visitar aquela torre maldita e volver dexergar os misterios cósmicos da pedra escintilante.

Logo algo que se publicou no *Journal* a mañá do 17 de xullo fixo que caese nunha auténtica febre de terror. Era só unha máis das historias medio xocosas sobre a inquietude en Federal Hill, mais para Blake foi algo verdadeiramente estarrecedor. Durante a noite, unha tormenta eléctrica deixara a cidade sen iluminación pública durante unha hora e nese negro intervalo os italianos case se volveran loucos de espanto. Os que vivían nas proximidades da temida igrexa xuraran que a cousa que habitaba o campanario aproveitara a escuridade das rúas para baixar á nave da igrexa, batendo as ás dun xeito viscoso e ao mesmo tempo terríbel. Finalmente subira á torre, onde houbo uns sons de vidros rotos. Podía ir até onde chegase a escuridade, mais a luz sempre a facía fuxir.

Cando volveu a electricidade houbo toda unha conmoción no

campanario, xa que mesmo a feble luz que se podía escoar polas escurecidas xanelas tapadas con celosías era demasiado para aquel ser. Volvera arrastrándose até o seu tenebroso campanario xusto a tempo, xa que unha longa exposición á luz podía facela volver ao abismo de onde o louco forasteiro a convocara. Durante a hora escura, a multitude xuntouse baixo a chuvia para rezar arredor da igrexa con candeas acesas e farois cuxa chama conseguían manter prendida como podían, tapándoa con papeis e paraugas. Eran unha garda de luz para protexer a cidade do pesadelo que se arrastraba na escuridade. Os que estaban máis preto da igrexa aseguraran que unha vez a porta batera cun son terríbel.

Mas aquilo non fora o peor. Aquela tarde, Blake leu no *Bulletin* o que atoparan uns reporteiros. Conscientes finalmente da importancia daquelas novas sobre o terror do lugar, un par deles desafiaron as fanáticas multitudes de italianos e entraron na igrexa pola xanela do soto logo de tentear as portas en balde. Descubriron que o po do vestíbulo e da nave fantasmal fora varrido dun xeito singular e que había anacos de coxíns e de forro dos bancos arrincados e tirados arredor. Tamén había un fedor que o inundaba todo, e aquí e acolá víanse manchas amareladas e zonas que semellaban como queimadas. Cando abriron a porta que daba á torre pararon un momento ao parecerlles ouvir un ruído de rabuñaduras arriba, e descubriron que nas estreitas escaleiras de caracol varreran completamente o po.

Na torre acontecía o mesmo. Falaron sobre o piar heptagonal, as cadeiras góticas e as estrañas esculturas, mais, por estraño que pareza, non fixeron nin unha mención á caixa de metal ou ao esqueleto mutilado. O que máis perturbou a Blake, quitando o tema das manchas, as queimaduras e o fedor, foi o detalle final que falaba dos vidros rotos. Todas e cada unha das xanelas góticas da torre estaban rotas, e dúas delas foran tapiadas dun xeito apresurado e basto, colocando anacos de tea e recheo de coxíns nos espazos abertos das celosías. Había máis anacos destes materiais tirados polo chan acabado de varrer, como se alguén fose

subitamente interrompido no momento de devolver a torre á absoluta escuridade dos días en que as grosas cortinas tapaban as xanelas.

Atoparon manchas amareladas e zonas chamuscadas na escada que subía ao campanario, mais cando un dos xornalistas subiu por ela, deslizou a trapela de corredío e iluminou aquel lugar escuro e estrañamente fedorento co feble raio da súa lanterna, non viu outra cousa que escuridade e unha morea de lixo de distintos tipos preto da abertura. O veredicto, como non, foi de andrómena. Alguén lles gastara unha broma aos supersticiosos habitantes do outeiro, ou ben algún fanático se esforzara por amplificar os seus medos polo seu ben. Ou quizais algúns dos habitantes máis novos e sofisticados do barrio preparara un elaborado engano. Houbo unha cómica conclusión ao asunto cando a policía enviou un axente para verificar o que dixeran os xornalistas. Tres homes, un despois do outro, atoparon escusas para se zafar da tarefa, e un cuarto foi sen ningunha gana e volveu ben pronto sen nada máis que engadir ao comunicado dos reporteiros.

De aquí en diante o diario de Blake amosa unha crecente marea de terror e ansiedade. Recrimínase o feito de non facer nada e especula dun xeito louco sobre as consecuencias doutro corte eléctrico. Verificouse que chamou tres veces, as tres durante tormentas, á compañía eléctrica completamente alterado para preguntarlles polas medidas que tomaran para evitar un corte. Unha e outra vez as súas anotacións volven ao feito de que os xornalistas non atopasen a caixa de metal coa pedra e tampouco o esnaquizado esqueleto cando exploraron a sombriza estancia da torre. Supuña que tales evidencias foran agochadas, e só se podía imaxinar quen ou que o fixera. Mais os seus peores medos tiñan a ver consigo mesmo e a especie de conexión impía que sentía que se daba entre a súa mente e aquel horror reptante do afastado campanario, aquela entidade monstruosa que fora convocada dos máis remotos espazos negros pola súa imprudencia. Sentíase como se lle estivesen turrando pola vontade constantemente e os que o visitaron naquel período lembran como ficaba

sentado e abstraído no seu escritorio e ollaba pola xanela que daba ao oeste para aquel afastado outeiro coroado de campanarios que se erguía detrás do fume ondulante da cidade. As súas anotacións céntranse, monótonas, nalgúns soños terríbeis e no fortalecemento da súa conexión durante os mesmos. Menciona que unha noite acordou completamente vestido, estaba na rúa e camiñaba como un autómatas por College Hill cara ao oeste. Unha e outra vez volve ao feito de que a cousa do campanario sabe como atopalo.

A semana que seguiu ao 30 de xullo lémbrese como o momento en que Blake perdeu boa parte da súa cordura. Non se vestía e pedía de comer por teléfono. Os que o visitaron chaman a atención sobre as cordas que tiña preto da cama, posto que afirmaba que o seu somnambulismo o obrigaba a atar os nocellos cada noite cuns nós que ou ben o manterían inmóvil ou ben o espertarían polo intenso labor de desatalos. No seu diario conta a arrepiante experiencia que o levou ao colapso. Logo de ir durmir a noite do 30 de xullo, de súpeto atopouse tenteando nun espazo moi escuro. O único que podía ver eran as finas liñas horizontais dunha luz azulada, mais podía notar un fedor moi intenso e ouvir unha curiosa confusión de sons suaves e furtivos por riba del. Daba igual onde se movese, pois sempre tropezaba con algo, e cada ruído que producía recibía unha especie de resposta desde arriba, un vago renxido mesturado cun son cauteloso de algo que se arrastraba sobre a madeira.

Nunha destas, as súas mans atoparon un piar de pedra cuxo extremo superior estaba baleiro, e logo atopouse a si mesmo subindo por unha escada cravada na parede e avanzando inseguro para arriba, a algunha rexión onde o fedor era máis intenso e onde un raio quente e abrasador o golpeou. Ante os seus ollos apareceron unha serie de imaxes fantasmais e calidoscópicas e todas elas esvaecíanse a intervalos sobre a visión dun vasto abismo de noite onde xiraban soles e mundos dun negro aínda máis intenso. Pensou nas antigas lendas do Caos Definitivo en cuxo centro está escarranchado Azathoth, o deus idiota, Señor de Todo, rodeado da

súa horda de danzantes amorfos e descerebrados, e arrolado polo agudo e monótono chifrar dunha frauta demoníaca que tocan unhas gadoupas sen nome.

Logo unha forte percepción do mundo exterior rompeu o seu estupor e espertouno a un horror insoportábel. Nunca o chegou a saber o que aconteceu na realidade, mais se cadra foi o estoupido dalgunha das bombas que botan en Federal Hil nas numerosas festas estivais en honra dalgún dos moitos santos que adora a veciñanza. En calquera caso deitou un berro, deixouse caer da escada e avanzou cego e a tombos polo chan da estancia case cegada na que se achaba.

De socato soubo onde se encontraba, polo tanto precipitouse escaleiras abaixo, dándose golpes a cada momento. Fixo unha carreira de pesadelo a través da vasta nave cuberta de arañeiras, cuxos arcos fantasmais se erguían até uns reinos de sombras asexantes. Logo unha confusa pelexa no soto cheo de lixo, un ascenso até o ceo aberto e as luces das rúas do exterior e unha fuxida de loucura outeiro abaixo, flanqueado pola confusión de tellados e a través dunha cidade sombriza e silenciosa de torres negras até un abrupto precipicio ao leste, a súa antiga porta.

Cando recuperou a consciencia pola mañá atopouse deitado no chan do seu estudio, completamente vestido. Estaba cuberto de roña e de arañeiras, e cada centímetro do seu corpo parecía estar magoado ou denegrado. Cando se colocou fronte ao espello viu que tiña o cabelo medio queimado mentres que as súas roupas despedían un fedor estraño e maligno. Foi daquela cando perdeu os nervios. Logo diso non fixo outra cousa que descansar envolvido nunha bata, mirar pola xanela occidental, tremer cada vez que soaba un trono e facer anotacións demenciais no seu diario.

A gran treboada estoupou xusto antes da media noite do 8 de agosto. Os raios bateron repetidamente sobre toda a cidade e informouse de dúas importantes bólas de lume. A chuvia era torrencial e o bater constante dos tronos sacou do soño a miles de persoas. Blake rozaba a desesperación

polo medo que tiña a que fallase o sistema eléctrico e tentou telefonar á compañía arredor da unha da mañá, mais a esas horas o servizo estaba temporalmente cortado por cuestións de seguridade. Anotouno todo no seu diario: aqueles grandes, nerviosos e a miúdo indescifráveis xeroglíficos que contaban a súa propia historia de crecente terror e desespero e as anotacións esborrachadas ás cegas na escuridade.

Tiña que manter o lugar escuro para poder ver pola xanela e polo visto pasou case todo ese tempo sentado no escritorio, esculcando con ansia a través da chuvia a constelación de luces distantes que formaba Federal Hill, a quilómetros de distancia. De cando en vez facía unha anotación ás cegas no diario, das que se poden citar frases como «Non pode marchar a luz», «el sabe onde estou», «debo destruílo», ou «estame a chamar, mais ao mellor desta volta non quere facerme dano». Todas elas aparecen espaxadas nun par de páxinas.

Logo as luces apagáronse por toda a cidade. Aconteceu ás 2:12 da mañá, segundo o rexistro da central eléctrica, mais o diario de Blake non indica a hora exacta. A anotación di simplemente: «As luces apagáronse, que Deus me axude». Sobre Federal Hill había algunha xente tan nerviosa coma el, e moreas de persoas enchoupadas pola chuvia saíron en procesión polas prazas e as rúas para rodear a maligna igrexa con candeas protexidas por paraugas, con lanternas, lámpadas de aceite, crucifixos e entoando escuros cánticos típicos do sur de Italia. Bendicían o estoupido de luz de cada lóstrego e fixeron crípticos acenos de medo coa man dereita cando un cambio no trebón esmoreceu os raios até que finalmente pararon. Un vento crecente apagou case todas as candeas e a escena volveuse ameazadoramente escura. Alguén foi espertar o pai Merluzzo da igrexa do Spirito Santo, quen chegou ás présas até a praza sombriza para pronunciar as poucas palabras de axuda que puido. Ninguén pode dubidar dos constantes e estraños sons que se produciron na torre denegrada.

Sobre o que aconteceu ás 2:35 temos o testemuño do cura, que era

unha persoa nova, intelixente e de boa educación. Tamén temos o testemuño do axente William J. Monohan, de Central Station, un funcionario da maior confianza que se detivo no lugar para ver que acontecía con aquela multitude, e despois tamén temos o testemuño de case todos os setenta e oito homes que se congregaron arredor do alto muro do adro, especialmente daqueles que tiñan á vista a fachada oriental da igrexa. Está claro que non se pode probar que acontecese nada fóra da orde natural das cousas. As posíbeis causas daquilo puideron ser moitas. Ninguén pode falar con total seguridade sobre os escuros procesos químicos que se poden dar nun edificio vasto, antigo, mal aireado, abandonado durante moito tempo e cheo de diferentes cousas. Vapores mefíticos, combustión espontánea, gases a presión produto da podremia... Todo un enorme número de fenómenos poderían ser os responsábeis. E logo, abofé, tamén está o factor da charlatanaría consciente, que non pode ser excluído. A cousa en si mesma foi bastante simple e durou menos de tres minutos. O pai Merluzzo, sempre preciso, ollou para o reloxo repetidas veces.

Comezou cun claro aumento dos sons apagados que se estaban a producir no interior da torre negra. Durante algún tempo a xente levaba notando un estraño fedor que proviña da igrexa, e este fíxose agora moito máis forte e desagradábel. Logo produciuse un son de madeira que escacha e un obxecto enorme e pesado caeu ao adro xusto debaixo da fachada oriental. A torre non se vía agora que as candeas estaban apagadas, mais cando o obxecto se foi aproximando ao chan a xente soubo que se trataba da afumada celosía da xanela oriental do campanario.

Decontado un fedor completamente insoportábel baixou desde as alturas invisíbeis, facendo tusir e mareando os trémulos espectadores, que mesmo fixo caer redondo a máis dun. Ao mesmo tempo o ar tremeu como cun bater dunhas ás e un súbito vento do leste, máis violento que calquera outro refacho anterior, arrincou os sombreiros e estragou os

paraugas da multitude. Non se puido ver nada ben definido na noite sen luces, aínda que algúns dos observadores que estaban ollando para a arriba pensaron albiscar unha grande mancha de negrura máis escura que a noite que se estendeu sobre o ceo, igual que unha nube informe de fume, que saíu disparada a unha velocidade vertixinosa para o leste.

Iso foi todo. Os espectadores estaban medio atordados polo medo, o abraio e a incomodidade, e apenas souberon o que facer ou se había algo que facer. Ao non saberen o que acontecera, non relaxaron a súa vixilia e un intre despois elevaron unha pregaria cando un forte estoupido de luz dun lóstrego tardío, seguido polo enxordecedor toar do trono, rachou os ceos inundados. Media hora máis tarde a chuvia parara e quince minutos despois as luces da rúa volveron acenderse, polo que os cansos e enchoupados espectadores retornaron aos seus fogares.

Os xornais do día seguinte non lle deron maior eco a estes asuntos dentro de todas as novas sobre a treboada. Polo visto o enorme lóstrego e a atronadora explosión que seguiron aos eventos de Federal Hill foron máis tremendos aínda no leste, onde tamén se notou a aparición dun fedor moi particular ao mesmo tempo. O fenómeno foi máis marcado sobre College Hill, onde o trono espertou a todos os habitantes que durmían naquel momento e produciu toda clase de especulacións. Dos que xa estaban espertos cando se produciu, só uns poucos viron o anómalo alustro preto do alto do outeiro ou notaron o inexplicábel refacho de vento que case arrinca todas as follas das árbores e esmaga as plantas dos xardíns. Todo o mundo estaba de acordo en que o solitario e repentino relampo debera de caer nalgún lugar do barrio, mais non atoparon trazas de onde fora. Un mozo da irmandade Tau Omega creu ver unha grotesca e abominábel masa de fume no ar xusto antes do estoupido, mais esta observación non se puido corroborar. O resto dos escasos observadores, no entanto, están de acordo no violento vento que se levantou do oeste e na aparición dun cheirume intolerábel que precedeu ao demorado raio, e o acordo sobre o momentáneo cheiro a

queimado que se produciu logo da explosión tamén é algo común.

Todas estas cuestións foron discutidas moi devagar pola súa posíbel conexión coa morte de Robert Blake. A mañá do día nove uns estudantes da residencia Psi Delta, cuxas xanelas miraban cara ao estudio de Blake fixéronse no rostro esvaído que se vía tras a ventá occidental e notaron que aquela expresión tiña algo estraño. Cando viron o mesmo rostro na mesma posición á tardiña preocupáronse e agardaron a ver se no apartamento se acendía algunha luz. Máis tarde foron tocar o timbre do apartamento escuro e finalmente un policía acabou por forzar a porta.

O corpo ríxido estaba sentado no escritorio, canda a xanela, e cando viron os ollos vidrosos e avultados e as marcas do pánico máis arrepiante nos seus trazos deformados tiveron que mirar para outro lugar horrorizados. Pouco despois un forense examinou o cadáver e malia que a xanela non estaba rota o seu veredicto foi de morte por descarga eléctrica ou ben de ataque nervioso inducido por unha descarga eléctrica. Ignorou completamente a abominábel expresión do seu rostro, atribuíndolla a un resultado ben probábel dunha conmoción vivida por unha persoa de imaxinación tan anormal e emocións tan pouco equilibradas. Isto último deduciuno polos libros, as pinturas e os manuscritos que atopou no apartamento, e polas anotacións esborranchadas ás escuras do diario que había sobre a mesa. Blake prolongou os seus apuntamentos delirantes até o final, e atoparon o seu lapis coa punta rota apertado na súa man dereita.

As entradas posteriores á caída da electricidade eran moi confusas e só lexíbeis por partes. A partir delas, algúns investigadores tiraron conclusións ben diferentes do materialista veredicto oficial, mais tales especulacións poucas oportunidades teñen de seren cridas entre os máis conservadores. A causa destes imaxinativos teóricos non se viu moi axudada polos actos do supersticioso doutor Dexter, que foi quen guindou ao máis fondo do canal da baía de Narragansett a estraña caixa coa súa pedra de raros ángulos, un obxecto que brillaba con luz propia no negro campanario sen xanelas onde fora atopado. A interpretación de

maior consenso que se deu ás súas anotacións demenciais foi un exceso de imaxinación e un desequilibrio neurótico, agravados polo coñecemento do desaparecido culto maligno cuxas abraiantes pistas descubrira. Estas son as anotacións, ou todo o que se pode entender delas:

As luces aínda están apagadas, deberon de pasar cinco minutos. Todo depende dos lóstregos. Yaddith queira que se manteñan!... Parece que algunha forza oculta está a actuar detrás de todo isto... A chuvia e os tronos e o vento son enxordecedores... A cousa está tomando o control da miña mente...

Problemas coa memoria. Vexo cousas das que nunca antes soubera nada. Outros mundos e outras galaxias... Escuridade... A luz semella escuridade e a escuridade luz...

Non poden ser o outeiro e a igrexa auténticos os que vexo nesta negrura extrema. Deben de ser as impresións que deixan os relampos na retina. Prégolle ao ceo que os italianos estean fóra coas súas candeas se a tormenta para.

De que teño medo? Non foi logo un avatar de Nyarlathotep o que na antiga e sombriz Khem mesmo chegou a tomar forma humana? Lembro Yuggoth e a máis distante Shaggai e o baleiro definitivo dos planetas negros...

O longo e axitado voo a través do baleiro... non pode cruzar o universo da luz... recreado polos pensamentos atrapados no Trapezoedro Resplandecente... enviado a través dos estarrecedores abismos luminosos...

Chámome Blake, Robert Harrison Blake, East Knapp Street número 620, Milwaukee, Wisconsin... Estou neste planeta...

Azathoth sexa piadoso! Xa non hai lóstregos... é horríbel... podo velo todo cun sentido monstruoso que non é o da vista... a luz é escuridade e a escuridade é luz... esa xente sobre o outeiro... fan garda... candeas e oracións... os seus curas...

∩
A percepción da distancia desapareceu, lonxe é preto e preto é lonxe. Non hai luz... non hai vidro... ollo o campanario... a torre... a xanela... podo ouvir... Roderick Usher... louco ou volvéndome louco... a entidade está arrastrándose e sacudíndose na torre. Eu son ela e ela é eu... quero saír... debo saír para unirmos as forzas... ela sabe onde estou...

Son Robert Blake, mais vexo a torre na escuridade.

Hai un fedor monstruoso... os sentidos transfigurados...

Subido á xanela na torre que cede... Iä... ngai... ygg...

Véxoa... ven para aquí... vento infernal... borrancho titánico... á negra... Yog Sothoth sálvame... o ollo ardente de tres lóbulos...



Título orixinal:
The Shadow Over Innsmouth,
The Haunter of the Dark.

Licenza do texto orixinal:
Dominio Público
Licenza da tradución:
CC 3.0 by-nc-nd España

Tradución:
Tomás González Ahola

Revisión:
Helena Bermúdez Sabel,
Raquel López Veleiro

Deseño de cuberta:
Denís Fernández Cabrera

Maquetación:
Sacauntos Cooperativa Gráfica

1ª edición en papel: 2010
1ª edición en ebook: 2020

Edita:
Urco Editora
R/do Avío 11, baixo
15705, Compostela, Galiza
info@urcoeditora.com

Obra dixital realizada ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo
2021 da Xunta de Galicia



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

A versión orixinal en papel deste título recibiu unha axuda da

Consellería de Cultura e Turismo, Dirección Xeral do Libro Bibliotecas e Arquivos, na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2011, consistente no 53,57% dos honorarios do tradutor.



Podes atopar a edición en papel deste e outros títulos de fantasía, ciencia ficción e terror no web de Urco Editora.

Formato eBook diagramado pola Sacauntos Cooperativa Gráfica utilizando o software libre Sigil, Inkscape, GIMP e LibreOffice.

Esta obra está publicada baixo unha licenza de Recoñecemento-Non comercial sen obra derivada 3.0 España de Creative Commons (CC 3.0 by-nc-nd). Isto significa que es libre de a copiar e distribuír sempre e cando cites a fonte e sexa sen ánimo de lucro

OUTROS TÍTULOS DA
BIBLIOTECA H. P. LOVECRAFT:

Podes comprar copias en papel e descargar versións dixitais gratuítas da obra completa do Solitario de Providence nas seguintes ligazóns:

1. A chamada de Cthulhu e outros contos de terror cósmico
2. O horror de Dunwich e O que murmura na escuridade
3. Nas montañas da loucura
4. A sombra sobre Innsmouth e O que asexo na escuridade
5. A cousa no limiar e A sombra fóra do tempo
6. Fungos de Yuggoth. Poemas impíos
7. Contos do Ciclo do Soño
8. A procura soñada de Kadath a Descoñecida
9. O terror sobrenatural na literatura
10. Alén do muro do soño e outros contos macabros
11. Herbert West, o reanimador e outras historias arrepiantes
12. As ratas nas paredes e outras historias de medo
13. A cor do espazo exterior e outros contos sobrenaturais
14. O caso de Charles Dexter Ward
15. De re Lovecraftiana – ensaios e proposta didáctica

